

**Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 10/10/2016**

Orden do día:

1. Informes de coordinación académica.
2. Proposta de publicación das actas da Comisión.
3. Creación de grupos de centro.
4. Proposta de táboas de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Química da Universidade de Vigo.
5. Procedemento de asignación de títos e presentación de propostas de TFG.
6. Criterios de avaliación da convocatoria fin de carreira.

Ás 12:00 do día 10 de outubro de 2016 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Jorge Rivera Gómez	Representante do COETIL

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiana por ter docencia á mesma hora no GEPQI.

A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes de coordinación académica.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador do Título o cal indica de que nesta ocasión non se recibiron informes, pero está pendente de emitir o relativo a unha reunión de coordinación de 4º curso.

2. Proposta de publicación das actas da Comisión.

O Decano indica que seguindo as recomendacións da Área de Calidade da USC, dada a súa experiencia acumulada, e tamén co obxecto de ir un paso máis adiante no que á información pública se refire, sería conveniente que se procedera á publicación das actas das reunións das Comisións do Título.

Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto **os asistentes acordaron por unanimidade a publicación na páxina Web do Centro das actas das reunións da Comisión que se celebren a partir desta data, unha vez sexan aprobadas, incluíndo xa a da reunión de hoxe.**

3. Creación de grupos de centro.

O Decano informou de que o profesorado da materia Expresión Gráfica e DAO manifestou problemas de espazo nas aulas de informática dado o incremento producido no nº de alumnos matriculados na materia. Como por nº de alumnado non é posible a constitución dun grupo de docencia de PDA a única solución posible e solicitar a Vicerreitoría correspondente un grupo de centro adicional. Tanto o profesorado responsable da materia como o departamento manifestaron a súa conformidade para a creación deste grupo de centro.

Os asistentes acordan por unanimidade solicitar á Vicerreitoría correspondente a creación dun grupo adicional de centro de docencia interactiva de laboratorio para a materia Expresión Gráfica e DAO. Tamén acordan delegar no Decano para que solicite os grupos de centro nas materias nas que se precise sempre co acordo do departamento correspondente.

4. Proposta de táboas de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Química da Universidade de Vigo.

O Decano indica que como consecuencia de que se recibiron solicitudes de recoñecemento de alumnado procedente do Grao en Química da Universidade de Vigo, que tiñan moi avanzados os estudos desta titulación, é unha boa ocasión para a elaboración de táboas de recoñecemento entre as dúas titulacións. Para iso, solicitóuselle ao profesorado do Grao informes de recoñecemento das materias e confeccionouse unha táboa a que deu lectura indicando as materias que contaban con informe favorable e desfavorable. Finalmente, os asistentes acordaron por unanimidade **aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais de alumnos procedentes da titulación de Grao en Química da Universidade de Vigo, do plano de estudos segundo o BOE do 01/11/2010:**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS					
TITULACIÓN:	G4031P01	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 22/02/2011						
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDADE DE VIGO					
CENTRO:		FACULTADE DE QUÍMICA					
TITULACIÓN:		GRAO EN QUÍMICA					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 01/11/2010						
GRAO EN QUÍMICA				GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
G200102	Física: Física I	FB	6				
G200201	Física: Física II	FB	6				
G200103	Química, física e bioloxía: Laboratorio integrado I	FB	6	G4031101	Física I	FB	6
G200202	Química, física e xeoloxía: Laboratorio integrado II	FB	6	G4031106	Física II	FB	6
G200104	Matemáticas: Matemáticas I	FB	6	G4031102	Matemáticas I	FB	6
G200203	Matemáticas: Matemáticas II	FB	6				
G200402	Métodos numéricos en química	OB	6	G4031107	Matemáticas II	FB	6
G200105	Química: Química I	FB	6				
G200204	Química: Química II	FB	6	G4031103	Química I	FB	6
G200103	Química, física e bioloxía: Laboratorio integrado I	FB	6	G4031108	Química II	FB	6
G200502	Enxeñaría química	OB	9	G4031121	Fundamentos de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	OB	6
G200303	Química física I	OB	6				
G200403	Química física II	OB	9	G4031221	Termodinámica Aplicada	OB	6
G200404	Química inorgánica I	OB	9	G4031223	Química Inorgánica	OB	6
G200302	Química analítica I	OB	9	G4031224	Química Analítica	OB	6
G200603	Química física III	OB	9	G4031228	Cinética Química	OB	6
G200304	Química orgánica I	OB	9				
G200504	Química orgánica II	OB	6	G4031229	Química Orgánica	OB	6
G200702	Química de materiais	OB	6				
G200404	Química inorgánica I	OB	9	G4031325	Ciencia de Materiais	OB	6
G200904	Química industrial	OP	6	G4031422	Procesos de Química Industrial	OB	6
G200902	Química ambiental	OP	6	G4031442	Química e Control Ambiental	OP	6
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATER. NON RECOÑECIDAS	CAR.	CRÉD.
G200401	Ferramentas informáticas e de comunicación en química	OB	6				
G200402	Métodos numéricos en química	OB	6	G4031104	Informática	FB	6

Non hai correspondencias significativas en programa. Non hai correspondencia cos obxectivos e competencias que establece o plano de estudos

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

As restantes materias do GEPQI non se citan ao non proceder o seu recoñecemento.

5. Procedemento de asignación de títulos e presentación de propostas de TFG.

O Decano recórdalles aos asistentes que na anterior reunión da Comisión se aprobou a proposta

de Normativa de TFG do GEPQI. Unha vez feito isto, o seguinte paso é o desenvolvemento dalgúns procedementos para cuestións tales como a asignación de titores a TFG e presentación de propostas.

No artigo 3.1 entre as competencias da Comisión do GEPQI está “aprobar a proposta das liñas temáticas e temas, previa consulta aos departamentos con docencia no título” e no 5.2. indícase “os departamentos con docencia na titulación comunicarán cada curso académico ao centro o listado de titores e temas dos traballos”.

Tendo en conta o anterior, nos vindeiros días o Centro poñerase en contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando na actualidade, co obxecto de que manifesten a súa conformidade ou transmitan as suxestións oportunas, e comuniquen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Así, na seguinte reunión da Comisión traerase, para análise e aprobación se procede, una proposta de procedemento de asignación de titores e presentación de propostas de TFG que xa se está elaborando. Por este motivo, a entrega de propostas de TFG para o alumnado, que estaba previsto que rematara o vindeiro día 28 de outubro, aprazase ata o vindeiro 27 de novembro para que se poda aprobar previamente o procedemento de asignación de titores e presentación de propostas de TFG.

Os asistentes **aceptan por unanimidade fixar o 27 de novembro como data máxima de presentación de propostas de TFG para o alumnado e a relación de liñas temáticas a propoñer aos departamentos (procesos químicos industriais, industria alimentaria, produción de enerxía, instalacións industriais e domésticas, sustentabilidade e medioambiente e tecnoloxías industriais).**

6. Criterios de avaliación da convocatoria fin de carreira.

O Decano informou de que por primeira vez este curso académico se produciron solicitudes de alumnado para concorrer á convocatoria fin de carreira, da cal fixo un pequeno resumo.

Despois dun intercambio de impresións **os asistentes acordan por asentimento o seguinte:**

- **Para a materia afectada no actual curso académico conservarlle ao alumnado o aprobado que xa tiña nas prácticas e realizar o/os exame/s para avaliar o resto das partes da materia que non están superadas.**
- **Para os seguintes cursos académicos especificarase na guía docente como se vai levar a cabo a avaliación da convocatoria fin de carreira.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos




Asdo.: Concepción Gay González

Relación de asistentes

Decano	José Manuel Martínez Ageitos
Responsable do Centro do Título	Aida Joyar Ramos
Coordenador do Título	Gerardo Pereira González
Coordenador do módulo Formación Básica e 1º curso	Juan Manuel Oquendo Amor
Coordenador do módulo Tecnoloxía Española Química Industrial a 2º curso	Mª José Vázquez Vela
Coordenador do módulo Común e Ramo Industrial e 3º curso	Eugenio Fernández Casanova
Coordenador do módulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Marcelos Novo Rodríguez
Coordenador do 4º curso	Juan A. Seixas Vázquez
Coordenador do Traballo Fin de Grao	Carlos Antón Ares
Membro do PAE e Secretarías	Concepción Gay González
Alumnos	Valeria Quiñones F. áez

O Decano e Presidente comenza aos puntos da orde do día.

1. Informe de coordinación académica.

O Decano establece a política do Título e así indica de que neste decurso se recibiu un informe de coordinación académica do Coordinador do 4º curso. A comisión do título, ao mesmo e os asistentes acordaron por unanimidade incorporalo como ANEXO I a este

acto.

2. Aprobación, se procede, das listas técnicas de TFG.

O Decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do DEPO

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 08/11/2016

Orden do día:

1. Informes de coordinación académica.
2. Aprobación, se procede, das liñas temáticas de TFG.
3. Aprobación, se procede, do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.
4. Modificación, se procede, da Rúbrica do TFG.

Ás 10:00 do día 8 de novembro de 2016 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes de coordinación académica.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador do Título o cal indica de que nesta ocasión se recibiu un informe de coordinación académica do Coordinador do 4º curso. A continuación deu lectura ao mesmo e os asistentes **acordaron por unanimidade incorporalo como ANEXO I a este acta.**

2. Aprobación, se procede, das liñas temáticas de TFG.

O Decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI

aprobada recentemente, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando na actualidade, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da proposta remitida xunto coa convocatoria, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO II á presente acta.**

3. Aprobación, se procede, do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.

O Decano informou de que en relación á Normativa de TFG do GEPQI aprobada recentemente, é preciso establecer un procedemento para a asignación de titores e propostas de TFG.

Tras o debate da proposta remitida xunto coa convocatoria, os asistentes **aproban por unanimidade o Procedemento de Asignación de Titores e Propostas de TFG do GEPQI que se acompaña como ANEXO III á presente acta.**

4. Modificación, se procede, da Rúbrica do TFG.

O Decano cedeulle a palabra ao Coordinador do TFG o cal indicou que tras a experiencia dos últimos cursos sobre a utilización da Rúbrica de avaliación do TFG, non parece o máis axeitado que os ítems que se contemplan na mesma teñan o mesmo peso na avaliación final do TFG. Por este motivo propón a discusión sobre a ponderación dos mesmos.

Tras un intercambio de impresións os asistentes **acordan por unanimidade modificar a Rúbrica de avaliación do TFG do GEPQI do xeito seguinte:**

1. Calidade da documentación presentada: máximo 4 puntos (antes 2,5).
2. Calidade da exposición do TFG: máximo 2 puntos (antes 2,5).
3. Defensa do TFG: máximo 2 puntos (antes 2,5).
4. Outros aspectos do proxecto: máximo 2 puntos (antes 2,5).

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 01/12/2016

Orden do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes de coordinación académica.
3. Convocatoria de fin de carreira 2016-17.
4. Propostas de traballos fin de grao.
5. Validacións entre ciclos formativos FP e estudos universitarios.
6. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 1 de decembro de 2016 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mª José Vázquez por coincidirle con titorías de alumnado do GEPQI e do representante do COETIL por motivos persoais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 06/09/2016, 21/09/2016, 10/10/2016 e 08/11/2016, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte

dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes de coordinación académica.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador do Título o cal indica de que nesta ocasión non se recibiron informes.

O Decano informou de que se recibiu informe da Asesoría Xurídica da USC indicando pequenas correccións que era preciso realizar na normativa de TFG do GEPQI e que non afectaban de forma substancial ao contido na mesma. Tras realizar as correccións, recibíuse informe favorable polo que no vindeiro Consello de Goberno é de esperar que sexa aprobada. Atópase dispoñible na Web a versión modificada da mesma.

Tamén indicou que se atopaba aberto o período de enquisas para o alumnado ata o vindeiro 23 de decembro polo que sería conveniente recordarlles a importancia que ten a súa participación neste proceso. Dende o Decanato xa se lles remitiu un correo neste sentido.

3. Convocatoria de fin de carreira 2016-17.

En relación á convocatoria fin de carreira 2016-17, o Decano informou de que só hai unha solicitude que afecta á materia Cinética Química, polo que se tratou de fixar unha data dentro do calendario que fora axeitada para alumnado e profesorado.

Os asistentes **aproban por unanimidade fixar a data do exame da convocatoria fin de carreira 2016-17 o 12/01/2017 ás 10 horas.**

4. Propostas de traballos fin de grao.

O Decano informa de que hai 18 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2016-17 e de que se recibiron un total de 4 propostas ás que foi dando lectura. Tamén deu lectura aos comentarios recibidos por correo electrónico do representante do COETIL que non puido asistir á reunión. Ademais disto, 4 alumnos matriculados non presentaron proposta pero téñena vixente de cursos anteriores.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar todas as propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Álvarez Fernández, Erica	Proceso de Obtención de Biodiesel: Diseño de la Columna de Destilación para la Eliminación de Agua.
Antelo Trillo, Elvio (*)	Proyecto de Planta Depuradora de Aguas Residuales para una Industria Láctea.
<i>(*)Restrinxir o anexo ambiental á xustificación do tipo de procedemento ambiental ao que deberá someterse o proxecto.</i>	
Bermúdez Fernández, Nerea (*)	Diseño de Estación Depuradora de Aguas Residuales (EDAR) para una Población de 5.000 Habitantes Equivalentes.

Nome e Apelidos	Título do TFG
<i>(*)Restrinxir o anexo ambiental á xustificación do tipo de procedemento ambiental ao que deberá someterse o proxecto.</i>	
Botana Gomez, Javier	Proyecto de Producción de Calor para una Calefacción de Distrito y Proceso de Secado de Madera Aserrada a partir de los Residuos Forestales de un Aserradero en O Corgo.
Varela Rodríguez, Bartolome (*)	Proyecto de Fachada Ligera. Muro Cortina para Edificio de Oficinas en Birmingham.
<i>(*)Estimase preciso a modificación do título polo que se indica.</i>	
Vázquez Álvarez, Ángela	Diseño de un Proceso Industrial para la Producción de Jabón a partir de Grasa Animal.
Veiga Pérez, Elena (*)	Proxecto de Secadoiro para a Fabricación de Pellets.
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica.</i>	

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2016-17 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	CO TITOR	ÁREA	%
1	Anelo Trillo, Elvio	Proyecto de Planta Depuradora de Aguas Residuales para una Industria Láctea.	Aida Jover Ramos	755	100%			
2	Botana Gomez, Javier	Proyecto de Producción de Calor para una Calefacción de Distrito y Proceso de Secado de Madera Aserrada a partir de los Residuos Forestales de un Aserradero en O Corgo.	Aida Jover Ramos	755	100%			
3	Perez Gonzalez, Ana María	Proyecto de Instalaciones Necesarias para una Vivienda Energéticamente Autosuficiente	Antonio Rumbo Gómez	765	100%			
4	Testa Revuelta, Alba	Optimización y diseño del sistema de recuperación de calor de una central térmica	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
5	Varela Rodríguez, Bartolome	Proyecto de Fachada Ligera. Muro Cortina para Edificio de Oficinas en Birmingham.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
6	Vázquez Álvarez, Ángela	Diseño de un Proceso Industrial para la Producción de Jabón a partir de Grasa Animal.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
7	Vázquez Fernández, Marta	Proxecto de Instalación dunha Caldeira con Aproveitamento dos Residuos Forestais para a Climatización dunha Piscina nunha Vivenda Unifamiliar	Francisco Fraga López	385	50%	Jorge Rivera Gómez	998	50%
8	Veiga Pérez, Elena	Proxecto de Secadoiro para a Fabricación de Pellets.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			

5. Validacións entre ciclos formativos FP e estudos universitarios.

O Decano informou da petición recibida da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa para a revisión dos recoñecementos entre ciclos formativos de formación profesional e estudos universitarios co obxecto de actualizar o catálogo existente.

Tras unha revisión do mesmo e das ampliacións realizadas nos últimos cursos, detectouse un erro xa que a ampliación do catálogo para os ciclos de Laboratorio de Análise e Control de Calidade e Análise e Control acordada e solicitada o 9 de novembro de 2015, non se atopa reflectido na versión actual do mesmo que publica a Xunta de Galicia.

Os asistentes acordan por unanimidade solicitar novamente a ampliación do catálogo para

os ciclos formativos de formación profesional de Laboratorio de Análise e Control de Calidade e Análise e Control nos termos acordados.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non se produciron intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.


Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 26/01/2017

Orden do día:

1. Informe do Coordinador.
2. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2017-18.
3. Informe de seguimento do título curso 2015-16.

Ás 10:00 do día 26 de xaneiro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora M^a José Vázquez por coincidirle co exame dunha materia do GEPQI e do representante dos egresados, Javier Cortón, por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informe do Coordinador.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador do Título o cal indica de que nesta ocasión non se recibiron informes de coordinación.

Ademais informa dos resultados da enquisa realizada aos novos estudantes do GEPQI (1º curso) 2016-17. Tras facer unha exposición detallada da mesma **os asistentes acordaron por asentimento incorporar os resultados da enquisa como ANEXO I á presente acta.**

2. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2017-18.

O Decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2017-18 para os títulos de Grao e deu lectura aos aspectos mais relevantes da

mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o curso 2017-18 con respecto á do presente curso.**

3. Informe de seguimento do título curso 2015-16.

O Decano informa de que tal e como se veu facendo nos últimos anos, realizase o proceso de seguimento do GEPQI de xeito anual, neste caso relativo ao curso 2015-16, o cal estaba previsto levarse a cabo en novembro de 2016 pero con posterioridade a Área de Calidade pospuxo a súa entrega ata finais de xaneiro de 2017.

No mesmo analízase a información pública do título e o cumprimento do proxecto establecido nunha serie de dimensións e criterios a avaliar.

A Comisión do título deberá estudar os diferentes aspectos a valorar en cada criterio tendo en conta a información dispoñible. Baseándose nos datos existentes deberán reflexionar sobre o cumprimento dos requisitos e no caso de detectar puntos febles, establecer plans de mellora que se recollerán no informe de seguimento.

A continuación cédelle a palabra ao Coordinador do título que indica que o informe de seguimento consta de 4 apartados: datos da universidade e do título obxecto de seguimento, cumprimento do proxecto establecido, plan de melloras e modificacións do plan de estudos.

Nos seguintes anexos que se acompañan a este acta, recóllense as análises realizadas e reflexións levadas a cabo polos membros da Comisión:

ANEXO II: evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

ANEXO III: análise do perfil real de ingreso.

ANEXO IV: análise das enquisas de satisfacción.

ANEXO V: análise das enquisas de avaliación da docencia.

ANEXO VI: análise dos resultados do título.

A continuación fíxose unha revisión exhaustiva das accións de mellora e foron tomados os **seguintes acordos por unanimidade dos asistentes:**

- Unha parte das accións de mellora existentes **acordaron** finalizalas tras realizar as oportunas comprobacións.
- Na acción AM-OD-05, e en relación á tarefa AM-OD-05.2 os asistentes **acordaron** que o Responsable Académico de Mobilidade do Centro contacte con SRE para tratar de posibilitar

a formalización de novos acordos segundo as necesidades que manifeste o alumnado.

- Na acción AM-SGC-03 os asistentes constatan que tanto a USC como a Xunta de Galicia non realizaron a convocatoria do programa Docencia nos últimos anos, polo que non foi posible a difusión da convocatoria entre o profesorado. Tampouco teñen a capacidade de forzar que este proceso se leve a cabo, polo tanto **acordan finalizar esta acción de mellora** e en canto se faga a convocatoria realizarase a axeitada difusión no centro.

Finalmente os asistentes **acordan por unanimidade aprobar os citados ANEXOS II, III, IV, V e VI e tamén o informe de seguimento recollido no ANEXO VII** que inclúe de xeito exhaustivo o estado actual das accións de mellora. Tamén contén enlaces web e outros vínculos a documentos pdf que foron empregados como documentos de traballo. Todos estes documentos están dispoñibles para os grupos de interese no enlace:

http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/IS_2015-16

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Aguilos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/02/2017

Orden do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informe do coordinador.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Alegacións ao Informe provisional de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do GEPQI.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 3 de febreiro de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Eugenio Fernández Carrasco por un asunto médico, do representante dos egresados por motivos laborais e do representante do COETIL. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 01/12/2016 e 26/01/2017, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informe do Coordinador.

O Coordinador indica non dispoñer de nova información nin de informes de coordinación académica nesta ocasión.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2016-2017. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI
1	Perez Gonzalez, Ana María	Instalaciones Necesarias para una Vivienda Energéticamente Autosuficiente
2	Testa Revuelta, Alba	Optimización y diseño del sistema de recuperación de calor de una central térmica

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 1ª oportunidade do curso 2016-2017:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Eugenio Fernández Carrasco	1º Aida Jover Ramos
Secretario: Carlos Amiama Ares	2º Mª José Vázquez Vila
Vocal: José Manuel Martínez Ageitos	3º Juan M. Ortigueira Amor
Data: 13/02/2016 ás 16:30 horas	

4. Alegacións ao Informe provisional de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do GEPQI.

O Decano informou acerca do contido do informe provisional de avaliación da solicitude de modificación do plan de estudos do GEPQI recentemente recibido, que foi remitido xunto coa convocatoria. A continuación os asistentes levaron a cabo unha análise profunda de todos os aspectos indicados no informe co obxecto de elaborar as alegacións ao mesmo.

Tras recoller as achegas realizadas, os asistentes **acordan por unanimidade convocar unha nova reunión para elaborar a versión definitiva das alegacións ao informe provisional de avaliación da solicitude de modificación do plan de estudos do GEPQI o cal se acompaña como ANEXO á presente acta.**

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non se produciron intervencións.

Vº e Prace


O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 08/02/2017

Orden do día:

1. Informe do Coordinador.
2. Alegacións ao Informe provisional de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do GEPQI.

Ás 11:00 do día 8 de febreiro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna
Jorge Rivera Gómez	Representante do COETIL

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por coincidirlle con docencia no Máster en Enxeñaría Agronómica, M^a José Vázquez Vila por coincidirlle con docencia no GEPQI e o representante dos egresados por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informe do Coordinador.

O Coordinador indica non dispoñer de nova información nin de informes de coordinación académica nesta ocasión.

2. Alegacións ao Informe provisional de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do GEPQI.

Os asistentes continuaron coa análise iniciada na anterior reunión da Comisión e tras un longo

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

debate, aprobaron por unanimidade as alegacións ao Informe provisional de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do GEPQI que se acompañan como ANEXO á presente acta.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA



Asdo.: José Manuel Martínez Agellos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 17/03/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Proposta de itinerario para o dobre grao en Enxeñaría Civil – Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

Ás 10:00 do día 17 de marzo de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por cuestións relacionadas cunha investigación en curso, Eugenio Fernández Carrasco por gozar de permiso por asuntos particulares, Mercedes Novo por ter exame e o representante dos egresados por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Coordinador indica que se recibiron dous informes de coordinación académica de datas 16/02/2017 dos profesores Juan M Ortigueira Amor e Mª de la Merced Novo Rodríguez aos que deron lectura e tras comentalos, **acordaron incorporar como ANEXOS I e II á presenta acta, por unanimidade dos asistentes.**

Ademais o Decano informou da recepción do informe final de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do GEPQI, recibido en términos favorables o pasado día 8 de marzo e que se acompaña como ANEXO III á presente acta.

2. Proposta de itinerario para o dobre grao en Enxeñaría Civil – Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

En relación á proposta de itinerario para o dobre grao en Enxeñaría Civil – Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, tras debater a proposta remitida xunto coa convocatoria, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta que se acompaña como ANEXO IV á presente acta.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 23/03/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. PDA 2017-18.

Ás 13:00 do día 23 de marzo de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna
Jorge Rivera Gómez	Representante do COETIL

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mercedes Novo Rodríguez por coincidirle cun curso de formación de profesorado e Carlos Amiama por reunión no ámbito docente. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Coordinador informa de que non se recibiron nesta ocasión informes de coordinación académica.

O Decano indica que a Responsable de Calidade do Centro achega o informe de abandono potencial do GEPQI, remitido pola Área de Calidade, que recolle ao alumnado que iniciou estudos no curso 2016-17 e non superou o non se presentou a ningunha materia do 1º semestre.

Co obxectivo de minimizar o abandono nos primeiros cursos e aumentar as taxas de rendemento académico, a Comisión de Título analizou este informe e discutiron acerca da posibilidade de levar a cabo algunha acción ou actividade dirixida a este alumnado.

Tras a análise das posibles causas, os asistentes **acordaron por unanimidade que o Coordinador do Título leve a cabo un seguimento especial deste alumnado .**

2. PDA 2017-18.

O Decano indica que, tendo en conta a normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2017/2018, aprobada polo Consello de Goberno, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2017/2018 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. Esta remitiuse por correo electrónico aos interesados para que fixeran as suxestións oportunas.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Na materia G4031425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área correspondentes aos alumnos matriculados na materia no curso 2016-17 e a asignación de tiores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.
- Na materia G4031449 Operacións con Sólidos é preciso planificar de cara ao vindeiro curso os grupos correspondentes nos distintos tipos de docencia.
- Modificación nos grupos de docencia ofertados.

A capacidade das aulas de informática e dos laboratorios para a docencia interactiva impide levar a cabo a labor docente para grupos maiores de 20 alumnos (ás veces menos segundo o laboratorio). De acordo coas normas de seguridade contempladas no Plan de Autoprotección da Facultade e co fin de cumprir coa normativa de Prevención de Riscos relativas a ocupación e uso de espazos de traballo para garantir a seguridade dos usuarios, solicítase a creación de grupos adicionais para as materias que se indican.

- a) Plan de estudos GEPQI 2017 (G4031V02): materias de 1º curso.

Para unha axeitada organización académica e de cara a elaboración dos horarios precisamos ter en conta unha actualización de grupos derivada do cómputo dos alumnos correspondentes ao dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (EC e EPQI). Dado que no PDA actual faltarían por computar dentro do alumnado novo os correspondentes ao Dobre Grao EC-EPQI ($45+10=55$ alumnos novos totais), consideramos que deben contabilizarse como grupos de PDA 3 grupos de docencia interactiva de laboratorio e 5 de titorías para as materias de 1º curso que se indican:

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

- 1º Semestre: G4031101 Física I, G4031103 Química I, G4031104 Informática e G4031110 Expresión Gráfica na Enxeñaría I.
- 2º Semestre: G4031108 Química II.

Nas restantes materias do 2º semestre (G4031106 Física II, G4031107 Matemáticas II, G4031109 Métodos Estatísticos e G4031111 Economía e Xestión de Empresas) os alumnos do dobre grao serían computables no PDA correspondente ao grao en Enxeñaría Civil, pero dados os problemas de capacidade dos laboratorios e aulas de informáticas expostos anteriormente, consideramos que no GEPQI debe contabilizarse tamén como grupo de centro, 1 grupo adicional de docencia interactiva de laboratorio. Por outra banda par a organización docente dos grupos de titorías é necesario que todas as materias teñan 5 grupos.

b) Plan de estudos GEPQI 2010 (G4031V01): materias de 2º a 4º curso.

Derivado do aumento da matrícula en 1º curso (2016-17) consideramos necesario prever un incremento de matrícula no 2º curso (2017-18) polo que será preciso contar con 2 grupos de docencia interactiva de laboratorio en todas as materias de 2º.

Nas materias nas que agora non está contemplado este segundo grupo (G4031201 Administración e Organización Industrial, G4031222 Operacións básicas, G4031223 Química Inorgánica, G4031224 Química Analítica, G4031225 Transporte de Fluídos, G4031226 Transmisión de Calor e G4031229 Química Orgánica) será considerado en principio como grupo de centro para a elaboración dos horarios, e unha vez confirmada a matrícula solicitarase a súa transformación en grupos de PDA.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2017/2018 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Acompañase como ANEXO á presente acta copia do PDA resultante da aplicación Xescampus cos cambios xa introducidos.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 06/04/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Propostas de traballos fin de grao.

Ás 11:00 do día 6 de abril de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mercedes Novo Rodríguez por coincidirlle cunha reunión previa na Facultade de Veterinaria, M^a José Vázquez Vila por ter docencia de 2ºGEPQI, Jorge Rivera e Javier Cortón por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informa de que para a oportunidade de xullo de presentación dos TFGs xa estará en funcionamento a aplicación informática que a USC implementou xa o pasado mes de febreiro. O alumnado presenta o seu propio TFG e todo se xestiona desde a mesma, desde tribunais a informes de titores e incluso o control de plaxios.

Tamén informa das dificultades que imos ter este curso para a confección dos horarios, dados os cambios no calendario oficial e sobre todo polo dobre grao que é difícil de organizar. De feito, neste curso non haberá espazo para a semana de actividades de aprendizaxe e apoio para estudantes de novo ingreso que se viña facendo en cursos pasados.

2. Propostas de traballos fin de grao.

O Decano informa de que hai 18 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2016-17. Nesta ocasión presentaron proposta 7 e ademais unha solicitude de modificación da anteriormente presentada. A continuación foi dando lectura ás mesmas e aos comentarios recibidos por correo electrónico do representante do COETIL que non puido asistir á reunión.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar todas as propostas/modificacións de TFG presentadas, cos comentarios que para caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Álvarez Rodríguez, Ricardo (*)	Proyecto de una Instalación de Aerotermia y Energía Solar Térmica para Calefacción y A.C.S. en una Vivienda Unifamiliar en O Corgo.
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica.</i>	
Cuadros Fernández, Manuel José	Proyecto para la Climatización y Agua Caliente Sanitaria de una Bodega mediante Cogeneración a partir de los Restos de Poda de la Viña como Principal Fuente de Energía.
Gómez Sandamil, Tamara	Proyecto de una Instalación Térmica de Biomasa y Energía Solar para Calefacción y ACS en una Vivienda Rural.
López Gómez, Rubén	Proxecto dunha Instalación Térmica de Biomasa e Enerxía Solar Térmica para Calefacción ACS nun edificio multifamiliar
Mazo Torre, Christian Adam	Diseño de una Torre de Extracción para una Planta de Regeneración de Aceites Industriales Usados, por Extracción con Propano.
Quiñones Pérez, Violeta	Diseño Inicial del Proceso y del Reactor de una Planta para la Producción de 60.000 t/año de VAM.
Romay Río, Angel	Diseño de los Tanques de Almacenamiento para una Planta de Producción de 60.000 t/año de Acetato de Vinilo.
Vázquez Fernández, Marta (*)	Proyecto de Instalación dunha Caldeira de Biomasa con Apoio solar Térmico para a Climatización dunha Piscina e Vestuarios nunha Vivenda Unifamiliar.
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica.</i>	

Os asistentes **acordan por unanimidade o seguinte:**

- **aprobar para o curso 2016-17 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**
- **A partir de agora, respecto aos documentos necesarios para incluír no TFG e de cara á valoración deste, vanse a diferenciar nas propostas de TFG entre proxectos de execución e proxectos de deseño de instalacións químicas industriais. Estes últimos poderán ser partes de instalacións con entidade suficiente para constituír por si solos a consideración de traballo fin de grao, aínda que non inclúan na súa estrutura algúns dos documentos dun proxecto de execución tipo.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG-CEPO	TUTOR	ÁREA	%	CÓ-TUTOR	ÁREA	%
1	Álvarez Rodríguez, Ricardo	Proyecto de una Instalación de Aeroterminia y Energía Solar Térmica para Calefacción y A.C.S. en una Vivienda Unifamiliar en O Corgo.	Aida Jover Ramos	755	100%			
2	Anlelo Trillo, Elvio	Proyecto de Planta Depuradora de Aguas Residuales para una Industria Láctea.	Aida Jover Ramos	755	100%			
3	Bolana Gomez, Javier	Proyecto de Producción de Calor para una Calefacción de Distrib y Proceso de Secado de Madera Aserrada a partir de los Residuos Forestales de un Aserradero en O Corgo.	Aida Jover Ramos	755	100%			
4	Cuadros Fernández, Manuel José	Proyecto para la Climatización y Agua Caliente Sanitaria de una Bodega mediante Cogeneración a partir de los Resbs de Poda de la Viña como Principal Fuente de Energía.	Aida Jover Ramos	755	100%			
5	Gómez Sandamil, Tamara	Proyecto de una Instalación Térmica de Biomasa y Energía Solar para Calefacción y ACS en una Vivienda Rural.	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
6	López Gómez, Rubén	Proyecto dunha Instalación Térmica de Biomasa e Enerxía Solar Térmica para Calefacción ACS nun edificio multifamiliar.	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
7	Mazo Torre, Christian Adam	Diseño de una Torre de Extracción para una Planta de Regeneración de Aceites Industriales Usados por Extracción con Propano.	Eugenio Fernández Carrasco	555	100%			
8	Perez Gonzalez, Ana Maria	Instalaciones Necesarias para una Vivienda Energéticamente Autosuficiente.	Anibnio Rumbo Gómez	765	100%			
9	Quiñones Pérez, Violeta	Diseño Inicial del Proceso y del Reactor de una Planta para la Producción de 60.000 Vaño de VAM.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
10	Romay Rio, Angel	Diseño de los Tanques de Almacenamiento para una Planta de Producción de 60.000 Vaño de Acetato de Vinilo.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
11	Testa Revuelta, Alba	Optimización y diseño del sistema de recuperación de calor de una central térmica.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
12	Varela Rodríguez, Barblome	Proyecto de Fachada Ligera. Muro Corina para Edificio de Oficinas en Birmingham.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
13	Vázquez Álvarez, Ángela	Diseño de un Proceso Industrial para la Producción de Jabón a partir de Grasa Animal.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
14	Vázquez Fernández, María	Proyecto de Instalación dunha Caldeira de Biomasa con Apoio solar Térmico para a Climatización dunha Piscina e Vestuarios nunha Vivenda.	Francisco Fraga López	385	50%	Jorge Rivera Gómez	998	50%
15	Veiga Pérez, Elena	Proyecto de Secadoiro para a Fabricación de Pellets.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título

Reunión extraordinaria: 19/04/2017

Orden do día:

1. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2016-17.
2. Criterios para a elaboración da proposta de calendario de exames 2017-18.

Ás 13:00 do día 19 de abril de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora M^a José Vázquez Vila, Mercedes Novo Rodríguez, Julio A. Seijas Vázquez, Eugenio Fernández Carrasco e Carlos Amiama por coincidirlles con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2016-17.**

O Decano informa que dado o interese mostrado polo alumnado do Grao na realización de prácticas académicas externas curriculares para o seu recoñecemento como créditos optativos e derivado da nova normativa da USC, confeccionouse a proposta de convocatoria de prácticas académicas externas para o curso 2016-17 e remitiuse xunto coa convocatoria desta comisión, co obxecto de que os asistentes tiveran a oportunidade de revisala e facer posibles suxestións.

Tamén indica que para a súa elaboración tívose en conta a normativa en vigor e especialmente o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC aprobado no 2015.

Despois de facer comentarios sobre a mesma, **os asistentes aproban por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o curso 2016-17 para Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais a cal se publicará no día de hoxe e que se acompaña como ANEXO á presente acta. Tamén delegan no Decano e Presidente da**

Comisión a facultade para realizar todos os actos e publicacións derivados da presente convocatoria, sempre e cando non se produzan reclamacións, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.

2. Criterios para a elaboración da proposta de calendario de exames 2017-18.

Tras a revisión do calendario académico aprobado polo Consello de Goberno o pasado 5 de abril e do indicado no mesmo ("*Cada centro ou Comisión Académica de Máster, en función das súas características e/ou circunstancias, fixará o período de exames de cada oportunidade dentro do período de apertura das actas, debéndose respectar, en todo caso, o prazo de revisión das cualificacións provisionais.*"), o Decano indica que sería preciso acordar as datas aproximadas entre as que se van a colocar os exames nas distintas oportunidades do curso 2017-18.

Despois dun intercambio de impresións os asistentes acordaron por unanimidade as seguintes datas aproximadas nas que se van a colocar os exames das distintas materias:

- 1º semestre: do 19/12 ao 19/01.
- 2º semestre: do 21/05 ao 08/06
- 2ª oportunidade do 1º e 2º semestre: do 26/06 ao 13/07.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace


O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 04/05/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Proposta de horarios para o curso 2017-18.

Ás 11:30 do día 4 de maio de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora M^a José Vázquez Vila por coincidirille con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informa que na oferta de prazas da USC para o vindeiro curso académico 2017-18 non figura o dobre grao Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, tal e como estaba previsto nun primeiro momento.

2. Proposta de horarios para o curso 2017-18.

O Decano informa de que tendo en conta que non se vai ofertar o dobre grao, se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Sobre a proposta recibíronse diversas comunicacións do profesorado para introducir cambios nas materias Química Analítica, Expresión Gráfica e DAO, Electrotecnia, Métodos Estatísticos, Administración e Organización Industrial, Resistencia de Materiais e Cálculo de Estruturas e Matemáticas I e II. A representante do alumnado tamén suxeriu cambios nas datas de exame.

En canto aos calendarios dos TFG o Decano propón un cambio con respecto aos destes cursos pasados, e consiste en fixar solo 2 oportunidades para a presentación de propostas de TFG, aínda que se segue mantendo 3 oportunidades para a súa defensa igual que sempre.

Tras analizar e discutir todas estas cuestións, **os asistentes aproban por asentimento a proposta de horarios do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2017-18, a cal se acompaña como ANEXO á presente acta.**

O Decano informa de que esta proposta se someterá á aprobación da Xunta de Centro polo que ata a súa celebración aínda podería producirse algún cambio.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 08/06/2017

Orden do día:

1. Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Propostas de traballos fin de grao.
4. Posta en marcha da ferramenta antiplaxio na USC.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 8 de xuño de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Eugenio Fernández Carrasco e Julio A. Seijas por atoparse colaborando na celebración das probas de avaliación para o acceso á universidade e tamén a do profesor Carlos Amiama por coincidirle con curso obrigatorio de autoprotección por pertencer aos EPIs da Escola Politécnica Superior. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 03/02/2017, 08/02/2017, 17/03/2017, 23/03/2017, 06/04/2017, 19/04/2017 e 04/05/2017, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O Coordinador informa sobre o contido dun informe de coordinación académica recibido de data 30/05/2017. Tras os comentarios ao mesmo os asistentes acordan por unanimidade incorporalo como ANEXO I a este acta.

O Decano indica que se recibiu da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa un correo sobre a diversificación da oferta formativa dos graos da USC, que se acompaña como ANEXO II a este acta. Tras un intercambio de impresións conclúen que no caso do GEPQI este traballo xa está moi avanzado.

O Decano e Coordinador informan de que o GEPQI ocupa o primeiro posto no U-Ranking das universidades españolas 2017, elaborado pola Fundación BBVA e Ivie en función do grao, ubicación e prioridade outorgada á docencia, investigación, innovación ou desenvolvemento tecnolóxico. A continuación os asistentes estiveron analizando e comentando esta información, que se acompaña como ANEXO III a este acta.

A Responsable de Calidade do Centro informa acerca da situación das accións de mellora do GEPQI. Xa se atopan finalizadas as accións de mellora AMGEPQI1, AMGEPQI3 e AMGEPQI4. Está pendente de finalizar a acción AMGEPQI2, na que é preciso enquisar aos egresados, vaise poñer en contacto coa Área de Calidade para ver se hai posibilidade de que a leven a cabo senón realizárase desde o propio Centro. Faranse reunións para organizar todo o relativo ás mesmas.

3. Propostas de traballos fin de grao.

O Decano informa de que hai 18 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2016-17, dos que 15 xa teñen presentada a súa proposta. Nesta oportunidade de xuño non se presentaron novas propostas, polo que é preciso asignar titores aos 3 alumnos restantes (números 5, 11 e 12 da táboa seguinte), de xeito provisional mentres non presentan a súa proposta definitiva.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2016-17 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	AREA	%	COTITOR	AREA	%
1	Álvarez Rodríguez, Ricardo	Proyecto de una Instalación de Aerotermia y Energía Solar Térmica para Calefacción y A.C.S. en una Vivienda Unifamiliar en O Corgo.	Aida Jover Ramos	755	100%			
2	Antelo Trillo, Elvio	Proyecto de una Planta Depuradora de Aguas Residuales para una Industria Láctea.	Aida Jover Ramos	755	100%			
3	Bolana Gomez, Javier	Proyecto de Producción de Calor para una Calefacción de Distrito y Proceso de Secado de Madera Aserrada a partir de los Residuos Forestales de un Aserradero en O Corgo.	Aida Jover Ramos	755	100%			
4	Cuadros Fernández, Manuel José	Proyecto para la Climatización y Agua Caliente Sanitaria de una Bodega mediante Cogeneración a partir de los Resbos de Poda de la Viña como Principal Fuente de Energía.	Aida Jover Ramos	755	100%			
5	Dorado Labandeira, Adrián		Carlos Ariama Ares	720	100%			
6	Gómez Sandamí, Tamara	Proyecto de una Instalación Térmica de Biomasa y Energía Solar para Calefacción y ACS en una Vivienda Rural.	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
7	López Gómez, Rubén	Proxecto dunha Instalación Térmica de Biomasa e Enerxía Solar Térmica para Calefacción ACS nun edificio multifamiliar	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
8	Mazo Torre, Christian Adam	Diseño de una Torre de Extracción para una Planta de Regeneración de Aceites Industriales Usados por Extracción con Propano.	Eugenio Fernández Carrasco	555	100%			
9	Perez Gonzalez, Ana Maria	Instalaciones Necesarias para una Vivienda Energéticamente Autosuficiente	Antonio Rumbo Gómez	765	100%			
10	Quiñones Pérez, Violeta	Diseño Inicial del Proceso y del Reactor de una Planta para la Producción de 60.000 l/año de Acetaldo de Vinilo.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
11	Rego Freire, Roberto		Carlos Ariama Ares	720	100%			
12	Rico Quiroga, Nicolás		Carlos Ariama Ares	720	100%			
13	Romay Rio, Angel	Diseño de los Tanques de Almacenamiento para una Planta de Producción de 60.000 l/año de Acetaldo de Vinilo.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
14	Testa Revuela, Alba	Optimización y diseño del sistema de recuperación de calor de una central térmica	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
15	Varela Rodríguez, Barloome	Diseño de una Fachada Ligera. Muro Cortina para Edificio de Oficinas en Birmingham.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
16	Vázquez Álvarez, Angela	Diseño de un Proceso Industrial para la Producción de Jabón a partir de Grasa Animal.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
17	Vázquez Fernández, María	Proyecto de Instalación dunha Caldeira de Biomasa con Apoio solar Térmico para a Climatización dunha Piscina e Vestuarios nunha Vivenda Unifamiliar.	Francisco Fraga López	385	50%	Jorge Rivera Gómez	G4031	50%
18	Veiga Pérez, Elena	Proxecto de Secadoiro para a Fabricación de Pellets.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			

4. Posta en marcha da ferramenta antiplaxio na USC.

O Decano informa de que a USC puxo a disposición dos centros unha ferramenta antiplaxio da que se dispón dun número limitado de licencias e da cal se remitiu información sobre o seu funcionamento e uso xunto coa convocatoria da comisión.

Tras un amplo debate sobre a mesma, e dada a imposibilidade de facilitar unha licenza para cada titor, os asistentes acordan por unanimidade facilitar as licenzas para o uso da ferramenta antiplaxio a un membro do tribunal de avaliación dos TFG, aos coordinadores do GEPQI e do TFG.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace


O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 27/06/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 12:00 do día 27 de xuño de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por coincidirle con outra reunión do Máster en Enxeñaría Agronómica convocada previamente, tamén a do representante dos egresados por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informa que na anterior reunión da Comisión, debido ao limitado número de licenzas dispoñibles, acordouse poñer a ferramenta antiplaxio á disposición dun membro do tribunal de avaliación dos TFG e dos coordinadores do GEPQI e do TFG. Posteriormente fíxose solicitude á Secretaría Xeral dun incremento do número de licenzas o cal foi concedido. Por este motivo, foi posible poñer a disposición de todos os titores de TFG a utilización desta ferramenta, co obxecto de que fagan a oportuna revisión dos mesmos segundo a normativa:

“Artigo 12.- Deberes do alumnado

12.1.- Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se

tiveron en conta para a súa realización.

12.2.- O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

12.3.- Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a comisión con competencias en TFG considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarse o indicado no parágrafo anterior.”

Os membros da comisión están de acordo con este novo procedemento, dado que xa se dispón dun número axeitado de licenzas para o curso académico.

2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2016-2017. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Álvarez Rodríguez, Ricardo	Proyecto de una Instalación de Aerotermia y Energía Solar Térmica para Calefacción y A.C.S. en una Vivienda Unifamiliar en O Corgo.
2	Antelo Trillo, Elvio	Proyecto de una Planta Depuradora de Aguas Residuales para una Industria Láctea.
3	Botana Gomez, Javier	Proyecto de Producción de Calor para una Calefacción de Distrito y Proceso de Secado de Madera Aserrada a partir de los Residuos Forestales de un Aserradero en O Corgo.
4	Gómez Sandamil, Tamara	Proyecto de una Instalación Térmica de Biomasa y Energía Solar para Calefacción y ACS en una Vivienda Rural.
5	Quiñones Pérez, Violeta	Diseño Inicial del Proceso y del Reactor de una Planta para la Producción de 60.000 t/año de Acetato de Vinilo.
6	Varela Rodríguez, Bartolome	Diseño de una Fachada Ligera. Muro Cortina para Edificio de Oficinas en Birmingham.
7	Vázquez Fernández, Marta	Proyecto de Instalación dunha Caldeira de Biomasa con Apoio solar Térmico para a Climatización dunha Piscina e Vestuarios nunha Vivenda Unifamiliar.
8	Veiga Pérez, Elena	Proxecto de Secadoiro para a Fabricación de Pellets.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2016-2017:**

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Julio Antonio Seijas Vázquez	1º Juan M. Ortigueira Amor
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	2º Mª José Vázquez Vila
Vocal: Eugenio Fernández Carrasco	3º José Blanco Méndez
Data: 11/07/2017 ás 9:15 horas	

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace


O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 06/07/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

Ás 11:00 do día 6 de xullo de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non hai informes.

2. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

O Decano foi dando a palabra aos coordinadores dos distintos módulos da titulación que se ocuparon de facer a revisión das programacións docentes.

Finalmente, as materias que precisan modificación son as seguintes:

a) G4031225 Transporte de Fluídos e G4031227 Transferencia de Materia:

Neste caso debe manter a distribución de competencias por materia que figuran actualmente na programación docente do curso 2016-17, dispoñibles na páxina Web e que foron aprobadas pola Comisión do Título como resultado do proceso de renovación da

acreditación. Estas competencias tamén son as mesmas que deberán figurar no apartado de Sistema de Avaliación.

Tamén debe revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

b) G4031111 Economía e Xestión de Empresas:

No apartado Tempo de Estudos e de Traballo Persoal, debe indicar a distribución de horas segundo o PDA e a memoria do Título que son as seguintes: 33 expositivas, 12 interactivas de laboratorio, 4 interactivas de seminario e 2 de titorías.

No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia: “castelán e/ou galego”.

Debe revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

a) G4031107 Matemáticas II

No apartado Sistema de avaliación da aprendizaxe deben figurar as competencias avaliadas con cada un dos sistemas de avaliación propostos, de xeito similar a como aparece na programación docente do curso 2016-17 dispoñible neste enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/materia.html?materia=100549>.

No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia: “castelán e/ou galego”.

Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

O Decano indicou que se farán as xestións oportunas co profesorado que a imparte, departamento e SXOPRA para facer a modificación antes do día 10 que finaliza o prazo para rematar todo este proceso.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar as programacións docentes para o curso 2017-18 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais unha vez que se verifique que todos os cambios que é preciso realizar se levaron a cabo**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace


O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 05/09/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 10:00 do día 5 de setembro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Violeta Quiñones Pérez	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Julio A. Seijas Vázquez por ter concedido permiso por asuntos particulares. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informou de que neste curso non se vai dispoñer da semana de benvida que se viña levando a cabo nos últimos cursos. Tratarase de condensar unha boa parte destas actividades no primeiro día de clase.

O vindeiro día 14 no Auditorio da Facultade de Veterinaria a USC terá lugar a xornada de benvida ao Campus Terra da USC dirixida a todo o alumnado do campus.

O Coordinador informa da recepción de dous informes de coordinación académica de datas 10 e 19 de xullo de 2017. Tras darlles lectura e comentar cuestións acerca do seu contido, os asistentes **acordan por unanimidade incorporalos como ANEXO** a este acta.

Tamén informou acerca da organización dos grupos de prácticas que espera telos dispoñibles

para o profesorado antes de empezar as prácticas.

2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2016-2017. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Mazo Torre, Christian Adam	Diseño de una Columna de Extracción para una Planta de Regeneración de Aceite Usado, por Extracción con Propano
2	Romay Río, Angel	Diseño de los Tanques de Almacenamiento para una Planta de Producción de 60.000 t/año de Acetato de Vinilo.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2016-2017:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Júlío Antonio Seijas Vázquez Secretario: Carlos Amiama Ares Vocal: José Manuel Martínez Ageitos	1º Juan M. Ortigueira Amor 2º Mª José Vázquez Vila 3º Mercedes Novo Rodríguez
Data: 13/09/2017 ás 16 horas	

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE



Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos



A SECRETARIA



Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 25/09/2017

Orden do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Actas consolidadas 2016-2017.
4. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grado en Ingeniería Química Industrial da Universidad de Oviedo.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 25 de setembro de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por ter obrigas docentes á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 08/06/2017, 27/06/2017, 06/07/2017 e 05/09/2017, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O Decano informou de que os coordinadores de curso seguen realizando reunións para a

adecuada distribución dos traballos ao longo do curso para evitar saturacións puntuais.

3. Actas consolidadas 2016-2017.

O Decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2016-17, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado cualificado, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén o que solicitou renuncia.

O Decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de “matrícula de honra” corresponderá realizala á Comisión Académica do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2016-17 ao alumno Javier Botana Gómez.**

No caso das actas consolidadas de Prácticas en Empresas, que teñen carácter optativo, o Decano propón non outorgar matrícula de honra dadas as dificultades para facelo con criterios homoxéneos, por depender da avaliación dos titores externos. **Os asistentes acordan por unanimidade non outorgar a mención de matrícula de honra na materia Prácticas en Empresa do curso 2016-17.**

4. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grado en Ingeniería Química Industrial da Universidad de Oviedo.

O Decano indica que tras recibir solicitudes de recoñecemento de alumnado procedente do Grado en Ingeniería Química Industrial da Universidade de Oviedo, se elaborou unha proposta de táboa de recoñecemento. Tras unha análise da proposta, **os asistentes acordaron por unanimidade aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, de alumnos procedentes da titulación de Grado en Ingeniería Química Industrial da Universidade de Oviedo, do plano de estudos do B.O.E. 11/07/2011:**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS					
TITULACIÓN:	G4031P01	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 22/02/2011						
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDAD DE OVIEDO					
CENTRO:		ESCUELA POLITÉCNICA DE INGENIERÍA DE GIJÓN					
TITULACIÓN:		GRAO EN INGENIERÍA QUÍMICA INDUSTRIAL					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 11/07/2011						
GRAO EN INGENIERÍA QUÍMICA INDUSTRIAL				GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
MATERIAS CURSADAS		CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
Mecánica y Termodinámica		FB	6	G4031101	Física I	FB	6
Ondas y Electromagnetismo		FB	6	G4031106	Física II	FB	6
Álgebra Lineal		FB	6	G4031102 G4031107	Matemáticas I	FB	6
Cálculo		FB	6		Matemáticas II	FB	6
Métodos Numéricos		FB	6				
Química		FB	6	G4031103	Química I	FB	6
Ampliación de Química		OB	6	G4031108	Química II	FB	6
Fundamentos de Informática		FB	6	G4031104	Informática	FB	6
Expresión Gráfica		FB	6	G4031105	Expresión Gráfica e DAO	FB	6
Estadística		FB	6	G4031109	Métodos Estadísticos	FB	6
Fundamentos de los Procesos Químicos		OB	6	G4031121	Fundamentos de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	OB	6
Empresa		FB	6	G4031201	Administración e Organización Industrial	FB	6
Termodinámica Química Aplicada a la Ingeniería		OB	6	G4031221	Termodinámica Aplicada	OB	6
Ingeniería Térmica		OB	6	G4031321	Termotecnia	OB	6
Mecánica de Fluidos		OB	6	G4031222	Operacións Básicas	OB	6
Operacións Básicas I		OB	6	G4031225	Transporte de Fluidos	OB	6
Operacións Básicas II		OB	6	G4031227	Transferencia de Materia	OB	6
				G4031226	Transmisión de Calor	OB	6
Experimentación en Química y Tecnología Química		OB	6	G4031322	Experimentación en Química Industrial I	OB	6
				G4031327	Experimentación en Química Industrial II	OB	6
Cinética y Reactores Químicos		OB	6	G4031323	Enxeñaría da Reacción Química	OB	6
Teoría de Máquinas y Mecanismos		OB	6	G4031324	Máquinas e Mecanismos	OB	6
Ciencia de Materiales		OB	6	G4031325	Ciencia de Materiais	OB	6
Automatización y Control		OB	6	G4031326	Instrumentación e Control de Procesos	OB	6
Tecnología Eléctrica		OB	6	G4031328	Electrotecnia	OB	6
Tecnología Electrónica		OB	6				
Ingeniería Ambiental		OB	6	G4031329	Tecnoloxía Medioambiental	OB	6
Resistencia de Materiales		OB	6	G4031330	Resistencia de Materiais e Cálculo de Estructuras	OB	6
Proyectos y Oficina Técnica		OB	6	G4031421	Oficina de Proxectos	OB	6
Química Industrial		OB	6	G4031422	Procesos de Química Industrial	OB	6
Simulación, Control e Instrumentación de Procesos Químicos		OB	6	G4031423	Simulación e Optimización de Procesos Químicos	OB	6
Dirección de Operaciones		OB	6	G4031424	Organización e Xestión da Producción	OB	6

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

No caso de materias optativas, as cales non foron analizadas, **os asistentes acordaron por**

unanimidade que neste caso se pedirá informe ao profesorado correspondente para decidir acerca do recoñecemento das mesmas.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 10/10/2017

Orden do día:

1. Informes
2. Aprobación, se procede, de liñas temáticas e tiores de TFG.

Ás 10:00 do día 10 de outubro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora M^a Jose Vázquez Vila e do profesor Carlos Amiama por coincidirle cunha reunión de investigación. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informou da recepción dun informe de coordinación académica de data 4 de outubro emitido polo coordinador do TFG Carlos Amiama. Tras a súa análise, **os asistentes decidiron por unanimidade incorporalo como ANEXO I a presente acta e engadir entre os asistentes a Jose Manuel Martínez Ageitos que tamén estivo presente na reunión e esqueceron reflexalo no documento.**

Tamén informou acerca da recepción por parte da ACSUG do informe de seguimento do plan de viabilidade do GEPQI en sentido favorable.

2. Aprobación, se procede, de liñas temáticas e tiores de TFG.

O Decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está

traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO II á presente acta.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 20/10/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade Química Industrial da Universidade de Vigo.
3. Solicitude de recoñecemento por experiencia profesional.

Ás 10:00 do día 20 de outubro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por atoparse de viaxe, Gerardo Pereira por consulta médica e Eugenio Fernández por asuntos particulares. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informou da recepción dun correo da Área de Calide e Mellora dos Procedementos informando sobre as enquisas de opinión do alumnado sobre a docencia recibida no 1º semestre do curso 2017-18 que estarán a disposición do alumnado do 13 de novembro ao 15 de decembro.

2. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade Química Industrial da Universidade de Vigo.

O Decano indica que tras recibir unha solicitude de recoñecemento de alumnado procedente da Enxeñaría Técnica Industrial, esp. Química Industrial da Universidade de Vigo, se elaborou unha proposta de táboa de recoñecemento.

Tras unha análise polo miúdo da proposta recibida xunto coa convocatoria, **os asistentes**

acordaron por unanimidade aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, de alumnos procedentes da titulación de Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade Química Industrial da Universidade de Vigo, do plano de estudos do BOE 22/08/2000:

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA						
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS						
TITULACIÓN:	G4031P01	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS						
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 22/02/2011							
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDADE DE VIGO						
CENTRO:		E.U. ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL VIGO						
TITULACIÓN:		ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL, ESPECIALIDADE QUÍMICA INDUSTRIAL						
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 22/08/2000							
ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL, ESPECIALIDADE QUÍMICA INDUSTRIAL				GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS				
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.	
307410102	Física I	TR	4.5	G4031101	Física I	FB	6	
307410103	Física II	TR	4.5	G4031106	Física II	FB	6	
				G4031221	Termodinámica Aplicada	OB	6	
307410107	Fundamentos Matemáticos I	TR	6	G4031102	Matemáticas I	FB	6	
307410108	Fundamentos Matemáticos II	TR	6	G4031107	Matemáticas II	FB	6	
307410223	Matemáticas Avanzadas Para A Enxeñaría	OB	4.5					
307410104	Físico-química	TR	6	G4031103	Química I	FB	6	
307410106	Fundamentos De Química	TR	6	G4031108	Química II	FB	6	
307410206	Experimentación En Química	TR	9	G4031223	Química Inorgánica	OB	6	
307410322	Electroquímica Industrial	OB	6	G4031228	Cinética Química	OB	6	
307410105	Fundamentos De Informática	TR	6	G4031104	Informática	FB	6	
307410101	Expresión Gráfica E Deseño Asistido Por Ordenador	TR	6	G4031105	Expresión Gráfica e DAO	FB	6	
307410109	Métodos Estatísticos Da Enxeñaría	TR	6	G4031109	Métodos Estatísticos	FB	6	
307410110	Operacións Básicas I	TR	6	G4031121	Fundamentos de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	OB	6	
307410224	Operacións Básicas II	OB	6					
307410204	Experimentación En Enxeñaría Química I	TR	6	G4031222	Operacións Básicas	OB	6	
				G4031225	Transporte de Fluidos	OB	6	
307410205	Experimentación En Enxeñaría Química II	TR	6	G4031226	Transmisión de Calor	OB	6	
				G4031227	Transferencia de Materia	OB	6	
				G4031322	Experimentación en Química Industrial I	OB	6	
				G4031327	Experimentación en Química Industrial II	OB	6	
307410201	Admón. De Empresas E Organización Da Produción	TR	6	G4031201	Administración e Organización Industrial	FB	6	
307410225	Organización, Produción E Calidade	OB	6	G4031424	Organización e Xestión da Produción	OB	6	
307410111	Química Analítica	TR	6	G4031224	Química Analítica	OB	6	
307410112	Química Orgánica	TR	6	G4031229	Química Orgánica	OB	6	
307410203	Enxeñaría Da Reacción Química	TR	6	G4031323	Enxeñaría da Reacción Química	OB	6	
307410222	Enxeñaría Dos Materiais	OB	6	G4031325	Ciencia de Materiais	OB	6	

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
307410202	Control E Instrumentación De Procesos Químicos	TR	6	G4031326	Instrumentación e Control de Procesos	OB	6
307410613	Instrumentación De Procesos Químicos	OP	6	G4031423	Simulación e Optimización de Procesos Químicos	OB	6
307410614	Sistemas Dixitais De Control De Procesos Químicos	OP	6				
307410321	Electricidade Industrial E Electrónica	OB	4.5	G4031328	Electrotecnia	OB	6
307410622	Tratamento De Residuos	OP	6	G4031329	Tecnoloxía Medioambiental	OB	6
307410624	Xestión Medioambiental	OP	6				
307410702	Comportamento De Materiais En Servizo	OP	6	G4031330	Resistencia de Materiais e Cálculo de Estructuras	OB	6
307410612	Deseño De Plantas Industriais	OP	6				
307410301	Oficina Técnica	TR	6	G4031421	Oficina de Proxectos	OB	6
307410207	Química Industrial I	TR	6	G4031422	Procesos de Química Industrial	OB	6
307410302	Química Industrial II	TR	6				
307410611	Control De Calidade Na Industria Química	OP	6				
307410052	A Certificación de Calidade ISO 9001: 2000	LE	6	G4031445	Garantía de Calidade	OP	6
307410709	Metalurxia	OP	6	G4031450	Metalurxia	OP	6
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS NON RECOÑECIDAS	CAR.	CRÉD.
				G4031321	Termotecnia	OB	6
				G4031324	Máquinas e Mecanismos	OB	6
Non hai materias na titulación cursada que cubran os obxectivos e competencias que establece o plan de estudos do GEPQI							
307310051	Metalurxia Histórica	LE	6	G4031450	Metalurxia	OP	6
A materia non cubre os obxectivos, contidos e competencias que establece o plan de estudos do Grao.							
307410711	Prevención De Riscos Industriais E Mantemento	OP	6	G4031446	Prevención de Riscos Laborais	OP	6
A materia non cubre adecuadamente os obxectivos, contidos e competencias que establece o plan de estudos do Grao.							

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

No caso das restantes materias optativas, as cales non foron analizadas ao non dispoñer dos programas, **os asistentes acordaron por unanimidade que neste caso se pedirá informe ao profesorado correspondente para decidir acerca do recoñecemento das mesmas.**

3. Solicitude de recoñecemento por experiencia profesional.

O Decano informa de que foi recibida solicitude de recoñecemento por experiencia profesional dunha alumna que non pertence ao curso ponte. Como consecuencia da modificación da memoria do GEPQI, xa é posible o recoñecemento da experiencia profesional para estes alumnos, tal e como se viña facendo tamén para os pertencentes ao curso ponte.

Tras analizar a documentación presentada pola alumna Vanessa Iglesias Miguelez e á vista do informe emitido polo profesorado correspondente os asistentes **acordaron por unanimidade informar favorablemente o recoñecemento de créditos por experiencia profesional para a materia Máquinas e Mecanismos.**

Tamén acordaron por unanimidade, para todos os casos de solicitudes de recoñecemento de créditos por experiencia profesional, solicitar ao profesorado que imparte a materia informe, o cal será non vinculante; e procederase do seguinte xeito:

- Se o informe do profesor é favorable: delegan no Presidente para que emita o informe favorable de recoñecemento de créditos por experiencia profesional.
- Se o informe do profesor é desfavorable: entón a solicitude será tratada pola Comisión que á vista da documentación do alumno e da xustificación do informe do profesor se pronunciará sobre a concesión ou non do recoñecemento de créditos por experiencia profesional.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 14/11/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Propostas de traballos fin de grao.
3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2017-18.
4. Actualización de grupos de docencia interactiva.

Ás 10:00 do día 14 de novembro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Jorge Rivera Gómez	Representante do COETIL

O Decano e Presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non hai informes.

2. Propostas de traballos fin de grao.

O Decano informa de que hai 16 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2017-18, dos cales 6 presentaron propostas e 2 téñenas vixentes de cursos anteriores. Destes 2 últimos un solicitou modificación da proposta vixente. A continuación foi dando lectura ás mesmas.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar todas as propostas de TFG presentadas e modificacións das mesmas, cos comentarios que para**

cada caso se indican na seguinte táboa:

Nome e Apelidos	Título do TFG
Cuadros Fernández, Manuel José	Proyecto para el Aprovechamiento de los Restos de Poda de la Vid para Producción de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria de una Bodega y Calefacción de Distrito de Zona Residencial Anexa mediante Cogeneración con Placas Solares Térmicas.
Dorado Labandeira, Adrián (*)	Proxecto de Deseño de un Biodixestor de Xurro de Fluxo en Pistón de Volume Flexíbel aos distintos tipos e tamaños de Explotacións Gandeiras Galegas.
(*) Debe incluír na proposta o estudo de seguridade e saúde	
Pacio Rivas, Rudy	Diseño de un Pasteurizador de Leche para pequenas Instalaciones Ganaderas.
Rodríguez Otero, Anibal	Diseño de Instalación de Molienda de Cemento con capacidad de 600.000 tn/año.
Sanjurjo Sanjurjo, Diego	Proyecto de Diseño de un Sistema de Enfriamiento de Condensados en la Planta de Concentrado de Suero en Vilalba.
Varela López, Rocío	Proyecto de Mejora y Optimización de un Proceso de Concentración a Vacío del Suero de Desecho de una Quesería.
Vázquez Ramos, Diego	Proyecto de Diseño de un Equipo de Tratamiento Térmico de las Castañas a Nivel Familiar y/ o de Pequeña Empresa.

Os asistentes acordan por unanimidade aprobar para o curso 2017-18 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Cuadros Fernández, Manuel José	Proyecto para el Aprovechamiento de los Restos de Poda de la Vid para Producción de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria de una Bodega y Calefacción de Distrito de Zona Residencial Anexa mediante Cogeneración con Placas Solares Térmicas.	Aida Jover Ramos	755	100%			
2	Dorado Labandeira, Adrián	Proxecto de Deseño de un Biodixestor de Xurro de Fluxo en Pistón de Volume Flexíbel aos distintos tipos e tamaños de Explotacións Gandeiras Galegas.	Aida Jover Ramos	755	100%			
3	López Gómez, Rubén	Proxecto dunha Instalación Térmica de Biomasa e Enerxía Solar Térmica para Calefacción ACS nun edificio multifamiliar	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
4	Pacio Rivas, Rudy	Diseño de un Pasteurizador de Leche para pequenas Instalaciones Ganaderas.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
5	Rodríguez Otero, Anibal	Diseño de Instalación de Molienda de Cemento con capacidad de 600.000 tn/año.	Aida Jover Ramos	755	50%	Eugenio Fernández Carrasco	555	50%
6	Sanjurjo Sanjurjo, Diego	Proyecto de Diseño de un Sistema de Enfriamiento de Condensados en la Planta de Concentrado de Suero en Vilalba.	Aida Jover Ramos	755	100%			
7	Varela López, Rocío	Proyecto de Mejora y Optimización de un Proceso de Concentración a Vacío del Suero de Desecho de una Quesería.	Aida Jover Ramos	755	100%			
8	Vázquez Ramos, Diego	Proyecto de Diseño de un Equipo de Tratamiento Térmico de las Castañas a Nivel Familiar y/ o de Pequeña Empresa.	Aida Jover Ramos	755	100%			

3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2017-18.

En relación á convocatoria fin de carreira 2017-18, o Decano informou de que só se recibiron dúas solicitudes, polo que se tratou de fixar unha data dentro do calendario que fora axeitada para alumnado e profesorado. Os asistentes aproban por unanimidade fixar a data do exame da convocatoria fin de carreira segundo a seguinte táboa:

Materia	Código	Data	Hora	Aula	Nº Alum.
Cinética Química	G4031228	17/01/2018	10:00	1PP	1
Resistencia de Materiais e Cálculo de Estruturas	G4031330	15/01/2018	10:00	1PP	1

4. Actualización de grupos de docencia interactiva.

O Decano informa de que unha vez finalizado o 1º prazo de matrícula do curso 2017-18, detectouse que nalgúns materias o nº de alumnos matriculados difería das previsións feitas no momento da elaboración do PDA, e dados os problemas de espazo para a impartición da docencia nos laboratorios e aulas de informática do Centro é preciso adecuar o nº de grupos de docencia interactiva de laboratorio ao nº de alumnos matriculados.

Tras unha análise da situación, **os asistentes acordaron por unanimidade solicitar as seguintes modificacións para o curso 2017-18:**

- Para as materias G4031101 Física I, G4031103 Química I, G4031104 Informática, G4031108 Química II, G4031110 Expresión Gráfica na Enxeñaría I e G4031111 Economía e Xestión de Empresas solicitar un grupo menos de docencia interactiva de laboratorio de PDA ao non corresponder por nº de alumnos matriculados.
- Para as materias G4031222 Operacións Básicas, G4031223 Química Inorgánica, G4031224 Química Analítica, G4031226 Transmisión de Calor e G4031229 Química Orgánica solicitar a transformación dos grupos de centro creados no seu día en grupos de PDA ao corresponderlles por nº de alumnos matriculados.
- Para a materia G4031106 Física solicitar a eliminación do grupo de centro que se solicitou no seu día, xa que ao quedar as restantes materias con 2 grupos dificultaría a organización dos mesmos.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 09/02/2018

Orden do día:

1. Informes.
2. Elección de secretario accidental.
3. Creación de grupos de centro curso 2017-18.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 10:00 do día 9 de febreiro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Julio A. Seijas por coincidirle con docencia, Eugenio Fernández por estar gozando dun permiso e do representante do COETIL por atoparse fóra da cidade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Recibíronse dous informes de coordinación académica:

- 23/01/2018 emitido polos coordinadores dos módulos de Formación Básica e Específicas de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
- 02/02/2018 emitido pola coordinadora do 2º curso.

Os asistentes tamén fixeron comentarios sobre as baixas cualificacións obtidas polo alumnado neste 1º semestre do 3º curso, polo que se reunirán para analizar esta incidencia e levar a cabo algunha acción para corrixila.

Finalmente os asistentes acordan por unanimidade incorporar os informes de coordinación como ANEXOS I e II á presente acta.

2. Elección de secretario accidental.

O Decano informa de que tras a ausencia durante as últimas semanas da actual Secretaria da Comisión, sería de interese que se acordara como actuar no caso de que por calquera circunstancia sexa preciso a súa substitución.

Os asistentes **acordan por unanimidade que no caso de ausencia da secretaria, os asistentes designarán ese mesmo día ao membro substituto que vai actuar como secretario da mesma.**

3. Creación de grupos de centro curso 2017-18.

O Decano informa de que o profesorado da materia Resistencia de Materiais e Cálculo de Estructuras indicou que precisa un grupo adicional de centro de docencia interactiva de laboratorio motivado pola metodoloxía empregada, contando coa conformidade do departamento correspondente.

Os asistentes **acordan por unanimidade para a materia G4031330 Resistencia de Materiais e Cálculo de Estructuras, solicitar á Vicerreitoría correspondente a creación dun grupo adicional de centro de docencia interactiva de laboratorio**, motivada pola metodoloxía empregada que non permite impartir a docencia nos grupos previstos

4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2017-2018. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Cuadros Fernández, Manuel José	Proyecto para el Aprovechamiento de los Restos de Poda de la Vid para a Producción de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria de una Bótega y Calefacción de Distrito de Zona Residencial Anexa mediante Cogeneración con Placas Solares Térmicas.
2	López Gómez, Rubén	Proxecto dunha Instalación Térmica de Biomasa e Enerxía Solar Térmica para Calefacción e AQS nun Edificio Multifamiliar
3	Pacio Rivas, Rudy	Diseño de un Pasteurizador de Leche para pequenas Instalaciones Ganaderas.
4	Rodríguez Otero, Aníbal	Diseño de Instalación de Molienda de Cemento con capacidad de 600.000 tn/año.
5	Sanjurjo Sanjurjo, Diego	Proyecto de Diseño de un Sistema de Enfriamiento de Condensados en la Planta de Concentrado de Suero en Vilalba.
6	Vázquez Ramos, Diego	Proyecto de Diseño de un Equipo de Tratamiento Térmico de las Castañas a Nivel Familiar y/ o de Pequeña Empresa.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 1ª oportunidade do curso 2017-2018:**

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Julio A. Seijas Vázquez	1º Mª José Vázquez Vila
Secretario: Carlos Amiama Ares	2º Mª Mercedes Novo Rodríguez
Vocal: José Manuel Martínez Ageitos	3º Juan M. Ortigueira Amor
Data: 20/02/2018	

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 06/03/2018

Orden do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores
2. Informes.
3. Proposta de modificación da Rúbrica de TFG.
4. Criterios para a elaboración de horarios curso 2018-19.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 6 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora M^a José Vázquez Vila por coincidirille con docencia e informa que asiste como invitada a alumna Beatriz Agra Freire, que será nomeada representante do alumnado desta comisión na vindeira Xunta de Centro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 25/09/2017, 10/10/2017, 20/10/2017, 14/11/2017 e 09/02/2018, co obxecto de que os membros tiveran a

oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O Decano informou de que, despois da reunión mantida co profesorado do 2º curso en relación aos baixos resultados acadados polo alumnado no que vai de curso, mantivo xunto co Coordinador do Título unha reunión co alumnado de 2º curso para intercambiar impresións e tratar de determinar as posibles causas. Basicamente parece que o problema é de organización, e dicir, o profesorado ten que levar a cabo unha axeitada coordinación dos traballos para que non se produzan saturacións en determinadas datas, pero o alumnado tamén ten que realizar un esforzo na organización do seu traballo, xa que coñece coa antelación debida as datas de entrega e non pode agardar ata o último día. O alumnado quedou en facilitar unha lista das súas inquietudes e dificultades co obxecto de tratar de solucionarlas.

3. Proposta de modificación da Rúbrica de TFG.

O Decano informa de que tras as últimas oportunidades de presentación e defensa de TFG se detectou que se podería levar a cabo a modificación da Rúbrica de Avaliación co obxecto de melloralala. A continuación os asistentes indicaron as súas opinións ao respecto e, finalmente, **acordaron por unanimidade elaborar un borrador de modificación da Rúbrica de Avaliación e remitilo aos membros co obxecto de meditar un pouco máis sobre este asunto e aprobalala en vindeiras reunións da Comisión**, xa que entraría en vigor o vindeiro curso 2018-2019.

4. Criterios para a elaboración de horarios curso 2018-19.

O Decano informa de que, tras a remisión do borrador de horarios e calendarios 2018-19 por parte da Secretaría Xeral, e preciso acordar criterios xerais para a confección dos horarios.

Os asistentes **acordan por unanimidade para a confección dos horarios 2018-19**, levar a cabo a rotación dos exames, fixar como datas máximas ata as que sería axeitado colocar os exames: 1ºS ata o 18 de xaneiro, 2ºS ata o 7 de xuño e 2ª oportunidade (recuperación) ata o 12 de xullo. En canto aos TFG, as datas de defensa fixaranse nas seguintes semanas: 11-15 de febreiro, 8-12 de xullo e 16-20 setembro.

O Coordinador informa de que vai elaborar unha proposta de horarios con estes criterios e, se é preciso, realizará os axustes de datas necesarios, de cara a aprobación dos horarios nunha vindeira reunión da Comisión.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 15/03/2018

Orden do día:

1. Informes.
2. Solicitude de modificación de PDA 2018-19.
3. Seguimento do GEPQI 2016-17: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

Ás 10:00 do día 15 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Eugenio Fernández por coincidirle con docencia e Carlos Amiama por ter outra reunión planificada previamente. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

2. Solicitude de modificación de PDA 2018-19.

O Decano informa de que tras a elaboración de borradores de horarios do curso 2018-19, observouse dificultades para a organización das materias para o alumnado repetidor do vello plan de estudos, e barallouse a posibilidade de impartir a materia Cinética Química no 1º semestre. Ademais tamén indicou que no curso 2019-20, como consecuencia da implantación progresiva

do novo plan de estudos do GEPQI, esta materia estará vinculada coa que se implantará, pertencente ao novo plan de estudos, coa mesma denominación e código, que estará planificada no 1º semestre. Polo tanto suporía adiantar un curso este cambio pero sen embargo melloraría moito a organización académica para a o alumnado repetidor no curso 2018-19.

Tras comentar este asunto os asistentes **acordan por unanimidade solicitar á Vicerreitoría correspondente a modificación do PDA 2018-19 para a impartición da materia G4031228 Cinética Química no 1º semestre.**

3. Seguimento do GEPQI 2016-17: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

O Decano informa de que tal e como se veu facendo nos últimos anos, realizase o proceso de seguimento do GEPQI de xeito anual, neste caso relativo ao curso 2016-17, con algunhas diferenzas pola participación no Programa Piloto de Seguimento Institucional destinado aos centros da USC que foron sometidos no 2017 ao proceso de certificación de implantación do SGC. Nesta ocasión o seguimento dos títulos levarase a cabo de xeito conxunto a través da Memoria de Calidade do Centro, na que tamén se recollerá o Plan de Melloras do Centro.

O Coordinador do Título indica que recompilou e puxo á disposición da Comisión todos os datos necesarios para realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación do mesmo.

A Comisión analizou a información proporcionada para levar a cabo o seguimento do título e elaborou os informes correspondentes. Nos seguintes anexos que se acompañan a este acta, recóllense as análises realizadas e reflexións levadas a cabo polos membros da Comisión:

ANEXO I: evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

ANEXO II: análise do perfil real de ingreso.

ANEXO III: análise das enquisas de satisfacción.

ANEXO IV: análise das enquisas de avaliación da docencia.

ANEXO V: análise dos resultados do título.

Finalmente os asistentes **acordan por unanimidade aprobar os citados ANEXOS do I ao V** que se incorporan á presente acta.

A continuación fíxose unha revisión exhaustiva das accións de mellora e foron tomados os **seguintes acordos por unanimidade dos asistentes:**

- Na acción AMGEPQI-1 (aumentar a información dos estudantes sobre os programas de

movilidade existentes e incrementar o número de convenios con outras universidades): os asistentes **acordaron non finalizar** esta acción por non atoparse totalmente executada.

A información ao estudantado sobre os intercambios vense dando de xeito periódico cada curso académico desde o inicio desta acción de mellora. Sen embargo, tras varios intentos, o alumnado non propuxo novos destinos para a elaboración doutros convenios, polo que se seguirá insistindo no presente curso para tratar de completar a oferta do Centro.

Esta acción reformularase de cara ao vindeiro curso académico como unha acción de mellora da Facultade de Ciencias co código AMF1718-2 englobando a mesma acción para todas as titulacións do centro.

- Na acción AMGEPQI-2 (Enquisarase aos egresados 2 anos despois de que finalicen os seus estudos. A información proporcionada por eles completárase coa fornecida polos seus respectivos empregadores): os asistentes **acordaron non finalizar** esta acción por non atoparse totalmente executada. A recollida de datos e a súa análise estase levando a cabo no presente curso 2017-18.

Esta acción reformularase de cara ao vindeiro curso académico como unha acción de mellora da Facultade de Ciencias co código AMF1718-3 englobando a mesma acción para todas as titulacións do centro.

- Na acción AMGEPQI-3 (solicitar á universidade que inclúa entre a información proporcionada de cada docente un enlace directo ao grupo de investigación ao que este pertence): **acordaron finalizala** xa que o pasado 20 de abril de 2017, a Responsable de Calidade do Centro fixo a petición ao servizo correspondente da USC.
- Na acción AMGEPQI-4 (a Comisión de Calidade do Centro deberá establecer uns criterios obxectivos, e propoñer e aplicar os procedementos necesarios, para mellorar os resultados daquelas materias cuxa valoración por parte dos estudantes non satisfagan devanditos criterios): **acordaron finalizala**, xa que para solucionar esta cuestión a USC aprobou a Resolución do 5 de abril de 2017 de modificación da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións e contempla un mecanismo común para todas as titulacións da USC.

Destas propostas de mellora, darase traslado á Comisión de Calidade do Centro para a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

**Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 21/03/2018**

Orde do día:

1. Informes.
2. Proposta de horarios para o curso 2018-19.

Ás 10:00 do día 21 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Eugenio Fernández por coincidirille con docencia e Carlos Amiama por ter outra reunión da Comisión do Máster en Dirección de Proxectos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

2. Proposta de horarios para o curso 2018-19.

O Decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do PDA, do calendario académico do curso 2018-19 e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso

coordinar. Ademais o Consello de Goberno da USC acordou que o período de consultas cos representantes do estudantado dirixido ao establecemento do calendario de exames para o curso 2018-19 tería como data límite de celebración o 30 de abril de 2018.

Todas estas cuestións reduciron considerablemente o tempo efectivamente dispoñible para a elaboración dos horarios con respecto a outros cursos e dificultaron a súa coordinación tanto a nivel das titulacións do propio centro como do profesorado que imparte a docencia. Sendo consciente das dificultades, agradeceu ao Coordinador do Título o esforzo realizado para a elaboración da proposta presentada.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade non aprobar a proposta de horarios para o curso 2018-19 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, co obxecto de resolver adecuadamente todas as incidencias recibidas e outras que podan xurdir. Por este motivo, a aprobación efectuarase posteriormente nunha vindeira reunión da Comisión ou da Xunta de Facultade segundo corresponda.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 05/04/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
3. Proposta de modificación da Rúbrica do TFG.
4. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2017-18.

Ás 10:00 do día 5 de abril de 2018 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Eugenio Fernández por coincidirle con docencia e Mercedes Novo por ter unha cita médica. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste punto o Decano e Coordinador do Título informaron sobre a elaboración dos horarios 2018-19, que aínda se atopan pendentes de aprobación. Despois dun intercambio de impresións **os asistentes acordaron por unanimidade remitir a todas as partes interesadas a nova proposta de horarios, concedendo un prazo de suxestións ata o vindeiro día 13 de abril e levando a cabo unha reunión de carácter informal o vindeiro 16 para revisar e coordinar este asunto, para aprobalos na seguinte reunión da Comisión.**

2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O Decano informa de que hai 19 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2017-18, dos cales 8 xa teñen presentada a súa proposta e 11 presentárona nesta oportunidade. A continuación foi dando lectura ás mesmas aínda que xa foran remitidas por correo electrónico previamente.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar todas as propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Agra Freire, Beatriz (*)	Proxecto dun Sistema de Ventilación para a Eliminación do Gas Radón (²²² Rn) con Aproveitamento Enerxético nunha Vivenda Unifamiliar.
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	
Brezmes Villaraviz, Diego (*)	Proyecto de Instalación Eléctrica e Iluminación de una Fábrica de Piensos.
<i>(*) Debe incluír estudo básico de seguridade e saúde</i>	
Díaz Díaz, María Herminia (*)	Planta para la Producción de 60.000t/año de VAM: Diseño de la Columna de Lavado.
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	
Fernández Ferreiro, Dolores (*)	Nave industrial para actividad de calderería en Polígono Industrial de "Río do Pozo", Narón (A Coruña)
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica e debe incluír estudo de seguridade ou saúde (básico ou completo en función do proxecto).</i>	
Grandio García, Álvaro (*)	Proxecto dunha Instalación Térmica de Aeroterminia para calefacción e ACS nunha Vivenda Unifamiliar.
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto.</i>	
Iglesias Salvador, Laura (*)	Proyecto de Transformación de un Autobús en Vehículo Vivienda con Optimización Energética en la parte Habitable.
<i>(*) Non procede o estudo básico de seguridade e saúde nin avaliación financeira do proxecto</i>	
Muíña Morán, Raquel	Planta para la Producción de 60.000t/año de VAM: Diseño del Sistema de Intercambio de Calor para Corrientes a muy Baja Temperatura.
Rego Freire, Roberto	Proyecto de Diseño de Aprovechamiento de la Energía Disipada de una Cámara Frigorífica para Satisfacer las Necesidades de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria de una Vivienda Unifamiliar.
Rodríguez Arias, Karen	Planta para la Producción de 60.000 t/año de VAM: Diseño de la Sección de Separación del Producto Final.
Varela Rodríguez, Pablo (*)	Proxecto dunha Instalación Térmica de Leña e Enerxía Solar para Calefacción e ACS nunha Vivenda Unifamiliar.
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto</i>	
Viñas López, Rubén	Proyecto de Diseño e Instalación de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria con Apoyo de Energía Solar Térmica en un Edificio de Viviendas.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2017-18 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	CO TITOR	ÁREA	%
1	Agra Freire, Beatriz	Proxecto dun Sistema de Ventilación para a Eliminación do Gas Radón (²²² Rn) con Aproveitamento Enerxético nunha Vivenda Unifamiliar.	Aida Jover Ramos	755	100%			
2	Brezmes Villaraviz, Diego	Proxecto de Instalación Eléctrica e Iluminación de una Fábrica de Piensos.	Miguel Ángel González García	500	100%			
3	Cuadros Fernández, Manuel José	Proxecto para el Aprovechamiento de los Restos de Poda de la Vid para a Producción de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria de una Bodega y Calefacción de Distrito de Zona Residencial Anexa mediante Cogeneración con Placas Solares Térmicas.	Aida Jover Ramos	755	100%			
4	Díaz Díaz, María Herminia	Planta para la Producción de 60.000l/año de VAM: Diseño de la Columna de Lavado.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
5	Dorado Labandeira, Adrián	Proxecto de Diseño de un Biodixestor de Xurro de Fluxo en Pistón de Volume Flexibel aos distintos tipos e tamaños de Explotacións Gandeiras Galegas.	Aida Jover Ramos	755	100%			
6	Fernández Ferreiro, Dolores	Nave industrial para actividad de calderería en Polígono Industrial de "Río do Pozo", Narón (A Coruña)	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
7	Grandío García, Álvaro	Proxecto dunha Instalación Térmica de Aerotermia para calefacción e ACS nunha Vivenda Unifamiliar.	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
8	Iglesias Salvador, Laura	Proxecto de Transformación de un Autobús en Vehículo Vivienda con Optimización Energética en la parte Habitable.	Aida Jover Ramos	755	100%			
9	López Gómez, Rubén	Proxecto dunha Instalación Térmica de Biomasa e Enerxía Solar Térmica para Calefacción e AQS nun Edificio Multifamiliar	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
10	Muiña Morán, Raquel	Planta para la Producción de 60.000l/año de VAM: Diseño del Sistema de Intercambio de Calor para Corrientes a muy Baja Temperatura.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
11	Pacio Rivas, Rudy	Diseño de un Pasteurizador de Leche para pequeñas Instalaciones Ganaderas.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
12	Rego Freire, Roberto	Proxecto de Diseño de Aprovechamiento de la Energía Disipada de una Cámara Frigorífica para Satisfacer las Necesidades de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria de una Vivienda Unifamiliar.	Aida Jover Ramos	755	100%			
13	Rodríguez Arias, Karen	Planta para la Producción de 60.000 l/año de VAM: Diseño de la Sección de Separación del Producto Final.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
14	Rodríguez Otero, Anibal	Diseño de Instalación de Molienda de Cemento con capacidad de 600.000 tn/año.	Aida Jover Ramos	755	50%	Eugenio Fernández Carrasco	555	50%
15	Sanjurjo Sanjurjo, Diego	Proxecto de Diseño de un Sistema de Enfriamiento de Condensados en la Planta de Concentrado de Suero en Vilalba.	Aida Jover Ramos	755	100%			
16	Varela López, Rocío	Proxecto de Mejora y Optimización de un Proceso de Concentración a Vacío del Suero de Desecho de una Quesería.	Aida Jover Ramos	755	100%			
17	Varela Rodríguez, Pablo	Proxecto dunha Instalación Térmica de Leña e Enerxía Solar para Calefacción e ACS nunha Vivenda Unifamiliar.	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
18	Vázquez Ramos, Diego	Proxecto de Diseño de un Equipo de Tratamiento Térmico de las Castañas a Nivel Familiar y/ o de Pequeña Empresa.	Aida Jover Ramos	755	100%			
19	Víñas López, Rubén	Proxecto de Diseño e Instalación de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria con Apoyo de Energía Solar Térmica en un Edificio de Viviendas.	Aida Jover Ramos	755	100%			

3. Proposta de modificación da Rúbrica do TFG.

O Decano informa de que na Comisión do pasado 6 de marzo se elaborou un borrador de modificación da Rubrica de Avaliación de TFG o cal se remitiu aos membros co obxecto de meditar sobre a mesma e aprobalas en vindeiras reunións da Comisión.

Os asistentes comentaron o borrador e indicaron as súas opinións ao respecto e, finalmente, **acordaron por unanimidade aprobar a modificación da Rubrica de Avaliación de TFG do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, a cal entrará en vigor para o vindeiro curso 2018-19** e que se acompaña como ANEXO I á presente acta.

4. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2017-18.

O Decano informa que dado o interese mostrado polo alumnado do Grao, igual que nos cursos precedentes, na realización de prácticas académicas externas curriculares para o seu

recoñecemento como créditos optativos, confeccionouse a proposta de convocatoria de prácticas académicas externas para o curso 2017-18 e remitiuse xunto coa convocatoria desta comisión, co obxecto de que os asistentes tiveran a oportunidade de revisala e facer posibles suxestións. Para a súa elaboración tívose en conta a normativa en vigor e especialmente o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC. Tamén indicou que é preciso asignar titores académicos a cada praza ofertada.

Despois de facer comentarios e achegas sobre a mesma, **os asistentes aproban por unanimidade:**

- **A Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o curso 2017-18 para Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais a cal se publicará o vindeiro día 9 de abril e da que se acompañará unha copia como ANEXO II á presente acta.**
- **Autorizar ao Decano para que no caso de recibir algunha oferta máis de prazas por parte das empresas/entidades que teñan convenio asinado esta se incorpore á convocatoria que se publique o vindeiro día 9 de abril.**
- **Delegar no Decano e Presidente da Comisión a facultade para realizar todos os actos e publicacións derivados da presente convocatoria, sempre e cando non se produzan reclamacións, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 20/04/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Proposta de horarios para o curso 2018-19.

Ás 10:00 do día 20 de abril de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por coincidirlle con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informa de que a Responsable de Calidade do Centro achega o informe de abandono potencial do GEPQI, remitido pola Área de Calidade, que recolle ao alumnado que iniciou estudos no curso 2017-18 e non superou ou non se presentou ningunha materia do 1º semestre.

Co obxectivo de minimizar o abandono nos vindeiros cursos e aumentar as taxas de rendemento académico, a Comisión de Título analizou este informe e discutiron acerca da posibilidade de levar a cabo algunha acción ou actividade dirixida a este alumnado. Nesta ocasión hai 2 alumnos, moitos menos que en ocasións anteriores.

Tras a análise das posibles causas, os asistentes **acordaron por unanimidade recoller**

información sobre as circunstancias deste alumnado para ver que accións se poden levar a cabo para reducir o abandono.

O Decano tamén recordou aos asistentes da necesidade de coordinar as probas de avaliación optativas co obxecto de non saturar ao alumnado en determinadas datas. **Os asistentes acordaron por unanimidade organizar unha reunión específica de coordinación para tratar este asunto.**

2. Proposta de horarios para o curso 2018-19.

O Decano informou de que a Xunta de Facultade acordou o pasado 22 de marzo delegar na Comisión de Título para que elaborase unha nova proposta de horarios e calendarios e resolvese as alegacións presentadas á mesma.

A nova proposta de horarios foi elaborada e posta a exposición pública e na mesma tratouse de manter na medida do posible as franxas horarias dos anos anteriores, tendo en conta a coincidencia en segundo curso de materias do plan novo e do plan vello, así como a presenza de materias optativas no segundo cuadrimestre de segundo.

Sobre esta proposta recibíronse diversas suxestións e solicitudes de modificación e a continuación foi dando lectura as mesmas (acompañanse como ANEXO á presente acta) e fóronse **adoptando os seguintes acordos por unanimidade dos asistentes:**

- G4031111 Economía e Xestión de Empresas: **acéptase a modificación solicitada**, desprázase algunhas horas de Química II á súa franxa habitual.
- G4031109 Métodos Estatísticos: solicitaba intercambio entre horas expositivas, de seminarios e titorías. Sobre a proposta presentada foi preciso realizar algúns axustes que foron acordados co profesorado polo que finalmente **a proposta foi aceptada.**
- G4031108 Química II: solicitaba literalmente o seguinte: *“As horas de titoría da 8ª semana convertelas en horas expositivas, poñer as horas de titoría na semana 11ª e poñer como 3ª hora de seminario a do xoves 4 de abril (10ª semana)”*. **Acéptase a proposta.**
- G4031227 Transferencia de Materia: solicita o cambio de data dunha hora de titoría. **Acéptase a proposta.**
- G4031228 Cinética Química: solicitaba intercambio entre horas expositivas, de seminarios e titorías e pequenos cambios de datas para evitar as horas expositivas nas mesmas semanas que as prácticas. **Acéptase a proposta.**
- G4031221 Termodinámica Aplicada: intercambio entre horas expositivas e de seminario. **Aceptouse a proposta con algún pequeno cambio de data.**

- En canto ás alegacións presentadas polo profesorado da Área de Matemática Aplicada os asistentes **acordan por unanimidade o seguinte:**

Aceptar a proposta presentada de intercambiar a franxa horaria da materia Matemáticas I con Química I de xeito que a 1ª se imparta en horario de 10 a 11 horas e a 2ª de 9 a 10 horas. Este cambio foi posible despois de que a Área de Química Inorgánica reorganizara o seu POD para poder atender a esta petición e evitar incompatibilidades co restante encargo docente das materias que pertencen á Área de Química Inorgánica.

Non se acepta a agrupación de titorías de todos os grupos, no mesmo día e co mesmo horario, porque deste xeito non se contemplan todas as horas do PDA 18-19 aprobado pola Vicerreitoría de Organización Académica e PDI.

A alegación relativa á redución do número de horas semanais de clase a 4 non se acepta, debido ao gran número de horas totais das que constan as materias da Área o que fai necesario que se organice en máis de 4 horas semanais.

En canto a que as datas de exames deban ser coincidentes coas do Grao en Enxeñaría Civil, a proposta de exames elaborada pola Comisión foi acordada cos representantes do alumnado do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, tendo en conta o acordo do Consello de Goberno da USC do 5 de febreiro de 2018.

No caso de precisar a realización doutras probas de avaliación en datas distintas das establecidas nos calendarios, estas poderán propoñerse dentro das horas de docencia que figuran nos horarios ou fóra das mesmas previa comunicación ao Coordinador do Título.

Finalmente, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2018-19 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** a cal se someterá a aprobación na vindeira Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 22/05/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2018-19.

Ás 11:00 do día 22 de maio de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores M^a José Vázquez Vila e Carlos Amiama por coincidirilles cun curso de formación e a do profesor Eugenio Fernández por participar nas Xornadas de Xoves Investigadores no Centro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informa de que nos horarios aprobados recentemente para o vindeiro curso 2018-19 recollíanse, para a materia G4031230 Estruturas I, dous grupos de docencia interactiva de laboratorio e sen embargo en PDA, por erro, só figuraba un grupo. Por este motivo, solicitouse a creación dun grupo adicional de docencia interactiva de laboratorio de centro para a citada materia.

2. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2018-19.

O Decano foi dando a palabra aos coordinadores dos distintos módulos da titulación que se

ocuparon de facer a revisión das programacións docentes.

Finalmente, as materias que precisan modificación son as seguintes:

a) G4031202 Matemáticas III

No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase a información mínima da guía docente entre a que se atopan as linguas de impartición.

b) G4031223 Química Inorgánica

No apartado tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala: deberá levar a cabo modificacións nas horas para clarificar correctamente este apartado.

c) G4031229 Química Orgánica

No apartado sistema de avaliación da aprendizaxe: deberá levar a cabo modificacións das porcentaxes.

d) G4031230 Estruturas I

No apartado sistema de avaliación da aprendizaxe deberea modificarse para adaptalo á memoria do título.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar as programacións docentes para o curso 2018-19 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais unha vez que se verifique que todos os cambios que é preciso realizar se levaron a cabo**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 05/07/2018

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 5 de xullo de 2018 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Carlos Amiama por coincidirle con outro evento e a de Juan M. Ortigueira por ter exame. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 06/03/2018, 15/03/2018, 21/03/2018, 05/04/2018, 20/04/2018 e 22/05/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O Decano informa de que na vindeira oportunidade de presentación dos TFG deste curso,

ademais da presentación do mesmo e de toda a documentación indicada na normativa aprobada, o alumno terá que solicitar a defensa a través da secretaría virtual e subir á aplicación correspondente o TFG, tal e como veñen facendo a maioría dos centros da USC ao longo deste curso.

Tamén informou da asistencia á Xornada de presentación do “*Proyecto Galicia 2030, Perfiles profesionales de futuro, y nuevas titulaciones y especialidades universitarias*” organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria relacionado cos novos perfís profesionais e mapa de titulacións do SUG.

3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.

O Decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO I á presente acta.**

4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2017-2018. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Brezmes Villaraviz, Diego	Diseño da Instalación Eléctrica e Iluminación de unha Fábrica de Pensos
2	Díaz Díaz, María Herminia	Planta para la Producción de 60.000t/año de VAM: Diseño de la Columna de Lavado.
3	Grandio García, Álvaro	Proxecto dunha Instalación Térmica de Aerotermia para calefacción e ACS nunha Vivenda Unifamiliar.
4	Iglesias Salvador, Laura	Proyecto de Transformación de un Autobús en Vehículo Vivienda con Optimización Energética en la parte Habitable.
5	Muíña Morán, Raquel	Planta para la Producción de 60.000t/año de VAM: Diseño del Sistema de Intercambio de Calor para Corrientes a muy Baja Temperatura.
6	Rego Freire, Roberto	Proyecto de Diseño de Aprovechamiento de la Energía Disipada de una Cámara Frigorífica para Satisfacer las Necesidades de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria de una Vivienda Unifamiliar.
7	Rodríguez Arias, Karen	Planta para la Producción de 60.000 t/año de VAM: Diseño de la Sección de Separación del Producto Final.
8	Varela López, Rocío	Proyecto de Mejora y Optimización de un Proceso de Concentración a Vacío del Suero de Desecho de una Quesería.
9	Varela Rodríguez, Pablo	Proxecto dunha Instalación Térmica de Leña e Enerxía Solar para Calefacción e ACS nunha Vivenda Unifamiliar.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2017-2018:**

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Julio Antonio Seijas Vázquez	1º Eugenio Fernández Carrasco
Vocal: José Manuel Martínez Ageitos	2º Mª Mercedes Novo Rodríguez
Secretario: Carlos Amiama Ares	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Data: 17/07/2018 ás 10:00 horas	

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 06/09/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 10:00 do día 6 de setembro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da representante do alumnado por atoparse fora da cidade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste apartado o Decano informa da evolución da matrícula e da resolución de pequenos erros detectados na matrícula do alumnado do plan vello. Tamén dalgunhas cuestións relacionadas coa calidade.

2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2017-2018. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI
1	Fernández Ferreiro, Dolores	Nave industrial para actividad de calderería en Polígono Industrial de "Río do Pozo", Narón (A Coruña)

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2017-2018:**

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Eugenio Fernández Carrasco	1º Juan Manuel Ortigueira Amor
Vocal: José Manuel Martínez Ageitos	2º Julio Antonio Seijas Vázquez
Secretario: Carlos Amiama Ares	3º Mª José Vázquez Vila
Data: 18/09/2018 ás 16:30 horas	

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 02/10/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Actas consolidadas 2017-2018.
3. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Licenciatura en Química da USC.

Ás 10:00 do día 2 de outubro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Julio A. Seijas por ter concedido un permiso, Eugenio Fernández por asuntos persoais e Carlos Amiama por atoparse de viaxe. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano indica que nesta ocasión se recibiu un informe de coordinación académica, de data 18 de setembro de 2018, emitido polo Coordinador do TFG, relativo á reunión mantida co alumnado para informalos acerca dos últimos acordos desta comisión relacionados co TFG e a súa avaliación mediante Rúbrica. Esta acción informativa desenvólvese segundo o previsto no Plan de Acción Titorial do Centro no seu apartado III.

O Coordinador do GEPQI informou acerca do inicio dun novo prazo de matrícula para alumnos de novo ingreso o vindeiro día 5 de outubro.

Os asistentes acordan por unanimidade incorporar o informe de coordinación como

ANEXO á presente acta.

2. Actas consolidadas 2017-2018.

O Decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2017-18, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado cualificado, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén o que solicitou renuncia.

O Decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de “matrícula de honra” corresponderá realizala á Comisión Académica do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2017-18 á alumna Laura Iglesias Salvador.**

No caso das actas consolidadas de Prácticas en Empresas, que teñen carácter optativo, o Decano propón non outorgar matrícula de honra dadas as dificultades para facelo con criterios homoxéneos, por depender da avaliación dos tiores externos. **Os asistentes acordan por unanimidade non outorgar a mención de matrícula de honra na materia Prácticas en Empresa do curso 2017-18.**

3. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Licenciatura en Química da USC.

O Decano indica que tras recibir unha solicitude de recoñecemento de alumnado procedente da Licenciatura en Química da USC, se elaborou unha proposta de táboa de recoñecemento a partir das táboas de adaptación anteriores para a titulación de Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade Química Industrial e das consultas feitas ao profesorado das diferentes áreas no caso de novas situacións de recoñecemento non contempladas nas táboas anteriores.

Tras unha análise polo miúdo da proposta recibida xunto coa convocatoria, **os asistentes acordaron por unanimidade aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (V01 e V02), de alumnos procedentes da titulación Licenciatura en Química da USC, do plano de estudos do BOE 24/04/1995:**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS					
TITULACIÓN:	G4031V01	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 22/02/2011						
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:		FACULTADE DE QUÍMICA					
TITULACIÓN:		LICENCIATURA EN QUÍMICA					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 24/04/1995						
LICENCIATURA EN QUÍMICA				GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (V01)			
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
901103	Física I	TR	6.0	G4031101	Física I	FB	6.00
901104	Física II	TR	6.0	G4031106	Física II	FB	6.00
901101	Enlace Químico e Estrutura da Materia	TR	4.0				
901204	Química Física II	TR	4.0	G4031103	Química I	FB	6.00
901111	Laboratorio Químico Básico	OB	2.0	G4031108	Química II	FB	6.00
901124	Técnicas de Traballo no Laboratorio	OP	4.0				
901110	Química Física I	TR	6.0				
901105	Matemáticas I	TR	6.0	G4031102	Matemáticas I	FB	6.00
901106	Matemáticas II	TR	6.0	G4031107	Matemáticas II	FB	6.00
901102	Enxeñaría Química I	TR	3.5	G4031121	Fundamentos de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	OB	6.00
901201	Enxeñaría Química II	TR	3.5				
901108	Química Inorgánica I	TR	5.0	G4031223	Química Inorgánica	OB	6.00
901202	Experimentación en Síntese Inorgánica	TR	7.5				
901109	Química Orgánica I	TR	4.0	G4031229	Química Orgánica	OB	6.00
901206	Química Orgánica II	TR	6.0				
901303	Experimentación en Síntese Orgánica	TR	7.5				
901107	Química Analítica I	TR	6.0	G4031224	Química Analítica	OB	6.00
901203	Química Analítica II	TR	4.0				
901213	Química Analítica Experimental	OB	4.0				
901207	Técnicas Experimentais en Química Física	TR	7.5	G4031228	Cinética Química	OB	6.00
901313	Ampliación de Química Física I	OB	5.0				
901411	Materiais Inorgánicos	TR	4.0	G4031325	Ciencia de Materiais	OB	6.00
901526	Estrutura e Enlace en Sólidos Inorgánicos	OP	4.5				
901451	Química Inorgánica Ambiental	OP	4.5	G4031442	Química e Control Ambiental	OP	6.00
901521	Análise de Contaminantes de Augas	OP	4.5				
901524	Especiación e Análise da Contaminación Atmosférica	OP	4.5				
901536	Técnicas de Mostraxe Ambiental	OP	4.5				
901529	Metalurxia Extractiva	OP	4.5	G4031450	Metalurxia	OP	6.00
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS NON RECOÑECIDAS	CAR.	CRÉD.
901122	Iniciación á Informática	OP	4.0	G4031104	Informática	FB	6.00
Motivo: a materia cursada non cobren axeitadamente os obxectivos e competencias que establece o plano de estudos do Grao.							
901521	Análise de Contaminantes de Augas	OP	4.5				
901523	Contaminación e Recuperación do Solo	OP	4.5	G4031329	Tecnoloxía Medioambiental	OB	6.00
901536	Técnicas de Mostraxe Ambiental	OP	4.5				
Motivo: Non hai correspondencia cos obxectivos e competencias que establece e o plan de estudos.							

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS					
TITULACIÓN:	G4031V02	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 11/10/2017						
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:		FACULTADE DE QUÍMICA					
TITULACIÓN:		LICENCIATURA EN QUÍMICA					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 24/04/1995						
LICENCIATURA EN QUÍMICA				GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (V02)			
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
901103	Física I	TR	6.0	G4031101	Física I	FB	6.00
901104	Física II	TR	6.0	G4031106	Física II	FB	6.00
901101	Enlace Químico e Estrutura da Materia	TR	4.0				
901204	Química Física II	TR	4.0	G4031103	Química I	FB	6.00
901111	Laboratorio Químico Básico	OB	2.0	G4031108	Química II	FB	6.00
901124	Técnicas de Traballo no Laboratorio	OP	4.0				
901110	Química Física I	TR	6.0				
901105	Matemáticas I	TR	6.0	G4031102	Matemáticas I	FB	6.00
901106	Matemáticas II	TR	6.0	G4031107	Matemáticas II	FB	6.00
				G4031202	Matemáticas III	FB	6.00
901102	Enxeñaría Química I	TR	3.5	G4031232	Enxeñaría Química I	OB	6.00
901201	Enxeñaría Química II	TR	3.5				
901108	Química Inorgánica I	TR	5.0				
901202	Experimentación en Síntese Inorgánica	TR	7.5	G4031223	Química Inorgánica	OB	6.00
901109	Química Orgánica I	TR	4.0				
901206	Química Orgánica II	TR	6.0	G4031229	Química Orgánica	OB	6.00
901303	Experimentación en Síntese Orgánica	TR	7.5				
901311	Ampliación de Química Analítica I	OB	4.0	G4031333	Química Analítica Instrumental	OB	6.00
901312	Ampliación de Química Analítica II	OB	4.0				
901207	Técnicas Experimentais en Química Física	TR	7.5	G4031228	Cinética Química	OB	6.00
901313	Ampliación de Química Física I	OB	5.0				
901411	Materiais Inorgánicos	TR	4.0	G4031325	Ciencia de Materiais	OB	6.00
901526	Estrutura e Enlace en Sólidos Inorgánicos	OP	4.5				
901451	Química Inorgánica Ambiental	OP	4.5	G4031442	Química e Control Ambiental	OP	6.00
901521	Análise de Contaminantes de Augas	OP	4.5				
901524	Especiación e Análise da Contaminación Atmosférica	OP	4.5				
901536	Técnicas de Mostraxe Ambiental	OP	4.5				
901529	Metalurxia Extractiva	OP	4.5	G4031450	Metalurxia	OP	6.00
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS NON RECOÑECIDAS	CAR.	CRÉD.
901122	Iniciación á Informática	OP	4.0	G4031104	Informática	FB	6.00
Motivo: a materia cursada non cobren axeitadamente os obxectivos e competencias que establece o plano de estudos do Grao.							
901521	Análise de Contaminantes de Augas	OP	4.5				
901523	Contaminación e Recuperación do Solo	OP	4.5	G4031329	Tecnoloxía Medioambiental	OB	6.00
901536	Técnicas de Mostraxe Ambiental	OP	4.5				
Motivo: Non hai correspondencia cos obxectivos e competencias que establece e o plan de estudos.							

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 09/11/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

Ás 10:00 do día 9 de novembro de 2018 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Beatriz Agra Freire	Alumna

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Eugenio Fernández por coincidirle con docencia e Carlos Amiama por coincidirle con outro evento. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O Decano informa de que hai 23 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2018-19, dos cales tres xa teñen presentada a súa proposta en cursos anteriores e un presentouna nesta oportunidade, supoñendo que os restantes o farán no 2º semestre. A continuación deu lectura á mesma, aínda que xa fora remitida por correo electrónico previamente.

Do mesmo xeito tamén deu lectura a dúas solicitudes de modificación de propostas de TFG recibidas para incorporación de novos cotitores no caso dos seguintes alumnos:

Beatriz Agra Freire, solicita incorporar como cotitor ao profesor Miguel Ángel González García.
Adrián Dorado Labandeira, solicita incorporar como cotitor ao profesor Eugenio Fernández Carrasco.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar a propostas de TFG e modificacións presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Agra Freire, Beatriz (*)	Proxecto dun Sistema de Ventilación para a Eliminación do Gas Radón (²²² Rn) con Aproveitamento Enerxético nunha Vivenda Unifamiliar.
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	
Díaz Fernández, Sheila	Proxecto de Sistema de Almacenamento e Tratamento de Biogás Producido por un Biodixestor en Granxas de Tamaño Medio.
Dorado Labandeira, Adrián (*)	Proxecto de Deseño de un Biodixestor de Xurro de Fluxo en Pistón de Volume Flexibel aos distintos tipos e tamaños de Explotacións Gandeiras Galegas.
<i>(*) Debe incluír o estudo de seguridade e saúde</i>	

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2018-19 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Agra Freire, Beatriz	Proxecto dun Sistema de Ventilación para a Eliminación do Gas Radón (²²² Rn) con Aproveitamento Enerxético nunha Vivenda Unifamiliar.	Aida Jover Ramos	755	50%	Miguel Ángel González García	500	50%
2	Díaz Fernández, Sheila	Proxecto de Sistema de Almacenamento e Tratamento de Biogás Producido por un Biodixestor en Granxas de Tamaño Medio.	Aida Jover Ramos	755	100%			
3	Dorado Labandeira, Adrián	Proxecto de Deseño de un Biodixestor de Xurro de Fluxo en Pistón de Volume Flexibel aos distintos tipos e tamaños de Explotacións Gandeiras Galegas.	Aida Jover Ramos	755	50%	Eugenio Fernández Carrasco	555	50%
4	Viñas López, Rubén	Proxecto de Deseño e Instalación de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria con Apoyo de Energía Solar Térmica en un Edificio de Viviendas.	Aida Jover Ramos	755	100%			

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 21/11/2018

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Solicitude de recoñecemento por experiencia profesional.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 21 de novembro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Gerardo Pereira por baixa médica, Mercedes Novo e Carlos Amiama por ter docencia á mesma hora e da representante do alumnado, Beatriz Agra, por atoparse fóra da cidade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 05/07/2018, 06/09/2018, 02/10/2018 e 09/11/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

3. Solicitude de recoñecemento por experiencia profesional.

O Decano informa de que foi recibida solicitude de recoñecemento de materias por experiencia profesional e se solicitou ao profesorado encargado da docencia informe sobre a procedencia ou non do recoñecemento. Tal e como se acordou en pasadas comisións, se o informe é favorable o Presidente da Comisión por delegación pode emitir o informe no mesmo sentido, e se é desfavorable é a Comisión a que decide finalmente a procedencia ou non do recoñecemento.

No caso das materias Máquinas e Mecanismos e Organización Industrial o informe foi favorable, pero no caso da materia Estruturas I o profesorado considerou non dispoñer de información suficiente para informar favorable ou desfavorablemente o recoñecemento da materia.

Os asistentes, tras analizar documentación presentada pola alumna M^a José Moreiras Ledo xunto cos informes emitidos polo profesorado responsable da docencia das materias, **acordaron por unanimidade informar favorablemente o recoñecemento de créditos por experiencia profesional para as materias Estruturas I, Máquinas e Mecanismos e Organización Industrial.**

4. Rogos e preguntas.

Nesta punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 29/01/2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2019-20.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 29 de xaneiro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do profesor Eugenio Fernández Carrasco por coincidirlle con docencia e da representante do alumnado Beatriz Agra Freire por atoparse fóra da cidade. Tamén indica que asiste como invitado o profesor José Manuel Martínez Ageitos que recentemente cesou como Decano. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recolle a actas que estaba pendente de aprobación de data 21/11/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O Decano informa de que se tratará de recuperar os premios para os traballos de fin de grao que

xa houbo no Centro fai moitos anos antes da implantación dos graos. Xa se atopa en conversas co COETIL de Lugo e coa empresa Torre de Núñez para tratar de alcanzar acordos para que o premio consista nunca bolsa de traballo nalgunha empresa, de 3 a 6 meses de duración.

3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2019-20.

O Decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2019-20 para os títulos de Grao e deu lectura aos aspectos mais relevantes da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o curso 2019-20 con respecto á do presente curso (50 prazas de inicio e 3 para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros).**

4. Rogos e preguntas.

Nesta punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 12/02/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. PDA curso 2019-20.
3. Proposta de nomeamento de Coordinador de Prácticas Externas.

Ás 10:30 do día 12 de febreiro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Eugenio Fernández Carrasco por coincidirlle con docencia e Carlos Amiama por gozar dun día de asuntos propios previamente concedido. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

2. PDA curso 2019-20.

O Decano indica que, tendo en conta a normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019-20, aprobada polo Consello de Goberno, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2019-20 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. Estes datos foron revisados e tras varias conversas co servizo correspondente da

USC finalmente foron corrixidos o nº de alumnos e grupos de docencia para as materias, tanto da 1ª como da 2ª edición do Grao.

Na versión 1ª ou plan vello, terá docencia no curso 2019-20 tan só o 4º curso do GEIP, sen embargo quedarán con docencia no 1º semestre as materias de 3º curso G4031326 Instrumentación e Control de Procesos e G4031327 Experimentación en Química Industrial II, xa que na 2ª edición ou plan novo estas materias ou equivalentes non se implantarán ata o curso 2020-21 e así o alumnado que ten pendente a súa superación poderá asistir ás correspondentes clases.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Na materia G4031424 Prácticas Externas e G4031425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área correspondentes aos alumnos matriculados na materia no curso 2017-18 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título.

Na 2ª edición ou plan novo, a docencia estará implantada no 2019-20 ata o 3º curso inclusive.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Corrección de horas de docencia: tal e como figura en Xescampus na liña correspondente ao centro, e segundo o indicado na Memoria do GEPQI, solicítase a corrección do nº de horas de docencia para algunhas materias do 3º curso que a partir do 2019-20 se impartirán nesta nova versión do plan de estudos e que son as seguintes: G4031226 Transmisión de Calor, G4031227 Transferencia de Materia, G4031228 Cinética Química, G4031323 Enxeñaría da Reacción Química e G4031324 Máquinas e Mecanismos.
- Solicitud de creación de 1 grupo de centro adicional de docencia interactiva de laboratorio para a materia G4031230 Estructuras I, de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Enxeñaría Agroforestal por mor do procedemento de avaliación que segue un sistema de valoración continua do alumnado.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2019-20 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

3. Proposta de nomeamento de Coordinador de Prácticas Externas.

O Decano indica que no plan vello do GEPQI non se incluían as prácticas externas como unha materia propiamente dita, senón que se podía obter un recoñecemento de ata 12 créditos optativos pola realización de prácticas externas relacionadas co Grao. Por este motivo, non se incorporara á Comisión do Título a figura do Coordinador de Prácticas e as tarefas relacionadas coa xestión e coordinación das mesmas foran asumidas polo Decano.

Na 2ª edición do plan de estudos do GEPQI, as prácticas en empresas contéplanse como unha materia optativa máis e, debido a isto, na estrutura de Comisión do GEPQI recollida no Manual do SGIC xa se contemplou esta figura do Coordinador de Prácticas.

A continuación informou de que, tras abrir un período para que os interesados se presentaran voluntarios e non presentarse ninguén, propón que sexa o Profesor José Manuel Martínez Ageitos quen desenvolva esta labor dada a súa experiencia de cursos pasados.

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposición como Coordinador de Prácticas Externas do Profesor José Manuel Martínez Ageitos**, o cal se someterá á aprobación da Xunta de Facultade.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 11/03/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Seguimento do GEPQI 2017-18: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

Ás 12:15 do día 11 de marzo de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos profesores Julio A. Seijas e M^a José Vázquez por coincidirilles con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informa da presenza do Centro nas redes sociais Facebook e Twiter, e invitou aos membros á súa utilización para a difusión de información de interese.

A continuación cedeu a palabra ao Coordinador de Prácticas Externas que informou da reunión mantida co alumnado para tratar sobre a convocatoria de prácticas externas deste curso. Indicou que se lles comunicou a intención de variar o calendario para o curso 2019-20 e ofertar as prácticas desde o mes de febreiro ata a 1ª semana de setembro para favorecer que o alumnado acuda á súa realización cando teña os seus estudos xa moi avanzados (4º curso) o que favorece a realización das mesmas polo avanzado da súa formación e aumenta as posibilidades de

contratación. Por iso na convocatoria deste curso se espera ter poucas solicitudes por parte do alumnado e máis para a do curso 2019-20.

2. Seguimento do GEPQI 2017-18: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

O Decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizase o seguimento do GEPQI para o curso 2017-18. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro.

O Coordinador do Título indica que recompilou e puxo á disposición da Comisión todos os datos necesarios para realizar as diferentes análises de resultados do Grao, establecer accións mellora ou propostas de modificacións do mesmo. A continuación fixo un resumo dos datos máis relevantes.

A Comisión analizou a información proporcionada para levar a cabo o seguimento do Título e elaborou os informes correspondentes que se incorporan nas directrices da Memoria de Calidade do Centro do curso 2017-18 e que recollen as reflexións levadas a cabo polos membros da Comisión. O Coordinador do Título dará traslado á Comisión de Calidade do Centro das áreas de mellora detectadas e as propostas e accións a adoptar.

A continuación, a Responsable de Calidade do Centro informou do estado das accións de mellora do curso 2017-18 relacionadas co título que foron formuladas como accións de mellora de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2017-18 no seu apartado 3, das que se fai un breve resumo a continuación:

AMF1718-2 Fomentar a realización de novos convenios con universidades estranxeiras. Foi executada durante o curso 2017-18 e asináronse novos convenios.

AMF1718-3 Recompilación de información sobre necesidades formativas (de egresados e empregadores) e preferencias (estudantes), mediante enquisas, reunións, etc. As enquisas leváronse a cabo no curso 2017-18 e os resultados foron analizados pola Comisión de Título, polo que se considera finalizada esta acción.

AMF1718-4 e 5 Elaboración do Plan de Captación e de Acción Titorial respectivamente. Foron elaborados e aprobados polo que esta acción considerase finalizada.

AMF1718-6 e 7 Necesidade de substitución de equipamentos docentes, concretamente a renovación de proxectores de vídeo para a docencia nas aulas e instalación de novas

infraestruturas, material e equipamento docente respectivamente. Tamén foi executada no curso 2017-18.

En canto ás accións de mellora para o vindeiro curso 2018-19, o Coordinador do Título e a Responsable de Calidade do Centro, tendo en conta as reflexións e achegas debatidas nesta Comisión, propoñen as seguintes:

- Elaboración e aprobación do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias. Neste caso trátase da continuación da acción de mellora que quedou pendente de execución no curso 2017-18.
- Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras para favorecer os intercambios.
- Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do Centro para aumentar a matrícula do GEPQI. Tratarase tamén de mellorar neste curso a xestión do acceso aos estudos por parte da CIUG para tratar de que a titulación apareza na preinscrición xunto ás similares do SUG noutros campus.
- Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento docente como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.
- Instalación dun cartel grande na fachada da Facultade e cambiar a rotulación do monolito exterior para que inclúa o nome da Facultade de Ciencias e os nomes dos graos que se imparten no Centro.
- Mellorar a información da páxina Web da Facultade de Ciencias e das súas titulacións.

Finalmente, os asistentes **acordan por unanimidade aprobar os informes e accións de mellora propostos que figurarán incorporados na Memoria de Calidade do Centro 2017-18** que se atopará dispoñible no enlace: <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>, unha vez aprobada na Comisión de Calidade do Centro e posteriormente pola Xunta de Facultade co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 26/03/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2018-19.

Ás 11:00 do día 26 de marzo de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente, desculpa a asistencia dos profesores Julio A. Seijas por ter outra reunión de investigación, Carlos Amiama por atoparse fóra da cidade e M^a José Vázquez por coincidirille con docencia. Tamén indica que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informa de que aínda non está aprobado o calendario académico para o curso 2019-20, nin tampouco o PDA por parte da correspondente Vicerreitoría, polo que cabe esperar que o prazo de aprobación dos horarios do 5 de abril finalmente se amplíe, dado o pouco tempo do que se disporá para a súa confección.

Tamén falou da oferta de prazas para o vindeiro curso e da publicación da Resolución do 20 de marzo de 2019 da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2018-19.

O decano informa que dado o interese mostrado polo alumnado do Grao, igual que nos cursos precedentes, na realización de prácticas académicas externas curriculares para o seu recoñecemento como créditos optativos, confeccionouse a proposta de convocatoria de prácticas académicas externas para o curso 2018-19 e remitiuse xunto coa convocatoria desta comisión, co obxecto de que os asistentes tiveran a oportunidade de revisala e facer posibles suxestións. Para a súa elaboración tívose en conta a normativa en vigor e especialmente o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC.

O coordinador de prácticas externas informou de que a convocatoria era moi similar á do curso anterior incorporando pequenas modificacións por variación de normativas (protección de datos, seguro, ...) e algunha aclaración adicional como a do punto 11.4.

Despois de facer comentarios e achegas sobre a mesma, incorporando a oferta dunha praza que se esquecera, os asistentes **aprobaron** por unanimidade **a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o curso 2018-19 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** a cal se publicará nos vindeiros días e da que se acompañará unha copia como ANEXO á presente acta.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 04/04/2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 4 de abril de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente, desculpa a asistencia dos profesores Juan M. Ortigueira por ter convocada previamente unha reunión do Departamento de Química Inorgánica e M^a José Vázquez Vila por coincidirlle con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 29/01/2019, 12/02/2019, 11/03/2019 e 26/03/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O decano informa de que nos vindeiros días profesorado do centro vai acudir á feira de

titulacións na cidade da Coruña e tamén a institutos de ensino de Galicia co obxecto de promocionar as titulacións.

3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de títos.

O Decano informa de que hai 24 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2018-19, dos cales 3 xa teñen aprobada a súa proposta de TFG en comisións pasadas, 1 propón a modificación da aprobada anteriormente, 3 non presentaron e 17 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión. A continuación foi dando lectura ás mesmas aínda que xa foran remitidas por correo electrónico previamente.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar todas as propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Abuín Castro, Rubén (*)	Proxecto de instalacións para área de servizo aislada mediante enerxía solar fotovoltaica.
<i>(*) Estímase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	
Arango Fernández, José Alfonso	Proxecto de deseño e homologación da reforma dun camión Nissan Trade a basculante por medio dun sistema de botellas impulsado hidráulicamente.
Blanco Losada, Raquel (*)	Diseño de un equipo para eliminación de los NOx en la obtención de ácido nítrico.
<i>(*) Estímase preciso a modificación do título polo que se indica e debe incluír avaliación financeira do proxecto.</i>	
Campos Andion, Cristian (*)	Proxecto de nave industrial para tratamento de neumáticos fóra de uso (NFU) a través de valorización material.
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto e xustificar o impacto ambiental segundo a normativa pero sen necesidade de realizar o estudo completo.</i>	
Cardezo García, Aída	Rediseño del sistema de refrigeración criogénica para la separación de condensado en el proyecto Viura.
Dorado Labandeira, Adrián (*)	Proyecto de una instalación de aerotermia y placas solares para calefacción y ACS en vivienda unifamiliar.
<i>(*) Debe incluír o estudo de seguridade e saúde</i>	
Gómez Carballo, Laura (*)	Proxecto dun biodixestor para produción de biogás a partir de materia orgánica porcina.
<i>(*) Estímase preciso a modificación do título polo que se indica e debe incluír avaliación financeira do proxecto.</i>	
Lage Rivera, Silvia (*)	Transformación de la E.D.A.R. de Xubín en E.R.A. (Oleiros A Coruña)
<i>(*) Debe incluír estudo básico de seguridade e saúde</i>	
Méndez López, Anabel	Diseño dun proceso de produción de urea a partir de CO ₂ emitido na industria cementeira.
Montenegro Quintana, Tatiana	Diseño de un intercambiador de calor de carcasa y tubos para planta piloto con fines educativos.
Paz Chaves, Laura (*)	Instalación para la obtención de aceite a partir de semilla de uva.
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto</i>	
Piñón Fraga, Isabel (*)	Proyecto de un sistema de calefacción con energías alternativas para "Distric Heating".
<i>(*) Estímase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	
Puente Blanco, Alberto (*)	Proxecto de Instalación de aerotermia e enerxía solar térmica para calefacción e ACS en vivenda unifamiliar.
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto e xustificar o impacto ambiental segundo a normativa pero sen necesidade de realizar o estudo completo.</i>	
Ramos Fernández, Zeltia	Diseño de prensa hidráulica para la compactación de envases ligeros procedentes de residuos sólidos domésticos.
Rodríguez Pardo, Adrián	Proyecto de una planta de producción de energía a partir de biomasa en la comarca de los Ancares.
Romero Espiño, Laura	Proxecto dunha instalación de aerotermia e domotización nunha vivenda unifamiliar.

Nome e Apelidos	Título do TFG
Teles Porto, Amanda (*)	Diseño de una instalación para la producción de helado artesanal.
(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto	
Tella Fernández, Sabela	Proyecto de instalación eléctrica, climatización y ACS para aislamiento energético de una vivienda unifamiliar.
(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto	

Os asistentes acordan por unanimidade aprobar para o curso 2018-19 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Abuín Castro, Rubén	Proxecto de instalacións para área de servizo aislada mediante enerxía solar fotovoltaica.	Aida Jover Ramos	755	100%			
2	Agra Freire, Beatriz	Proxecto dun Sistema de Ventilación para a Eliminación do Gas Radón (²²² Rn) con Aproveitamento Enerxético nunha Vivenda Unifamiliar.	Aida Jover Ramos	755	50%	Miguel Angel González García	500	50%
3	Arango Fernández, José Alfonso	Proxecto de deseño e homologación da reforma dun camión Nissan Trade a basculante por medio dun sistema de botellas impulsado hidráulicamente.	Mª José López Villar	500	100%			
4	Blanco Losada, Raquel	Diseño de un equipo para eliminación de los NOx en la obtención de ácido nítrico.	Eugenio Fernández Carrasco	555	100%			
5	Campos Andion, Cristian	Proxecto de nave industrial para tratamento de neumáticos fóra de uso (NFU) a través de valorización material.	Aida Jover Ramos	755	100%			
6	Cardezo García, Aida	Rediseño del sistema de refrigeración criogénica para la separación de condensado en el proyecto Viura.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
7	Díaz Fernández, Sheila	Proxecto de Sistema de Almacenamento e Tratamento de Biogás Producido por un Biodigestor en Granxas de Tamaño Medio.	Aida Jover Ramos	755	100%			
8	Dorado Labandeira, Adrián	Proyecto de una instalación de aerotermia y placas solares para calefacción y ACS en vivienda unifamiliar.	Aida Jover Ramos	755	50%	Eugenio Fernández Carrasco	555	50%
9	Gómez Carballo, Laura	Proxecto dun biodigestor para produción de biogás a partir de materia orgánica porcina.	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
10	Lage Rivera, Silvia	Transformación de la E.D.A.R. de Xubín en E.R.A. (Oleiros A Coruña)	Eugenio Fernández Carrasco	555	50%	Rodrigo López Piquín	G4031	50%
11	Martínez Seijas, Diego		Carlos Amiana Ares	720	100%			
12	Méndez López, Anabel	Deseño dun proceso de produción de urea a partir de CO ₂ emitido na industria cementeira.	Héctor Rodríguez Martínez	555	100%			
13	Montenegro Quintana, Tatiana	Diseño de un intercambiador de calor de carcasa y tubos para planta piloto con fines educativos.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
14	Paz Chaves, Laura	Instalación para la obtención de aceite a partir de semilla de uva.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
15	Pérez Vázquez, Noelia		Carlos Amiana Ares	720	100%			
16	Piñón Fraga, Isabel	Proyecto de un sistema de calefacción con energías alternativas para "Distic Heating".	Aida Jover Ramos	755	100%			
17	Puente Blanco, Alberto	Proxecto de Instalación de aerotermia e enerxía solar térmica para calefacción e ACS en vivenda unifamiliar.	Francisco Fraga López	385	50%	Eugenio Rodríguez Núñez	385	50%
18	Ramos Fernández, Zelia	Diseño de prensa hidráulica para la compactación de envases ligeros procedentes de residuos sólidos domésticos.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
19	Rodríguez Pardo, Adrián	Proyecto de una planta de producción de energía a partir de biomasa en la comarca de los Ancares.	Aida Jover Ramos	755	100%			
20	Romero Espiño, Laura	Proxecto dunha instalación de aerotermia e domofización nunha vivenda unifamiliar.	Francisco Fraga López	385	50%	Carlos Castro Díaz	G4031	50%
21	Teles Porto, Amanda	Diseño de una instalación para la producción de helado artesanal.	Gerardo Pereira Gonçalves	555	100%			
22	Tella Fernández, Sabela	Proyecto de instalación eléctrica, climatización y ACS para aislamiento energético de una vivienda unifamiliar.	Aida Jover Ramos	755	100%			
23	Vila Coto, Angélica		Carlos Amiana Ares	720	100%			
24	Víñas López, Rubén	Proyecto de Diseño e Instalación de Calefacción y Agua Caliente Sanitaria con Apoyo de Energía Solar Térmica en un Edificio de Viviendas.	Aida Jover Ramos	755	100%			

4. Informes.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 12/04/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2018-19.

Ás 11:30 do día 12 de abril de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente indica que asisten como invitados a profesora Asteria Mª Luzardo, Vicedecana da Facultade e o alumno Enrique Touceda Rivas que será nomeado en datas próximas representante do alumnado nesta Comisión. Tamén desculpa a asistencia dos profesores Eugenio Fernández por cita médica, Carlos Amiama por reunión dun proxecto e Aida Jover por atoparse fóra de España cun permiso. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste punto non houbo intervencións.

2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2018-19.

O Decano cedeu a palabra ao Coordinador de Prácticas Externas o cal informou que tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes recibíronse un total de catro. A continuación deu lectura as prazas asignadas e informou de que se lles asignou a todos os solicitante a praza que elixiron en primeira opción ao non producirse solapamentos nas peticións.

A continuación os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a lista provisional de asignación de destinos de Prácticas Académicas Externas para o curso 2018-19 que se acompaña como ANEXO á presente acta. Tamén acordaron delegar no Decano e Presidente da Comisión a facultade para realizar todos os restantes actos e publicacións derivados da presente convocatoria, sempre e cando non se produzan reclamacións, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 26/04/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Proposta de horarios para o curso 2019-20.

Ás 13:15 do día 26 de abril de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por atoparse esta semana fóra da cidade e do alumno Enrique Touceda Rivas por motivos académicos que será nomeado pola Xunta de Centro, en datas próximas, representante do alumnado nesta Comisión. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano deu lectura a o correo recibido da Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica referente a accións e recomendacións para aumentar a participación nas enquisas dos diferentes colectivos. Tamén informou de que o alumnado poderá realizar as enquisas de opinión sobre a docencia recibida no 2º semestre do 8 de abril ao 13 de maio. En relación a esta cuestión, dada a importancia das enquisas no ámbito da calidade e co obxecto de fomentar a participación do alumnado, o coordinador do título contactará cos coordinadores de curso para tratar de que nos dez minutos finais dunha materia e iniciais da seguinte os alumnos acudan ás aulas de informática para cubrir as enquisas ao igual que se fixo en cursos precedentes. Para os restantes colectivos o centro remitirá correos recordatorios cando corresponda para tratar de fomentar a

participación.

Tamén indica que o SXOPRA informou de que a Secretaría Xeral de Universidades contactou coa USC co obxecto de reducir a oferta de prazas do GEPQI de 45 a 50. Por este motivo, solicitaron ao Centro a confirmación desta proposta ou ben propoñer outra alternativa.

O decano comunicoulles o interese da Facultade en manter a oferta en 50 prazas, comunicada o pasado mes de xaneiro e aprobada na Xunta de Centro, tal e como se indica na Memoria Verificada do GEPQI tras a súa modificación no curso 2017. Ademais, ofertar un número de prazas inferior xera o risco de non cubrir o número mínimo de alumnado requirido se xorden incidencias coa xestión da matrícula. Por outra banda é mellor pospoñer a decisión de diminución ata o 2020-21, curso de implantación do Grao en Bioquímica, por se nalgún momento fora necesario compensar as novas prazas ofertadas no Título que se implanta coa redución doutros títulos da USC.

2. Proposta de horarios para o curso 2019-20.

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do PDA, do calendario académico do curso 2019-20 e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2019-20 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 25/06/2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Revisión do informe de abandono potencial.
4. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2019-20.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 25 de xuño de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Jorge Rivera Gómez	Representante do COETIL

O decano e presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por atoparse avaliando varios títulos da Universidad de Córdoba para a certificación EUR_ACE e a do alumno Enrique Touceda Rivas por motivos persoais relacionados cos exames das materias. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 04/04/2019, 12/04/2019 e 26/04/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes

de proceder a súa aprobación. A profesora M^a José Vázquez Vila indica que detectou un erro na acta do 26 de abril de 2019 na cal se omitiu a súa asistencia.

Non habendo ningún outro reparo por parte dos asistentes, **acordan por asentimento a incorporación á lista de asistentes da acta do 26/04/2019 da profesora M^a José Vázquez Vila e a aprobación das actas indicadas unha vez feita esta corrección.**

2. Informes.

O decano, ante a proximidade de emisión por parte dos titores de TFG do informe de seguimento, indicou que sería moi axeitado que neste informe o profesorado indique que efectivamente se someteu o TFG ao Turnitin e no caso de que detecte plaxio marcar o recadro habilitado a tal fin na aplicación Xescampus e anexar o documento reducido resultante do Turnitin.

O decano indica que se recibiu un informe de coordinación académica, de data 6 de xuño de 2019, emitido polo Coordinador do TFG, relativo á reunión mantida co profesor Matías Carnero para tratar acerca da utilización do software CYPE.

Os asistentes acordan por asentimento incorporar o informe de coordinación como ANEXO á presente acta.

3. Revisión do informe de abandono potencial.

O decano informa de que a Responsable de Calidade do Centro achega o informe de abandono potencial do GEPQI, remitido pola Área de Calidade, que recolle ao alumnado que iniciou estudos no curso 2018-19 e non superou ou non se presentou ningunha materia do 1º semestre.

Co obxectivo de minimizar o abandono nos vindeiros cursos e aumentar as taxas de rendemento académico, a Comisión de Título analizou este informe e discutiron acerca da posibilidade de levar a cabo algunha acción ou actividade dirixida a este alumnado.

Nesta ocasión hai tan só un alumno afectado e o decano indicou que xa se tiña coñecemento da situación do mesmo o cal decidiu non continuar coa titulación dado que no seu momento elixiu unha modalidade de bacharelato pouco axeitada e agora atopouse co problema de que non é capaz de acadar o nivel requirido nas materias que integran o Grao.

Os coordinadores amosaron a súa desconformidade co feito de que este informe se reciba de xeito tan tardío co cal xa non deixa marxe de manobra para levar a cabo ningún tipo de acción dentro do mesmo curso académico.

Tras a análise das causas, os asistentes **acordaron por unanimidade non levar a cabo ningunha acción ao non proceder neste caso.**

4. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2019-20.

O decano foi dando a palabra aos coordinadores dos distintos módulos da titulación que se ocuparon de facer a revisión das programacións docentes e foron indicando as incidencias detectadas nas distintas materias.

Finalmente, as materias que precisan modificación son as seguintes:

a) G4031108 Química II

- No apartado tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superar a materia, na liña Exame final: 4 horas presenciais, 20 de traballo persoal, debería figurar 16 h de traballo persoal en lugar de 20.
- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

b) G4031229 Química Orgánica

- Tempo de estudos e de traballo persoal...: algunhas das horas presenciais e non presenciais indicadas non coinciden coa ficha da materia, estas son as entradas corrixidas:
Seminario: 4 / 11 / 0,60
Titorías grupo: 2 / 7 / 0,36
Traballos indiv.: eliminar esta entrada xa que non se utiliza
Traballos grupo: eliminar esta entrada xa que non se utiliza
Caderno prácticas: eliminar esta entrada xa que está incluída nas prácticas lab. (se se quere manter, hai que sacar 1 h non presencial na entrada de prácticas)
Titorías individuais: eliminar esta entrada (non pode ter horas presenciais e as non presenciais inclúense nas titorías grupo)
Realización de exames e revisión: 4 / 8,5 / 0,50
Total: 55 / 94 / 6,0
- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

c) G4031333 Química Analítica Instrumental

- Contidos (en galego): corrixir varios erros ortográficos e de tradución:
Tema 2. Mostraxe e preparación da mostra
Tema 3. Técnicas volumétricas de análise
Tema 5. Técnicas ópticas de análise
- Contidos, parte de seminarios: debe poñer "Resolución de problemas tipo ..."
- Contidos, parte de prácticas: falta incluír "Técnicas volumétricas" e "Técnicas electroanalíticas", que aparecen na ficha da materia.
- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

d) G4031441 Petroquímica

- O apartado tempo de estudos e de traballo persoal debería detallarse un pouco mais baseándose nas actividades formativas que figuran na táboa da ficha da memoria e

indicando para cada tipo de docencia horas totais, horas presenciais e horas de traballo do alumno.

- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

e) G4031453 Expresión Gráfica na Enxeñaría II

- O apartado Sistema de avaliación da aprendizaxe debe adaptarse a ficha da memoria de verificación do título e respectar as porcentaxes en cada un dos intervalos, atópase na páxina 104 da memoria.

5.5.1.8 SISTEMAS DE EVALUACIÓN		
SISTEMA DE EVALUACIÓN	PONDERACIÓN MÍNIMA	PONDERACIÓN MÁXIMA
Exámenes	0.0	75.0
Prácticas	0.0	75.0
Trabajos	0.0	75.0
Actividades en aula	0.0	25.0
Aprovechamiento y participación durante la clase	0.0	10.0

- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

f) G4031321 Termotecnia

- A competencia transversal CT7 é en realidade a CT2. Hai un erro.
- A competencia CE7 hai que especificar que se adquire xunto con outras materias do grao.
- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

g) G4031324 Maquinas e Mecanismos

- No apartado Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superar a materia hai un erro nas horas expositivas e nas dos seminarios. Son 31 horas expositivas (e non 33) e 6 horas de seminarios (e non 4). Debe revisalo e poñelo acorde a ficha da memoria.
- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

h) G4031332 Laboratorio de Química

- Tempo de estudos e de traballo persoal...: a versión da programación en galego é diferente a de castelán e inglés polo que deberá modificala.
- Revisar que queden feitos todos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar as programacións docentes para o curso 2019-20 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais unha vez que se verifique que todos os cambios que é preciso realizar se levaron a cabo**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 28/06/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 11:00 do día 28 de xuño de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente desculpa a asistencia dos profesores Juan M. Ortigueira por motivos de conciliación familiar e M^a José Vázquez por ter concedido previamente día de asuntos particulares, tamén a do alumno Enrique Touceda Rivas por motivos persoais relacionados cos exames das materias. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano indicou que, unha vez finalizado o período de entrega de TFG, era preciso que o título do traballo presentado coincidira exactamente co da proposta aprobada por esta comisión.

O decano indica que se recibiu un informe de coordinación académica, de data 27 de xuño de 2019, emitido polo Coordinador do TFG, relativo á reunión de coordinación mantida co profesor Matías Carnero e Aida Jover para coordinar varias materias solicitando a ampliación de módulos adicionais e actualización do software CYPE.

Os asistentes acordan por asentimento incorporar o informe de coordinación como ANEXO á presente acta.

2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2018-2019. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Abuín Castro, Rubén	Proxecto de instalacións para área de servizo illada mediante enerxía solar fotovoltaica.
2	Campos Andion, Cristian	Proxecto de nave industrial para tratamento de Neumáticos Fóra de Uso (NFU) a través de valorización material
3	Cardezo García, Aída	Redeseño do sistema de refrixeración crioxénica para a separación do condensado no proxecto Viura
4	Díaz Fernández, Sheila	Proxecto de tratamento e almacenamento de biogás producido por un biodixestor
5	Gómez Carballo, Laura	Proxecto dun biodixestor para produción de biogás a partir de materia orgánica porcina
6	Lage Rivera, Silvia	Transformación da EDAR de Xubín en ERA (Oleiros, A Coruña)
7	Montenegro Quintana, Tatiana	Deseño dun intercambiador de calor de carcasa e tubos para planta piloto con fins educativos
8	Piñón Fraga, Isabel	Proxecto de Sistema de Calefacción con Enerxías Alternativas para "District Heating"
9	Puente Blanco, Alberto	Proxecto de instalación de aerotermia e enerxía solar térmica para calefacción e ACS en vivenda unifamiliar
10	Ramos Fernández, Zeltia	Deseño de prensa hidráulica para a compactación de envases lixeiros procedentes de residuos sólidos domésticos
11	Rodríguez Pardo, Adrián	Proxecto dunha planta de produción de enerxía a partir de biomasa na Comarca dos Ancares
12	Romero Espiño, Laura	Proxecto dunha instalación de aerotermia e domotización nunha vivenda unifamiliar
13	Tella Fernández, Sabela	Proxecto de instalación eléctrica, climatización e ACS para illamento enerxético dunha vivenda unifamiliar.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2018-2019:**

TRIBUNAL Nº1	SUPLENTES TRIBUNAL Nº1
Presidente: José Blanco Méndez	1º Mª Pilar Vázquez Tato
Vocal: Julio Antonio Seijas Vázquez	2º Mª José Vázquez Vila
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Data: 08/07/2019 ás 9:15 horas. Alumnos do 1 ao 7	
TRIBUNAL Nº2	SUPLENTES TRIBUNAL Nº2
Presidente: Carlos Herrero Latorre	1º Marcelino Maneiro Maneiro
Vocal: Carlos Amiama Ares	2º Enrique M. Cabaleiro Lago
Secretario: Héctor Rodríguez Martínez	3º Matías Carnero López
Data: 08/07/2019 ás 9:15 horas. Alumnos do 8 ao 13	

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 10/09/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 12:00 do día 10 de setembro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno

O decano e presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por coincidirle con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou do número de alumnos matriculados

A continuación cedulle a palabra ao coordinador, o cal informou de que ao igual que en cursos pasados o alumnado contestou a unha breve enquisa e comentou os resultados da mesma, os cales se acompañan como Anexo á presente acta.

O coordinador tamén lles recordou aos asistentes da necesidade de modificar as datas dos exames como consecuencia de que a Xunta de Galicia fixara como festivo o 24 de xuño de 2020. Neste sentido o decano solicitou ao alumnado que fixera unha proposta de cambio para analizala en vindeiras reunións da Comisión.

A continuación tanto o decano como o coordinador informaron da necesidade de incrementar algúns grupos, sobre todo de docencia interactiva, como consecuencia do nº de alumnos matriculados nalgunhas materias que resultou ser superior ás estimacións realizadas no PDA e que teñen problemas de espazo. O decano indicou que se solicitará á vicerreitoría as modificacións de PDA que sexan precisas para resolver esta situación.

A continuación o coordinador de prácticas externas informou que pronto se realizaría para o alumnado de 4º curso a reunión informativa sobre as prácticas externas e TFG contempladas no Plan de Titorización.

2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2018-2019. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Agra Freire, Beatriz	Proxecto dun sistema de ventilación para a eliminación do gas radón (222Rn) con aproveitamento enerxético nunha vivenda unifamiliar.
2	Arango Fernández, José Alfonso	Proxecto de Deseño e Homologación da Reforma dun Camión Nissan Trade a Basculante por medio dun Sistema de Botellas Impulsado Hidraulicamente
3	Paz Chaves, Laura	Instalación para a obtención de aceite a partir de semente de uva.
4	Teles Porto, Amanda	Deseño dunha instalación para a produción de xeados artesanais
5	Viñas López, Rubén	Deseño e instalación de calefacción e auga quente sanitaria con apoio de enerxía solar térmica nun edificio de vivendas.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2018-2019:**

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Carlos Herrero Latorre	1º José Blanco Méndez
Vocal: Eugenio Fernández Carrasco	2º Juan Manuel Ortigueira Amor
Secretario: Carlos Amiama Ares	3º José Manuel Martínez Ageitos
Data: 16/09/2019	

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 02/10/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación se procede de liñas temáticas e tiores de TFG.
3. Actas consolidadas 2018-2019.

Ás 10:00 do día 2 de outubro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno

O decano e presidente desculpa a asistencia dos profesores Carlos Amiama por coincidirle con docencia e Julio Seijas por ter concedido un permiso. Tamén desculpa a do representante do COETIL, Jorge Rivera, por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou de que se mantivo unha reunión con representantes de INGAPAN para tratar sobre o premio que ten previsto ofertar esta empresa a os mellores traballos fin de grao, que consistirá nun contrato laboral ou similar por un período de duración de 6 meses. Está previsto facelo para os TFG defendidos durante o curso 2018-19 coa intención de repetir a experiencia se esta fora satisfactoria.

Tamén informou de que na recente reunión da Comisión de Titulacións do Claustro a Vicerreitora de Titulacións indicou non ter noticias novas sobre a desaparición de titulacións.

A continuación o Coordinador de Prácticas informou de que o pasado 27 se mantivo unha reunión co alumnado para informalos acerca da convocatoria do curso 2019-20, que como novidade permitirá ao alumnado facer prácticas durante un período máis extenso que vai desde febreiro ata o verán.

O decano tamén informou de que a charla sobre o TFG terá lugar previsiblemente no mes de novembro.

2. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.

O decano informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

3. Actas consolidadas 2018-2019.

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2018-19, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado cualificado, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén o que solicitou renuncia.

O Decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de “matrícula de honra” corresponderá realizala á Comisión Académica do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2018-19 ao alumno Rubén Viñas López.**

No caso das actas consolidadas de Prácticas en Empresas, que teñen carácter optativo, o decano propón non outorgar matrícula de honra dadas as dificultades para facelo con criterios obxectivos, por depender da avaliación dos titores externos. **Os asistentes acordan por unanimidade non outorgar a mención de matrícula de honra na materia Prácticas en**

Empresa do curso 2018-19.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 07/11/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
3. Modificación calendario exames 2019-20.
4. Proposta de modificación da normativa de TFG e do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.

Ás 10:00 do día 7 de novembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno

O decano e presidente indica que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. Tamén desculpa a asistencia dos profesores Gerardo Pereira e M^a Jose Vázquez por coincidirles con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano indicou de que nunha reunión mantida coa Vicerreitora de Comunicación se informou de que teñen previsto celebrar unha serie de feiras en distintas localizacións de Galicia para a difusión das titulacións da USC.

2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O decano informa de que hai 12 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2019-20, dos cales 5 presentaron a súa proposta nesta oportunidade, supoñendo que os restantes o farán no 2º semestre. A continuación foi dando lectura ás mesmas, as cales xa foran remitidas

por correo electrónico previamente.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar a propostas de TFG presentadas que son as que se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Acevedo Maseda, Iria	Control e automatización de instalacións de control en uso Industrial. Granxa de polos.
Blanco Losada, Raquel	Deseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico
López Castro, Begoña	Control e automatización de instalacións de confort en uso residencial.
Méndez López, Anabel	Deseño dun proceso de produción de urea a partir de CO2 emitido na industria cementeira
Pérez Vázquez, Noelia	Deseño dunha planta de produción de cumeno

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2019-20 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
Acevedo Maseda, Iria	Control e automatización de instalacións de control en uso Industrial. Granxa de polos.	Fraga López Francisco José	385	50%	Castro Diaz Carlos	G4031	50%
Blanco Losada, Raquel	Deseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
López Castro, Begoña	Control e automatización de instalacións de confort en uso residencial.	Fraga López Francisco José	385	50%	Castro Diaz Carlos	G4031	50%
Méndez López, Anabel	Deseño dun proceso de produción de urea a partir de CO2 emitido na industria cementeira	Rodríguez Martínez Héctor	555	100%			
Pérez Vázquez, Noelia	Deseño dunha planta de produción de cumeno	Rodríguez Martínez Héctor	555	100%			

3. Modificación calendario exames 2019-20.

O decano indica que, tras a publicación do Decreto 81/2019, do 27 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020, tivemos coñecemento de que o día 24 de xuño de 2020 foi considerado como día festivo e dáse a circunstancia de que ese día se atopan fixados exames nas distintas titulacións do centro. Tras consultar co alumnado e profesorado propóñense as seguintes modificacións no calendario de exames:

Materia	Data e hora inicial	Data e hora final
Mecánica de Flúidos (G4031231)	24/06/2020 10-14 h	25/06/2020 10-14 h
Química Analítica Instrumental (G4031333)	24/06/2020 16-20 h	25/06/2020 10-14 h
Oficina de Proxectos (G4031421)	24/06/2020 10-14 h	25/06/2020 16-20 h

Os asistentes **aproban por unanimidade a modificación do calendario de exames 2019-20.**

4. Proposta de modificación da normativa de TFG e do procedemento de asignación de titores e propostas de TFG.

O decano informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha proposta de modificación da Normativa de TFG e os correspondentes anexos, e tamén do Procedemento de Asignación de titores e Propostas de TFG e o seu anexo. A continuación foi dando lectura aos mesmos, estando as modificacións centradas na variación da forma de presentación dos traballos fin de grao e das correspondentes propostas que agora o alumnado realiza a través da secretaría virtual polo que xa non é preciso facer a entrega en papel.

Tras incorporar as modificacións oportunas, **os asistentes acordan por unanimidade aprobar a modificación da Normativa de TFG do GEPQI e tamén do Procedemento de Asignación de Titores e Propostas de TFG, que se acompañan como ANEXOS I e II respectivamente á presente acta.**

O coordinador do TFG suxeriu a revisión da Rúbrica de Avaliación de TFG, o decano indicou que se é preciso a súa modificación tratarase en vindeiras reunións da Comisión.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

**Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 22/11/2019**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Proposta de modificación da Rúbrica de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 22 de novembro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente desculpa a asistencia dos profesores Juan M. Ortigueira por coincidirle con docencia, M^a Jose Vázquez e o representante do alumnado por coincidirles con visita a empresas e Mercedes Novo por atoparse nun curso para profesorado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 25/06/2019, 28/06/2019, 10/09/2019, 02/10/2019 e 07/11/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O decano informou da posibilidade de presentar declaración de interese para implantar programas de estudos de graos abertos no vindeiro curso 2010-21 ata o vindeiro 31 de xaneiro,

por tratarse dunha opción que pode ser interesante para o GEPQI e que se está a estudar neste momento.

O coordinador de prácticas externas indicou que a principios do mes de decembro se publicará a convocatoria de prácticas externas do GEPQI

3. Proposta de modificación da Rúbrica de TFG.

O decano informou de que, tal e como se indicara na anterior reunión desta Comisión, é preciso levar a cabo unha revisión da Rúbrica de Avaliación do TFG. Xunto coa convocatoria da comisión remitiuse unha proposta de modificación da mesma sobre a que os asistentes fixeron as consideracións oportunas.

Finalmente, **os asistentes acordan por unanimidade aprobar a Rúbrica de Avaliación do TFG a cal será de aplicación no curso actual 2019-20 e que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 03/12/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2019-20.

Ás 10:00 do día 3 de decembro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente desculpa a asistencia dos profesores Carlos Amiama por coincidirle con outra comisión, Julio Seijas por incidente imprevisto, o representante do alumnado por atoparse enfermo. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou das convocatorias da Xunta para graos abertos e másteres de excelencia e sobre este asunto houbo un intercambio de opinións entre os asistentes.

Tamén informou de que ao concurso de TFG convocado recentemente se presentaron un total de 6 traballos que poderán optar aos premios ofertados.

2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2019-20.

O decano cedulle a palabra ao coordinador de Prácticas Externas o cal informou de que se mantivo unha reunión previa co alumnado a principios de curso para falar acerca da convocatoria de prácticas externas para o 2019-20, a cal se modificou en primeiro lugar en canto ao alumnado ao que se dirixe que é o do 4º curso, motivado polas posibilidades de optar a un contrato laboral

ao finalizar o período de prácticas o cal resulta moito máis complexo para alumnado doutros cursos. En segundo lugar, tamén se modificou o período de realización das mesmas que pasa a ser desde febreiro ata o mes de agosto aproximadamente. As entidades participantes amosaron a súa dispoñibilidade para ser flexibles cos horarios e períodos co obxecto de que o alumnado poda compatibilizar axeitadamente estas prácticas co desenvolvemento do curso académico.

Tras facer os comentarios oportunos e revisar a proposta remitida xunto coa convocatoria, finalmente os asistentes **aproban** por unanimidade **a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o curso 2019-20 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** a cal se publicará nos vindeiros días e da que se acompañará unha copia como ANEXO á presente acta.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 19/12/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2019-20.

Ás 10:00 do día 19 de decembro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente desculpa a asistencia dos profesores Eugenio Fernández por atoparse con visitas a centros de secundaria co programa “A Ponte”, Aida Jover por reunión previa concertada e o representante do alumnado por cuestións relativas aos exames. Tamén indica que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou do concurso de TFG, dando lectura á acta que os asistentes acordan por asentimento incorporar como ANEXO I á presente acta. Tamén indicou o interese amosado pola empresa participante no mesmo de continuar ofertando o premio para o concurso para vindeiras edicións.

A continuación indicou que na derradeira reunión da Comisión de Titulacións se informou da intención da Xunta de Galicia de implantar graos universitarios duais de xeito parecido a como se está facendo na actualidade cos ciclos de formación profesional.

2. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2019-20.

O decano cedulle a palabra ao coordinador de Prácticas Externas o cal informou de que se mantivo unha reunión co alumnado o pasado día 9 para facilitarlles información sobre as empresas que participan na oferta de prazas e, finalmente, 11 alumnos presentaron a súa solicitude e as prazas foron adxudicadas case todas en 1ª opción, salvo nun caso que foi en 2ª opción.

A continuación os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a lista provisional de asignación de destinos de Prácticas Académicas Externas para o curso 2019-20 que se acompaña como ANEXO II á presente acta. Tamén acordaron delegar no decano e presidente da Comisión a facultade para realizar todos os restantes actos e publicacións derivados da presente convocatoria, sempre e cando non se produzan reclamacións, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 28/01/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2020-21.

Ás 12:30 do día 28 de xaneiro de 2020 reúnen-se os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O decano e presidente desculpa a asistencia dos profesores Julio A. Seijas por coincidirlle con docencia, Carlos Amiama por coincidirlle coa comisión de asuntos económicos da USC e o representante do alumnado por atoparse fóra da cidade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou da intención de propoñer, na vindeira reunión da Xunta de Facultade, concorrer co GEPQI á convocatoria para oferta do grao aberto. Nun primeiro momento desbotarase esta posibilidade pero, ao ter coñecemento de que isto nos daría facilidades para ofertar no vindeiro curso o novo título de Grao en Bioquímica sen necesidade de retirar prazas doutras titulacións do centro, fixo que sexa preciso reconsiderar a nosa decisión. Parece que o feito de participar no grao aberto non afectará negativamente ao GEPQI, máis ben todo o contrario.

2. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2020-21.

O decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2020-21 para os títulos de Grao e deu lectura aos aspectos mais relevantes da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o curso 2020-21 con respecto á do presente curso (45 ordinarias, 2 para acceso por validación parcial estudos estranxeiros).**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 07/02/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. PDA curso 2020-21.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 10:00 do día 7 de febreiro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno

O decano e presidente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste punto non se produciron intervencións.

2. PDA curso 2020-21.

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2020-21 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. Estes datos foron revisados e tras varias conversas co servizo correspondente da USC finalmente foron corrixidos os erros detectados. No

vindeiro curso 2020-21 o plan vello deixa de ter docencia e estarían xa implantados os 4 cursos do novo plan de estudos do GEPQI.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Modificación de horas de docencia. Tal e como figura en Xescampus na liña correspondente ao centro, e segundo o indicado na Memoria do GEPQI, solicitamos a modificación do número de horas de docencia para algunhas materias do 4º curso que a partir do 2020-21 se impartirán nesta nova versión do plan de estudos e que son as seguintes: G4031422 Procesos de Química Industrial, G4031441 Petroquímica e G4031442 Química e Control Ambiental.
- Solicitud de creación de grupos adicionais de docencia interactiva de laboratorio. Para as materias G4031103 Química I e G4031110 Expresión Gráfica na Enxeñaría I, 1 grupo adicional en PDA por cuestións organizativas relativas á coordinación de grupos do 1º curso.
- Solicitud de creación dun grupo de centro adicional de titorías para a materia G4031202 Matemáticas III (pasando de 2 a 3), de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Matemática Aplicada, co obxecto de coordinar mellor as tres materias que imparten no Grao que terían o mesmo nº de grupos.
- Na materia G4031451 Prácticas Externas introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2019-20 e á asignación de tiores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Neste caso o máis axeitado sería considerar esta materia incluída dentro da materia G4031458 Prácticas en Empresas e trasladar as horas co mesmo reparto que se fixo na materia G4031451 (G4031V01), a cal se extinguirá moi pronto.

- Na materia G4031425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2018-19 e a asignación de tiores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2020-21 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2019-2020. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Acevedo Maseda, Iria	Control e automatización de instalacións de control en uso Industrial. Granxa de polos.
2	López Castro, Begoña	Control e automatización de instalacións de confort en uso residencial.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 1ª oportunidade do curso 2019-2020:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Carlos Herrero Latorre	1º Julio A. Seijas Vázquez
Vocal: Eugenio Fernández Carrasco	2º Gerardo Pereira Gonçalves
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Data: 17/02/2020	

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 03/04/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

Ás 17:00 do día 3 de abril de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC
Jorge Rivera Gómez	Representante do COETIL	Email

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste punto o decano fixo un repaso dos acontecementos que tiveron lugar desde a declaración

do estado de alarma, resolucións reitorais e recomendacións do equipo de goberno da USC, modificacións das programacións docentes para adaptalas a nova situación, enquisas realizadas ao alumnado desde a USC, etc. Os membros foron intervindo para comentar e informarse acerca de todas estas cuestións. Ademais tamén se informou que en relación ao programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” e aos “Encontros na Zona USC” que se ían celebrar no mes de abril, finalmente faranse a través de Microsoft Teams polo estado de alarma, haberá un responsable que atenda aos interesados para cada titulación do centro.

2. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O decano informa de que hai 16 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2018-19, dos cales 5 xa teñen aprobada a súa proposta de TFG en comisións pasadas, 2 non presentaron e 9 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión. A continuación foi dando lectura ás mesmas e os asistentes foron indicando cuestións sobre as mesmas e tamén foron analizadas as achegas realizadas por correo electrónico polo representante do COETIL.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar todas as propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Alonso Blanco, Óscar (*)	Estudo e deseño dunha planta potabilizadora para comunidades rurais dispersas.
<i>(*) Debe incluír prego de condicións e presuposto</i>	
Dorado Labandeira, Adrián	Proxecto dunha Instalación de Aerotermia e Placas Solares para Calefacción e A.Q.S. en Vivenda Unifamiliar
Enríquez Pérez, Marta (*)	Deseño dunha columna de absorción H ₂ S
<i>(*) Debe retirar estudo de impacto ambiental e básico de seguridade e saúde</i>	
Louro Gómez, Gabriel	Proxecto de Planta de Pasteurización e Envasado de Leite para Granxa Ecolóxica
Martínez Seijas, Diego	Deseño dunha planta de ósmosis para tratamento de efluentes
<i>(*) Debe incluír prego de condicións</i>	
Pena Vigo, Nerea	Proxecto de planta para a produción de cremas cosméticas
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	
Seijas Campos, Begoña	Deseño das seccións de clarificación e desgomado dunha instalación para a revalorización do aceite de cociña usado.
<i>(*) Debe incluír estudio básico de seguridade e saúde</i>	
Seijas Cerceda, Jesús	Deseño de un biodixestor anaeróbico modular para xurro
<i>(*) Debe incluír estudio básico de seguridade e saúde</i>	
Veiga Castro, Alex	Deseño e selección de equipos para unha planta de produción de iogur ecolóxico.
<i>(*) Estimase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2019-20 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Acevedo Maseda, Iria	Control e automatización de instalacións de control en uso Industrial. Granxa de polos.	Fraga López Francisco José	385	50%	Castro Díaz Carlos	G4031	50%
2	Alonso Blanco, Óscar	Estudo e deseño dunha planta potabilizadora para comunidades rurais dispersas.	Rodríguez Martínez Héctor	555	100%			
3	Blanco Losada, Raquel	Deseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
4	Dorado Labandeira, Adrián	Proxecto dunha Instalación de Aeroterminia e Placas Solares para Calefacción e A.Q.S. en Vivenda Unifamiliar	Jover Ramos Aida	755	100%			
5	Enríquez Pérez, Marta	Deseño dunha columna de absorción H2S	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
6	Fabeiro Otero, Roberto		Amiama Ares Carlos	720	100%			
7	López Castro, Begoña	Control e automatización de instalacións de confort en uso residencial.	Fraga López Francisco José	385	50%	Castro Díaz Carlos	G4031	50%
8	Louro Gómez, Gabriel	Proxecto de Planta de Pasteurización e Envasado de Leite para Granxa Ecolóxica	Jover Ramos Aida	755	100%			
9	Martínez Seijas, Diego	Deseño dunha planta de ósmosis para tratamento de efluentes	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
10	Méndez López, Anabel	Deseño dun proceso de produción de urea a partir de CO2 emitido na industria cimenteira	Rodríguez Martínez Héctor	555	100%			
11	Pena Vigo, Nerea	Deseño dunha planta para a produción de cremas cosméticas	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%	Jover Ramos Aida	755	50%
12	Pérez Vázquez, Noelia	Deseño dunha planta de produción de cumeno	Rodríguez Martínez Héctor	555	100%			
13	Seijas Campos, Begoña	Deseño das seccións de clarificación e desgomado dunha instalación para a revalorización do aceite de cociña usado.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
14	Seijas Cerceda, Jesús	Deseño de un biodixestor anaeróbico modular para xurro	Jover Ramos Aida	755	100%			
15	Veiga Castro, Alex	Deseño dunha planta de produción de iogur ecolóxico.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
16	Vila Coto, Angélica		Amiama Ares Carlos	720	100%			

A continuación informou de que tamén se fará a oportuna modificación do PDA 2019-20.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 29/04/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Ratificación da memoria do programa de grao aberto 5USC Enxeñarías.
3. Aprobación das modificacións das programacións docentes e dos horarios e calendarios do curso 2019-20 do GEPQI, motivados pola situación extraordinaria orixinada pola COVID-19.
4. Seguimento do GEPQI 2018-19: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

Ás 11:00 do día 29 de abril de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano pediu desculpas aos membros pola cantidade de correos electrónicos remitidos nos últimos días e indicou que era preciso que se informara por parte do profesorado no caso de detectar alumnado con dificultades de acceso para seguir a docencia a través das canles habilitadas ou para a avaliación co obxecto de comunicalo á USC.

Tamén deu unhas breves indicacións acerca do proceso de reincorporación, segundo as reunións mantidas nos últimos días, á espera de que se publique unha resolución reitoral ao respecto.

Tamén se falou da situación do alumnado que non finalizou as prácticas externas e que está pendente de retomalas novamente, indicando que será preciso esperar a que a USC autorice as reincorporacións cando chegue o momento.

Tamén se insitiu novamente na necesidade de non sobrecargar e coordinar axeitadamente todas as actividades docentes das distintas materias, e os asistentes indicaron as súas apreciacións neste sentido para tratar de mellorar a coordinación que xa se está levando a cabo. O representante do alumnado indicou que en xeral percibiran unha mellora importante na docencia das materias desde os inicios do estado de alarma hasta a actualidade. Tanto o equipo decanal, como a coordinación do título e o profesorado amosaron a súa vontade de seguir mellorando neste proceso. Tamén comentaron cuestións relativas a software que precisaban para algunhas materias e as licenzas respectivas.

2. Ratificación da memoria do programa de grao aberto 5USC Enxeñarías.

O decano informou dos prazos para a elaboración do grao aberto e o seu desorde motivado pola declaración do estado de alarma o que fixo que se elaborara a memoria do grao aberto e se aprobara en Consello de Goberno, sendo preciso a súa ratificación nos correspondentes comisións e Xunta de Centro con posterioridade. A continuación realizou un breve resumo do mesmo, aínda que xa fora remitido xunto coa convocatoria da reunión.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento ratificar a memoria do programa de grao aberto 5USC Enxeñarías.**

O decano informou de que se someterá á ratificación da Comisión de Calidade e Xunta de Facultade polo que non se incorpora a este acta.

3. Aprobación das modificacións das programacións docentes e dos horarios e calendarios do curso 2019-20 do GEPQI, motivados pola situación extraordinaria orixinada pola COVID-19.

O decano informou de que seguindo o indicado no Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-20 como

consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 foi preciso modificar as guías docentes e os calendarios de exames. Os departamentos dispoñían ata o 28 de abril para introducir a data de aprobación das modificacións das guías docentes e os centros ata o 30, tanto para a aprobación das citadas modificacións como para a publicación da modificación do calendario de exames.

“Artigo 7. Publicación de calendarios e modificación das guías docentes

1. Ata o 24 de abril a dirección do Departamento deberá comunicar ao Centro cales van ser as materias con probas finais, tanto do segundo cuadrimestre e anuais (primeira e segunda oportunidades), coma do primeiro cuadrimestre (segunda oportunidade), co fin de que se poidan elaborar os calendarios de exames.

2. As modalidades de avaliación para cada materia, así como as datas de celebración dos exames, deberán facerse públicas e poñerse en coñecemento do estudantado antes do 30 de abril.

3. Paralelamente tramitarase a modificación das guías docentes a través de Xescampus”.

A continuación o coordinador do título informou do estado das guías docentes e tamén deu indicacións acerca da modificación do calendario de exames, para o cal contou coa participación activa do alumnado.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento a aprobación para o curso 2019-20 da modificación das guías docentes e calendario de exames correspondentes ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, os cales se atoparán dispoñibles nos enlaces habituais da páxina web:

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/titulacions.html?plan=13901&estudio=13902&codEstudio=13502&valor=9>

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/titulacions.html?plan=13901&estudio=17145&codEstudio=16461&valor=9>

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

Estes horarios someteranse á aprobación da Xunta de Centro na vindeira reunión.

4. Seguimento do GEPQI 2018-19: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

O decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizase o seguimento do GEPQI para o curso 2018-19. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro.

O Coordinador do Título recompilou e puxo á disposición da Comisión todos os datos necesarios para realizar as diferentes análises de resultados do Grao, establecer accións mellora ou propostas de modificacións do mesmo.

A Comisión analizou a información proporcionada para levar a cabo o seguimento do Título e elaborou os informes correspondentes que se incorporan nas directrices da Memoria de Calidade do Centro do curso 2018-19 e que recollen as reflexións levadas a cabo polos membros da

Comisión. O Coordinador do Título dará traslado á Comisión de Calidade do Centro das áreas de mellora detectadas e as propostas e accións a adoptar.

A continuación, a Responsable de Calidade do Centro informou do estado das accións de mellora do curso 2018-19 relacionadas co título que foron formuladas como accións de mellora de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2018-19 no seu apartado 3, das que se fixo un breve resumo. Quedou pendente de executar tan só a correspondente á elaboración e aprobación do Plan Estratéxico do Centro.

En canto ás accións de mellora para o curso 2019-20, o Coordinador do Título e a Responsable de Calidade do Centro, tendo en conta as reflexións e achegas debatidas na Comisión, propuxeron as seguintes:

- Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Neste caso trátase da continuación da acción de mellora que quedou pendente de execución no curso 2018-19.
- Modificación das normativas de Traballo Fin de Grao e de Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- Revisión das rúbricas de avaliación do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras e nacionais para todas as titulacións do centro. Charlas informativas ó estudantado da Facultade sobre mobilidade nacional e internacional.
- Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.
- Instalación de novas infraestruturas e adquisición de material e equipamento docente.
- Modificación da valla publicitaria situada no ingreso da Facultade e instalación dun cartel grande na fachada da Facultade que inclúa ademais do nome da Facultade de Ciencias tamén os nomes dos graos e mestrados que se imparten na mesma.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar os informes e accións de mellora propostos que figurarán incorporados na Memoria de Calidade do Centro 2018-19** que se atopará dispoñible no enlace: <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>, unha vez aprobada na Comisión de Calidade do Centro e posteriormente pola Xunta de Facultade co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 29/06/2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2020-21.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 29 de xuño de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen as actas que estaba pendentes de aprobación de datas 22/11/2019, 03/12/2019,

19/12/2019, 28/01/2020, 07/02/2020, 03/04/2020 e 29/04/2020 co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O decano informou dos motivos polos que foi preciso modificar día e hora da reunión que en principio estaba prevista para o 26 as 9.30 e por motivos de axenda foi preciso poñela o 29 á mesma hora.

A continuación o decano fixo un breve recorrido polas últimas normativas publicadas pola USC, e máis detalladamente das Bases para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura e Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021. Sobre esta normativa e as súas implicacións tanto nos horarios, programacións docentes, ... falouse amplamente.

A continuación o decano tamén mencionou o contido da Instrución 3/2020 sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, sobre todo no relacionado coa presentación e defensa dos TFG e TFM por medios telemáticos, procedemento a seguir, protección de datos, ... que nas vindeiras semanas afectará directamente á presentación e defensa dos TFG.

3. Proposta de horarios para o curso 2020-21.

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios tendo en conta toda a normativa emitida ao respecto pola USC, e da que se deu conta no apartado de informes, e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas. Os horarios elaboráronse tendo en conta o disposto entre outras nas Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021, no relativo aos escenarios, posible redución de horas de prácticas,

O coordinador informou de que ao longo dos últimos días foi incorporando algunhas modificacións e que os horarios se confeccionaron co obxecto de que se puideran adaptar de xeito sinxelo aos distintos escenarios en función das indicacións recibidas da USC, por mor da evolución da situación sanitaria orixinada pola COVID-19 para os vindeiros meses do curso 2020-21.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2020-21 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** que se se someterán nos vindeiros días á

aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

4. Rogos e preguntas.

Neste punto interveu a profesora Mercedes Novo para comentar cuestións sobre os Encontros Virtuais na zona USC, organizado polo programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” que terán lugar no mes de xullo coa colaboración do coordinador do GEPQI.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 03/07/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 9:30 do día 3 de xullo de 2020 reúnen-se os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Ademais informa de que desculpa a asistencia do representante do alumnado Enrique G. Touceda por motivos persoais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou de que ata que a situación sanitaria mellore se seguirán facendo as reunións por medios telemáticos, xa que, tanto a Lei 40/2015 como o Regulamento de Réxime Interno do centro recollen esta posibilidade, e ademais desenvólvense de xeito moi satisfactorio.

O decano volveu incidir unha vez máis nas recentes normativas publicadas pola USC en especial

toda a relacionada coa defensa dos TFG/TFM como son a Instrución 3/2020 da Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20 e a Guía para a realización de probas finais telemáticas. A continuación o os asistentes comentaron diversos aspectos sobre a presentación e defensa dos TFG/TFM indicados nas mesmas de cara a clarificar o xeito de proceder por parte dos tribunais que terán que xulgar estes traballos nas vindeiras semanas.

2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2019-2020. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Enríquez Pérez Marta	Deseño dunha columna de absorción H2S
2	Méndez López Anabel	Deseño dun proceso de produción de urea a partir de CO2 emitido na industria cementeira
3	Pérez Vázquez Noelia	Deseño dunha planta de produción de cumeno
4	Veiga Castro Alex	Deseño e selección de equipos para unha planta de produción de iogur ecolóxico.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2019-2020:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Francisco José Fraga López	1º Julio Antonio Seijas Vázquez
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	2º Mª José Vázquez Vila
Vocal: Carlos Amiama Ares	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Data: 14/07/2020	

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Instrución 3/2020 sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, **que a presentación e defensa dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2019-2020 se realizará por medios telemáticos.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 29/07/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2020-21.

Ás 9:45 do día 29 de xullo de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por recoñecemento médico e do represante do alumna Enrique Touceda por non dispoñer de conexión a Internet onde reside actualmente. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano empezou indicando que non tiña noticias sobre a intención da USC en canto ao escenario no que se iniciará a docencia para o vindeiro curso 2020-21, o día 31 é o previsto para que o reitor indique algo ao respecto.

A continuación informou de que se están facendo as xestións oportunas coa Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade para a instalación nas aulas dun sistema que

permita ao profesorado impartir a materia simultaneamente de xeito presencial e tamén a través de medios electrónicos. En principio parece que a Vicerreitoría vai a subministrar 4 equipos, co cofinanciamento da Facultade, e outros 2 virán a través dos másteres con outras fontes de financiamento. O que non é moi probable é que vaian a estar funcionando para o inicio do curso no mes de setembro.

Informou tamén acerca dos recortes económicos aplicados pola USC e de que a estas alturas do ano aínda non se pode facer o reparto económico.

Por outra banda, indicou que houbo diversas consultas ao longo das últimas semanas tanto para o GEPQI como para o Grao Aberto 5USC Enxeñarías pero que ata mediados do mes de agosto non imos ter datos sobre a matrícula para o curso 2020-21.

Finalmente o profesorado fixo consultas sobre as posibilidades de adquisición de software para a docencia.

2. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2020-21.

O decano informou de que dentro do período de aprobación das programacións docentes por parte dos departamentos, se remitiu un modelo orientativo que recollía as especificacións indicadas entre outras normativas nas Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021. Ademais os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións e fóronse introducindo as modificacións necesarias para cumprir a normativa e ao mesmo tempo adaptarse aos intervalos indicados na Memoria de Verificación do Título vixente.

O coordinador do título informou de que a única materia que estaba pendente de modificar era Cinética Química e conversou coa profesora Mercedes Novo acerca dos cambios a realizar relacionados coa redución das prácticas, comprometéndose a facer os cambios oportunos.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar as programacións docentes para o curso 2020-21 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais unha vez que se verifique que todos os cambios que é preciso realizar se levaron a cabo**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 04/09/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

Ás 10:30 do día 4 de setembro de 2020 reúnen-se os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que desculpa a asistencia dos profesores José Manuel Martínez Ageitos e M^a José Vázquez Vila por ter concedidos permisos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou das diferentes reunións mantidas estes días sobre o inicio do curso académico e medidas a tomar motivadas pola COVID19. Tamén sobre o nº de alumnos matriculados por primeira vez e as cuestións sobre os aforos das aulas para a docencia polo que vai ser preciso facer unha revisión dos horarios para adaptar os espazos e cumprir coas distancias de seguridade establecidas.

2. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao

(TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2019-2020. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI
1	Alonso Blanco, Óscar	Estudo e deseño dunha planta potabilizadora para comunidades rurais dispersas.
2	Louro Gómez, Gabriel	Proxecto de Planta de Pasteurización e Envasado de Leite para Granxa Ecolóxica
3	Martínez Seijas, Diego	Deseño dunha planta de ósmosis para tratamento de efluentes
4	Pena Vigo, Nerea	Proxecto de planta para a produción de cremas cosméticas
5	Seijas Campos, Begonia	Deseño das seccións de clarificación e desgomado dunha instalación para a revalorización do aceite de cociña usado.

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2019-2020:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Francisco José Fraga López	1º Julia Barciela García
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	2º Mª José Vázquez Vila
Vocal: Carlos Amiama Ares	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Data: 14/07/2020	

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Instrución 3/2020 sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, **que a presentación e defensa dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2019-2020 se realizará por medios telemáticos.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 29/09/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
3. Proposta de modificación do catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
4. Actas consolidadas 2019-2020.

Ás 10:00 do día 29 de setembro de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e desculpa a asistencia dos profesores Carlos Amiama por coincidirille con outra reunión, Eugenio Fernández por ter docencia á mesma hora e do representante do alumnado Enrique Touceda por ter exame fóra do centro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou das evolucións da matrícula no presente curso. Tamén comentaron cuestións

da chamada “aula espello” que se o número de asistentes a clase segue baixando podería deixar de utilizarse.

O decano indica que se recibiu un informe de coordinación académica, de data 24 de setembro de 2020, emitido pola coordinadora do Módulo de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, relativo á reunión mantida para a coordinación das practicas dalgunhas materias ao que deu lectura. **Os asistentes acordan por asentimento incorporar o informe de coordinación como ANEXO I á presente acta.**

2. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.

O decano informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO II á presente acta.**

3. Proposta de modificación do catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

O decano informa de que tras recibir varias solicitudes de recoñecemento de alumnado por ciclos superiores de FP e dado que este curso se implantou na súa totalidade a 2ª edición do plan de estudos do GEPQI, parece axeitado facer a revisión do catálogo existente para acomodalo á nova situación.

Tras unha revisión exhaustiva dos diferentes ciclos superiores de FP, finalmente, os asistentes **acordaron por unanimidade solicitar a modificación íntegra do “Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios”** motivada pola implantación completa no curso 2020-21 da 2ª versión do plan de estudos do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (G4031V02) sendo os recoñecementos propostos os seguintes:

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Formación básica	Informática	6
Desenvolvemento de aplicacións web	Formación básica	Informática	6

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Expresión Gráfica na Enxeñaría I	6 6
	Obrigatoria	Electrotecnia Mecánica de Fluídos Transmisión de Calor	6 6 6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais	6
Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Organización Industrial Química Analítica Instrumental	6 6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Laboratorio clínico e biomédico	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Química Analítica Instrumental	6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais	6
Laboratorio de análise e de control de calidade	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Química I Química II	6 6 6
	Obrigatoria	Química Analítica Instrumental	6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Expresión Gráfica na Enxeñaría I	6 6
	Obrigatoria	Electrotecnia Mecánica de Fluídos Transmisión de Calor	6 6 6
	Optativa	Xestión da Calidade	6
Procesos e calidade na industria alimentaria	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Laboratorio en Química Industrial I Organización Industrial Química Analítica Instrumental	6 6 6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Programación da produción en fabricación mecánica	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Expresión Gráfica na Enxeñaría I	6 6
	Obrigatoria	Máquinas e mecanismos	6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Expresión Gráfica na Enxeñaría I Informática	6 6 6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Química industrial	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Enxeñaría Química I Laboratorio en Química Industrial I Termotecnia	6 6 6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Ciclo de grao superior do plan de estudos LOXSE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Análise e control	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Química I Química II	6 6 6
	Obrigatoria	Química Analítica Instrumental	6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6

Ciclo de grao superior do plan de estudos LOXSE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Desenvolvemento de aplicacións informáticas	Formación básica	Informática	6
Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Organización Industrial	6
	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais Química e Control Ambiental Xestión da Calidade	6 6 6
Industria alimentaria	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Organización Industrial Química Analítica Instrumental	6 6
	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Industrias de proceso de pasta e papel	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Mecánica de Fluídos Organización Industrial Transmisión de Calor	6 6 6
	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais Xestión da Calidade	6 6
Industrias de proceso químico	Obrigatoria	Enxeñaría Química I	6
	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais	6
Laboratorio de diagnóstico clínico	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Química Analítica Instrumental	6
	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais	6
Mantemento de equipo industrial	Obrigatoria	Máquinas e mecanismos	6
	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais	6
Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Expresión Gráfica na Enxeñaría I	6 6
	Obrigatoria	Electrotecnia Mecánica de Fluídos Transmisión de Calor	6 6 6
	Optativa	Xestión da Calidade	6
Plásticos e caucho	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais	6
Prevenção de riscos profesionais	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais	6
Química ambiental	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Enxeñaría Ambiental	6
	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais Química e Control Ambiental Química Sostible	6 6 6
Saúde ambiental	Optativa	Prevenção de Riscos Laborais	6

4. Actas consolidadas 2019-2020.

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2019-20, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado cualificado, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén ao que corresponde renuncia.

O decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de “matrícula de honra” corresponderá realizala á Comisión do

Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Neste caso ao coincidir a nota dos 3 alumnos que poderían optar á matrícula de honra, foi preciso facer unha análise profunda para dirimir a cal dos alumnos se debería outorgar. Os tribunais consideraron que un dos traballos fin de grao presentados era merecedor desta distinción tanto pola dimensión do traballo como polo proxecto en si e ademais por abarcar practicamente todas as competencias da titulación.

Despois deste intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2019-20 á alumna Anabel Méndez López.**

No caso das actas consolidadas de Prácticas en Empresas, que teñen carácter optativo, o decano propón non outorgar matrícula de honra dadas as dificultades para facelo con criterios obxectivos, por depender da avaliación dos titores externos. **Os asistentes acordan por unanimidade non outorgar a mención de matrícula de honra na materia Prácticas en Empresa do curso 2019-20.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 12/11/2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 12 de novembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	email
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais desculpa a asistencia da profesora Mercedes Novo por atoparse noutra reunión. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen as actas que estaba pendentes de aprobación de datas 29/06/2020, 03/07/2020, 29/07/2020, 04/09/2020 e 29/09/2020 co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de

revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O decano informou das evolución das obras no centro, indicando que a partir do vindeiro mércores se reducirá o nivel de ruído. Tamén informou da instalación en datas próximas do equipamento de cámaras web en diversos espazos para facilitar sobre todo a docencia non presencial.

Tamén informou sobre a modificación de horarios que se vai realizar para realizar de xeito presencial os exames do 1º semestre e adaptar os horarios e calendarios 2º semestre tal e como foi preciso facer no 1º semestre para respectar os aforos dos espazos e a distancia de seguridade motivados pola COVID-19.

O profesorado mostrou o seu interese na adquisición dun medidor de CO₂.

3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O decano informa de que hai 23 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2020-21, dos cales 7 presentaron a súa proposta nesta oportunidade, 2 tiñana aprobada en comisións anteriores, supoñendo que os restantes o farán no 2º semestre. A continuación foi dando lectura ás mesmas, aínda que xa foran remitidas por correo electrónico previamente. Os asistentes foron indicando os comentarios procedentes e tamén se tiveron en conta as achegas realizadas polo profesor Carlos Amiama a través do correo electrónico.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar todas as propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Abeijón Leis, Cristina (*)	Proyecto de una Planta de Cogeneración con Biomasa en la Línea de la Eficiencia Energética dentro del Ámbito de la Industria Maderera
(*) Debe incluír todos os planos do proceso produtivo e avaliación financeira	
Blanco Losada, Raquel	Diseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico
Díaz Insua, Carmen (*)	Proyecto de diseño de modificación de instalación térmica para calefacción y agua caliente sanitaria en una vivienda individual
(*) Debe incluír avaliación financeira	
González García, Juan Carlos	Diseño de las instalaciones mecánicas de una estación de servicio
López Núñez, Ariadna	Proyecto de diseño de proceso y equipos principales para la elaboración de cerveza artesanal ecológica.
Rodríguez Piñeiro, Samuel	Obtención de biogás para a xeración de enerxía eléctrica, a partir da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos (FORSU)
Seijas Cerceda, Jesús (*)	Diseño de un biodigestor anaeróbico modular para xurro
(*) Debe incluír estudio básico de seguridade e saúde	

Nome e Apelidos	Título do TFG
Torre Gómez, Lucía de la	Diseño del proceso y equipos para la producción artesanal de barras de labios ecológicas para pacientes oncológicos
Vilela Torron, Daniel (*)	Deseño do carrozado dun camión para loxística de iogurt
(*) Debe retirar estudo de impacto ambiental	

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Abejón Leis, Cristina	Proyecto de una Planta de Cogeneración con Biomasa en la Línea de la Eficiencia Energética dentro del Ámbito de la Industria Maderera	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
2	Blanco Losada, Raquel	Deseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
3	Díaz Insua, Carmen	Proyecto de diseño de modificación de instalación térmica para calefacción y agua caliente sanitaria en una vivienda individual	Jover Ramos Aida	755	100%			
4	González García, Juan Carlos	Diseño de las instalaciones mecánicas de una estación de servicio	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
5	López Núñez, Ariadna	Proyecto de diseño de proceso y equipos principales para la elaboración de cerveza artesanal ecológica.	Jover Ramos Aida	755	50%	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%
6	Rodríguez Piñeiro, Samuel	Obtención de biogás para a xeración de enerxía eléctrica, a partir da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos (FORSU)	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
7	Seijas Cerceda, Jesús	Deseño de un biodixestor anaeróbico modular para xurro	Jover Ramos Aida	755	100%			
8	Torre Gómez, Lucía de la	Diseño del proceso y equipos para la producción artesanal de barras de labios ecológicas para pacientes oncológicos	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
9	Vilela Torron, Daniel	Deseño do carrozado dun camión para loxística de iogurt	Vázquez Vila Mª José	555	100%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 30/11/2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Modificación de horarios e calendarios do curso 2020-21, motivado pola COVID-19.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 30 de novembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais desculpa a asistencia da profesora M^a José Vázquez por ter docencia á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/11/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informa de que dada a evolución da pandemia da COVID19, e co obxecto de realizar de xeito presencial a avaliación correspondente ao 1º semestre do curso 2020-21, é preciso modificar as datas do calendario de exames para adecuar os espazos e manter as distancias de seguridade, coordinando todo este proceso coas demais titulacións do centro.

Tamén é preciso adaptar os horarios do 2º semestre, segundo a situación actual da pandemia, tratando de que a presencialidade sexa máxima na docencia, desdobrando sobre todo os grupos de docencia interactiva e todo isto en coordinación coas restantes titulacións do centro, de xeito similar a como se levou a cabo no 1º semestre. Tamén, do mesmo xeito que se fai co calendario de exames do 1º semestre, é preciso adaptar os calendarios do 2º semestre.

Informou de que foi un proceso complexo, que requiriu aos coordinadores dos títulos un importante esforzo de coordinación, aos que agradeceu a labor realizada.

Tamén indicou que desde o día de hoxe ata a data de celebración da Xunta de Facultade os horarios e calendarios modificados poderían sufrir algunha pequena variación, no caso de detectar erros, solapamentos...

3. Modificación de horarios e calendarios do curso 2020-21, motivado pola COVID-19.

O decano informa de que xunto coa convocatoria da comisión se remitiu enlace a web na que se atopan publicados as modificación dos horarios e calendarios do curso 2020-21, motivados pola COVID19. A continuación, deu a palabra ao coordinador, que fixo un pequeno resumo do proceso e dos cambios máis salientables e informou de que se corruxiran ademais pequenos erros detectados. Tamén interveu a representación do alumnado que colaborou activamente nas modificacións.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aprobar a modificación de horarios e calendarios do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o curso 2020-21, motivado pola COVID-19**, que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

4. Rogos e preguntas.

Neste punto o profesor Julio Seijas solicitou información sobre a climatización do edificio de laboratorios, os equipos de frío e a ventilación do que informou o decano coa colaboración da

representante de calidade.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 22/12/2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2020-21.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 22 de decembro de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/11/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informa de que a continuación da celebración desta reunión, terá lugar ás 13 horas a entrega de premios do II Concurso de TFG do centro.

3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2020-21.

O decano cedeulle a palabra ao coordinador de Prácticas Externas o cal informou de que se mantiveron dúas reunións previas co alumnado para falar acerca da convocatoria de prácticas externas para este curso e as prazas ofertadas. Indicou que a convocatoria é moi similar a do curso anterior, adaptada para acoller ao alumnado da 1ª e 2ª versión do plan de estudos e que un 46% das prazas se atopan na cidade de Lugo, sendo propiciados un total de 5 convenios por parte do alumnado.

Tras facer os comentarios oportunos sobre o calendario aproximado e revisar a proposta remitida xunto coa convocatoria, finalmente os asistentes **aproban** por unanimidade a **Convocatoria de Prácticas Académicas Externas para o curso 2020-21 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** a cal se publicará no taboleiro electrónico e tamén na páxina web do centro e da que se acompaña unha copia como ANEXO á presente acta.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 22/01/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2020-21.
4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 22 de xaneiro de 2021 reúnen-se os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama por coincidirlle con curso na EPSE. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 22/12/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou sobre o curso de formación que se vai impartir para o manexo das novas cámaras instaladas, sobre a reunión que tivo lugar no día de onte co reitor sobre o tema da COVID19, segundo a cal non están previstos polo momento cambios na realización das datas previstas para os exames e haberá que agardar ao que dispoñan as autoridades sanitarias nos vindeiros días. Tamén informou sobre o retraso na recepción do mobiliario para o acondicionamento das aulas do centro que estiveron en obras.

A continuación o profesor Jose Manuel Martínez e Gerardo Pereira comentaron cuestións sobre o inicio do vindeiro semestre e como se ían utilizar as aulas espello cando o alumnado non poida estar todo na mesma aula, tendo en conta a experiencia acumulada do semestre anterior.

O profesor Julio Seijas consultou cal era o motivo de que as clases todas tiveran que ser presenciais, considerando que un boa parte se poderían impartir de xeito telemático. O decano informou de que se seguían as directrices marcadas pola USC na que se prioriza na medida do posible a docencia presencial.

3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2020-21.

O decano indicou que unha vez finalizado o prazo de solicitudes o 21 de xaneiro, e preciso confeccionar a lista provisional de asignación de destinos e proceder a súa publicación.

A continuación cedeulle a palabra ao coordinador de Prácticas Externas o cal informou das solicitudes recibidas que ascenden a 14, das prazas adxudicadas seguindo o disposto na convocatoria e normativa correspondente, e das prazas sobrantes, informando de que a maior parte do alumnado se lle asignou o destino elixido en primeira opción.

A continuación os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a lista provisional de asignación de destinos de Prácticas Académicas Externas para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO á presente acta. Tamén acordaron delegar no decano e presidente da Comisión a facultade para realizar todos os restantes actos e publicacións derivados da convocatoria de prácticas externas, sempre e cando non se produzan reclamacións, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.**

4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.

O decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de

prazas para o curso 2021-22 para os títulos do centro e comentou os aspectos mais relevantes da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o curso 2021-22 con respecto á do presente curso** (45 ordinarias, 2 para acceso por validación parcial estudos estranxeiros).

A continuación neste punto a profesora Mercedes Novo informou de cuestións relacionadas cos encontros que se van a realizar no curso actual para promocionar as titulacións do centro.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto o profesor Julio Seijas solicitou ao decano que realice as xestións oportunas para poñer un punto de luz no camiño peonil que hai entre o edificio de laboratorios e a Residencia Universitaria Bal e Gay.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 08/02/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. PDA curso 2021-22.
5. Proposta modificación táboa adaptación/recoñecemento.
6. Convocatoria de prácticas académicas externas para o curso 2020-2021.
7. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 8 de febreiro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais desculpa a asistencia dos profesores Gerardo Pereira, Eugenio Fernández e M^a José Vázquez por coincidirilles con docencia, tamén a do representante do alumnado Enrique Germán Touceda por motivos persoais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 22/01/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que a docencia seguiría online ata o vindeiro día 17 de febreiro, tal e como estaba previsto e a partir desa data estaremos ao que as autoridades sanitarias e a USC indiquen. A continuación os asistentes solicitaron algunhas aclaracións en relación a este asunto.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2020-2021. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Díaz Insua, Carmen	Proxecto de deseño de modificación dunha instalación térmica para calefacción e auga quente sanitaria nunha vivenda individual.
2	González García, Juan Carlos	Deseño das instalacións mecánicas dunha estación de Servizo.
3	Rodríguez Piñeiro, Samuel	Obtención de biogás para a xeración de enerxía eléctrica, a partir da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos (FORSU).

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por unanimidade nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 1ª oportunidade do curso 2020-2021:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Francisco José Fraga López	1º Mª José Vázquez Vila
Vocal: Carlos Amiama Ares	2º Julio A. Seijas Vázquez
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Data: 17/02/2021	

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Normativa de TFG do GEPQI e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, **que a presentación e defensa dos TFG da 1ª oportunidade do curso 2020-2021 se realizará por medios telemáticos.**

4. PDA curso 2021-22.

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2021-22 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. Estes datos foron revisados e corrixidos os erros detectados. No vindeiro curso o plan vello xa non ten docencia, tan só dereito a exame o

alumnado do 4º curso.

O decano tamén informou de que o Departamento de Química Orgánica que vai desprazar profesorado ao Campus de Santiago o que afectará a materias das titulacións impartidas na Facultade que deberán trasladar docencia a outras áreas. O profesorado manifestou o seu descontento por considerar que dificultará a confección duns horarios axeitados.

Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

A materia G4031442 Química e Control Ambiental, do 1º semestre no plan vello, solicitouse ao SXOPRA que apareza configurada no 2º semestre, xa que os alumnos do plan vello irán ao exame cos do plan no cal a materia pertence ao 2º semestre, sendo esta a única incidencia detectada neste plan de estudos.

En canto ao plan de estudos novo (G4031V02) as modificacións propostas son as seguintes:

- Modificación de distribución de horas de docencia
 - Na materia G4031441 Petroquímica é preciso modificar o reparto existente entre as áreas que a imparten 555 Enxeñaría Química e 765 Química Orgánica a petición dos departamentos implicados, de xeito que toda a docencia sexa impartida pola área 555 Enxeñaría Química.
- Solicitud de creación dun grupo de centro adicional de docencia interactiva de laboratorio:
 - Para as materias G4031326 Instrumentación e Control de Procesos e G4031427 Laboratorio de Química Industrial II, (pasando de 1 a 2) de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Enxeñaría Química tendo en conta o número de alumnado matriculado en materias previas e as implicacións que pode ter sobre a elaboración dos horarios e a dificultade de incorporar trocos con posterioridade.
 - Para a materia G4031221 Termodinámica Aplicada (pasando de 1 a 2) de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Física, indicando que asumirá a devandita docencia co cumprimento da normativa estipulada no Regulamento de Planificación Académica da USC.
- Na materia G4031451 Prácticas Externas introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2019-20 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

- Na materia G4031425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2019-20 e a asignación de tiores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2021-22 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, as cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

5. Proposta modificación táboa adaptación/recoñecemento.

O decano informa de que tras a extinción do curso ponte e a implantación da modificación do plan de estudos do GEPQI, é conveniente elaborar unha táboa para o recoñecemento de materias do alumnado procedente da Enxeñaría Técnica Industrial, esp. Química Industrial. A continuación deu lectura á proposta de táboa.

Tras una análise da mesma, **os asistentes acordaron por unanimidade aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para a modificación do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, de alumnos procedentes da titulación de Enxeñaría Técnica Industrial, esp. Química Industrial da USC, do plano de estudos do BOE 20/08/1999:**

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS	
TITULACIÓN:	G4031V02	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (2ª ed)	
PLAN DE ESTUDIOS:	2017, BOE 22/02/2011, modificado 11/10/2017		
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS	
TITULACIÓN:	241P01	ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL, esp. QUÍMICA INDUSTRIAL	
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 20/08/1999		
ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL, esp. QUÍMICA INDUSTRIAL		GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (2ª ed)	
COD.	MATERIAS CURSADAS	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)
101	Física I	G4031101	Física I
105	Fundamentos de Química	G4031103	Química I
109	Química Experimental	G4031108	Química II
103	Físico-Química		
104	Fundamentos de Informática	G4031104	Informática
304	Expresión gráfica e DAO	G4031110	Expresión Gráfica na Enxeñaría I
102	Física II	G4031106	Física II
106	Matemáticas I	G4031102	Matemáticas I
107	Matemáticas II	G4031107	Matemáticas II
		G4031202	Matemáticas III
301	Administración de Empresas e Organización da Producción	G4031111	Economía e Xestión de Empresas
108	Métodos Estatísticos na Enxeñaría	G4031109	Métodos Estatísticos

COD.	MATERIAS CURSADAS	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)
240	Transporte de Flúidos e Transmisión de Calor	G4031231 G4031226	Mecánica de Flúidos Transmisión de Calor
202	Operacións Básicas	G4031233	Enxeñaría Química II
233 332	Operacións de Transferencia de Materia I Operacións de Transferencia de Materia II	G4031227	Transferencia de Materia
303	Experimentación en Enxeñaría Química	G4031332 G4031427	Laboratorio de Química Industrial I Laboratorio de Química Industrial II
226	Termodinámica Aplicada á Enxeñaría Química	G4031221	Termodinámica Aplicada
308 331	Tecnoloxía Medioambiental Enxeñaría Medioambiental	G4031331	Enxeñaría Ambiental
305	Oficina Técnica	G4031421	Oficina de Proxectos
302	Control e Instrumentación de Procesos Químicos	G4031326	Instrumentación e Control de Procesos
111	Introdución á Enxeñaría Química	G4031232	Enxeñaría Química I
201 324	Enxeñaría da Reacción Química Reactores Químicos	G4031323	Enxeñaría da Reacción Química
306	Procesos de Química Industrial	G4031422	Procesos de Química Industrial
237 204	Química Inorgánica I Química Inorgánica Experimental	G4031223	Química Inorgánica
205 239	Química Orgánica I Química Orgánica Experimental	G4031229	Química Orgánica
203 235	Química Analítica Química Analítica Experimental	G4031333	Química Analítica Instrumental
230 121	Ampliación de Físico-química Físico-Química Experimental	G4031228	Cinética Química
322	Garantía de Calidade	G4031454	Xestión da Calidade

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

6. Convocatoria de prácticas académicas externas para o curso 2020-2021.

O decano informa de que tras a publicación da lista definitiva de asignación de destinos de prácticas externas o pasado día 3 de febreiro, recibíronse dúas solicitudes de renuncia por parte do alumnado Iria López e David Vilela.

A continuación o coordinador de Prácticas Externas indicou que as renuncias veñen motivadas pola desconfianza deste alumnado sobre a realización final das prácticas, dada a situación sanitaria actual, polo que prefiren cursar no seu lugar materias optativas xa que neste caso teñen garantida a finalización da titulación no prazo previsto.

7. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 18/02/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de actualización do catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
4. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grado en Ingeniería Química Industrial da Universidad da Laguna.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:45 do día 18 de febreiro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mercedes Novo Rodríguez	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e desculpa a asistencia do representante do alumnado Enrique Germán Touceda por reunión de prácticas externas. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 08/02/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. A secretaria manifestou que sería preciso engadir á acta un fragmento de texto ao final do punto 3 para recoller o acordado. Os asistentes acordaron por asentimento aprobar a acta coa incorporación da modificación proposta.

2. Informes.

O decano informou de que recibiu ao equipo de goberno da USC para visitar as instalacións da Facultade acondicionadas para o Grao en Bioquímica. Tamén informou de que a docencia presencial, se non hai cambios, iniciárase o vindeiro 1 de marzo.

3. Proposta de actualización do catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

O decano informa de que se recibiu solicitude de recoñecemento de alumnado do ciclo formativo superior de formación profesional Sistemas Electrónicos e Automatizados, o cal non se atopa recollido na actual versión do Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios. Unha vez analizado o plan de estudos deste ciclo, que pertence á ordenación da LOE, e tamén do seu equivalente na ordenación LOXSE, remitiuse unha proposta de ampliación do catálogo para a súa revisión por parte dos membros.

Tras a súa lectura e debate sobre este asunto, finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento solicitar a actualización** do “*Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios*” coa seguinte ampliación:

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Sistemas electrotécnicos e automatizados	Formación básica	Informática	6
		Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Electrotecnia	6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais	6
Ciclo de grao superior do plan de estudos LOXSE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Instalacións electrotécnicas	Formación básica	Informática	6
		Economía e Xestión de Empresas	6
	Obrigatoria	Electrotecnia	6
	Optativa	Prevención de Riscos Laborais	6

4. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grado en Ingeniería Química Industrial da Universidad da Laguna.

O decano indica que tras recibir solicitude de recoñecemento de alumnado procedente do Grado

en Ingeniería Química Industrial da Universidade de La Laguna, se elaborou unha proposta de táboa de recoñecemento. Tras unha análise da proposta, **os asistentes acordaron por asentimento aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, de alumnos procedentes da titulación de Grado en Ingeniería Química Industrial da Universidade de La Laguna, do plano de estudos do B.O.E. 09/01/2012:**

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA						
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS						
TITULACIÓN:	G4031V02	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (2ª ed)						
PLAN DE ESTUDIOS:	2017, BOE 22/02/2011, modificado 11/10/2017							
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDAD DE LA LAGUNA						
CENTRO:		ESCUELA SUPERIOR DE INGENIERÍA Y TECNOLOGÍA						
TITULACIÓN:		GRAO EN INGENIERÍA QUÍMICA INDUSTRIAL						
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 09/01/2012							
GRAO EN INGENIERÍA QUÍMICA INDUSTRIAL				GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (2ª ed)				
MATERIAS CURSADAS			CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
Física I			FB	6	G4031101	Física I	FB	6
Física II			FB	6	G4031106	Física II	FB	6
Fundamentos Matemáticos			FB	9	G4031102	Matemáticas I	FB	6
Cálculo			FB	6	G4031107	Matemáticas II	FB	6
					G4031202	Matemáticas III	FB	6
Fundamentos Químicos en la Ingeniería			FB	9	G4031103	Química I	FB	6
					G4031108	Química II	FB	6
Informática			FB	6	G4031104	Informática	FB	6
Expresión Gráfica y Diseño Asistido por Ordenador			FB	6	G4031110	Expresión Gráfica na Enxeñaría I	FB	6
Métodos Estadísticos en la Ingeniería			FB	6	G4031109	Métodos Estadísticos	FB	6
Fundamentos de la Ingeniería Química			OB	6	G4031232	Enxeñaría Química I	OB	6
Química Industrial			OB	6	G4031233	Enxeñaría Química II	OB	6
Diseño de Procesos Químicos en Ingeniería Química			OB	6	G4031422	Procesos de Química Industrial	OB	6
Organización y Gestión Empresarial			FB	6	G4031111	Economía e Xestión de Empresas	FB	6
Química Orgánica			OB	6	G4031229	Química Orgánica	OB	6
Química Analítica			OB	6	G4031333	Química Analítica Instrumental	OB	6
Ingeniería Fluidomecánica			OB	6	G4031231	Mecánica de Flúidos	OB	6
Operaciones de Separación			OB	6	G4031227	Transferencia de Materia	OB	6
Termodinámica Aplicada y Propiedades de Transporte			OB	6	G4031221	Termodinámica Aplicada	OB	6
Ingeniería Térmica			OB	6	G4031321	Termotecnia	OB	6
					G4031226	Transmisión de Calor	OB	6
Experimentación en la Ingeniería Química I			OB	6	G4031332	Laboratorio de Química Industrial I	OB	6
Experimentación en Ingeniería Química II			OB	6	G4031427	Laboratorio de Química Industrial II	OB	6
Ingeniería de las Reacciones Químicas			OB	6	G4031323	Enxeñaría da Reacción Química	OB	6
Mecánica de Máquinas			OB	6	G4031324	Máquinas e Mecanismos	OB	6
Ciencia y Tecnología de Materiales			OB	6	G4031325	Ciencia de Materiais	OB	6
Control e Instrumentación de los Procesos Químicos			OB	6	G4031326	Instrumentación e Control de Procesos	OB	6
Automatización y Control Industrial			OB	6				
Fundamentos de Ingeniería Eléctrica			OB	6	G4031328	Electrotecnia	OB	6
Fundamentos de Ingeniería Electrónica			OB	6				

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
Fundamentos de Ingeniería y Tecnología Ambiental	OB	6	G4031331	Enxeñaría Ambiental	OB	6
Elasticidad y Resistencia de Materiales	OB	6	G4031230	Estruturas I	OB	6
Oficina Técnica / Proyectos	OB	6	G4031421	Oficina de Proxectos	OB	6
Simulación y Optimización de Procesos Químicos	OB	6	G4031423	Simulación e Optimización de Procesos Químicos	OB	6
Tecnología de Procesos de Fabricación	OB	6	G4031426	Organización Industrial	OB	6
Sistemas de Gestión de Calidad	OP	6	G4031454	Xestión da Calidade	OP	6
Seguridad y Prevención de Riesgos en Procesos Industriales	OB	6	G4031446	Prevención de Riscos Laborais	OP	6
Ingeniería e Industrias Alimentarias	OP	6	G4031455	Enxeñaría de Procesos da Industria Alimentaria	OP	6

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

No caso de se recoñezan menos créditos de formación básica dos que conste o plan de estudos do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, o órgano competente do centro determinará de ser o caso a formación complementaria que deberá cursar o alumnado para completalos.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 08/03/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2020-21.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 8 de marzo de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e desculpa a asistencia do profesorado Aida Jover, Mercedes Novo e Julio A. Seijas por coincidirllles con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 18/02/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano indicou de non ter nesta ocasión novas cuestións das que informar.

3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2020-21.

O decano informa de que se tras a publicación da lista definitiva de asignación de destinos, matrícula e renuncias do alumnado, o mesmo foise incorporando a realización de prácticas nas diferentes empresas. Tamén, que se recibiu comunicación do alumno Enrique Germán Touceda Rivas indicando que, tras iniciar as prácticas na empresa adxudicada, considera que non se vai poder cumprir co requirido no programa formativo polo que indica a súa orde de prelación sobre as prazas que quedaron vacantes para o caso de que a comisión decida adxudicarlle un novo destino.

O decano informou de se puxo en contacto coa empresa como titor académico do alumno e que as necesidades de desprazamentos neste momento do persoal da empresa dificultan a posibilidade de desenvolver axeitadamente as prácticas, polo que tendo en conta o disposto no punto 11.4. da convocatoria de prácticas do GEPQI propón adxudicarlle un novo destino.

O coordinador de prácticas do GEPQI tamén considera que esta vai ser a mellor opción, e que a adxudicación da praza debe deixarse supeditada a consultar se neste momento as empresas teñen dispoñibilidade para acoller ao alumnado co que non contaban, seguindo a orde de prelación indicada polo alumno: Esín Ingeniería, S.L., ALUFONCA, PyH Global Services Holding, S.L., Tableros Hispanos, S.L.U., Queserías Entrepinares, S.L., Grupo Leche Río, S.A., Prolactea, S.A.U. e CAPSA.

Finalmente, os asistentes **aprobaron por asentimento adxudicarlle ao alumno un novo destino en función da orde indicada polo mesmo sobre as prazas vacantes, sempre e cando a entidade manifeste a súa dispoñibilidade para poder acoller ao alumnado no momento actual.**

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 09/04/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2021-22.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Seguimento do GEPQI 2019-20: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 9 de abril de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Enrique Germán Touceda Rivas	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e desculpa a asistencia do profesor Eugenio Fernández Carrasco por ter unha actividade no Programa A Ponte. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 08/03/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que, dada a complexidade cada vez maior para a organización dos horarios derivado do incremento do nº de cursos e das necesidades de compatibilizar o horario do profesorado nos distintos centros, vaise dispoñer dunha nova aula de informática, a nº4, de cara ao vindeiro curso, que contará con 19 postos e estará situada detrás da aula de informática nº2.

Tamén de que aínda se atopa pendente de asinar o convenio acordado coa Secretaría Xeral de Universidades para o acondicionamento de 2 novos laboratorios para o Grao en Bioquímica, que ao mesmo tempo se utilizarán para outras titulacións, permitindo un maior flexibilidade e dispoñibilidade de cara á impartición das prácticas de laboratorio.

A continuación tamén indicou que se vai acometer proximamente a 1ª parte da reparación da climatización do edificio de laboratorios, quedando a 2ª parte para o vindeiro curso.

Tamén informou que xa manifestara a USC a súa desconformidade coas datas previstas para a confección dos horarios que, tras o retraso do calendario académico e ao coincidir a Semana Santa nese mesmo período, dificultaron a elaboración e aprobación, a cal foi preciso realizar en moi pouco tempo.

3. Proposta de horarios para o curso 2021-22.

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do calendario académico e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días e nesta mesma reunión.

Os asistentes tamén manifestaron o seu descontento por non levar a cabo a rotación dos horarios de exames, e o decano comprometeuse non para os do 2021-22, pero si para anos posteriores en facer a rotación para que non queden sempre para o final e con pouco tempo para corrixir, as mesmas materias.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes

acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2021-22 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Tamén aprobaron por asentimento levar a cabo a **rotación dos exames para os cursos posteriores ao 2021-22.**

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de títos.

O decano informa de que hai 23 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2020-21, dos cales 3 xa defenderon o seu TFG en febreiro, 6 xa a teñen aprobada en comisións pasadas e 14 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión. A continuación foi dando lectura ás mesmas e, os asistentes, tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento:**

A) **Aceptar as seguintes propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Candal Pardo, Paula (*)	Producción de bebida de soia
<i>(*) Debe suprimir a comparativa ambiental coa planta de produción de leite de vaca</i>	
Castro Corbelle, Martín (*)	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autoabastecible con optimización enerxética e control automatizado
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto</i>	
Domínguez Forja, Carlos	Deseño dunha planta depuradora de residuos lácteos anaeróbios
Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de deseño dunha planta de tratamento de purín para obter biochar
García Méndez, Isabel (*)	Deseño dun horto solar fotovoltaico de 2.5MW
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto</i>	
López López, Iria	Deseño da cámara de conxelación para a liofilización de cenoria
Martínez Aneiros, Javier	Deseño dunha celda electroquímica para a produción de cloro
Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante
Pereira Losada, Ignacio (*)	Regulación e control de instalacións de confort en 2 chalés adosados
<i>(*) Estímase preciso a modificación do título polo que se indica</i>	
Suárez Mosquera, Sasha Danitza (*)	Control e Automatización de Instalacións en Salas de Intervención Cirúrxica
<i>(*) Debe incluír presuposto e prego de condicións técnicas</i>	
Touceda Rivas, Enrique Germán	Proxecto de deseño dun equipo de climatización con desinfección do aire mediante luz UV-C e adaptación da instalación para o colexio P.P. Franciscanos (LUGO)
Veiga Paredes, Sofía (*)	Proxecto de ampliación e modernización de adega familiar en Ribeira Sacra, Chantada
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto</i>	

B) Aceptar de forma condicionada as seguintes propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:

Nome e Apelidos	Título do TFG	Motivo
Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proceso integrado para a obtención de biodiésel a partir de aceite usado en condicións supercríticas.	<ul style="list-style-type: none"> • Deberá modificar o título por: "<i>Planta para a obtención de biodiésel a partir de aceite usado en condicións supercríticas.</i>" • Deberá incluír un índice aproximado dos documentos que incluírá o TFG.
Pérez Facal, Aída	Proxecto de deseño dunha planta de hidróxeno empregando enerxía do mar.	<ul style="list-style-type: none"> • Debe especificar o alcance do traballo a desenvolver e as partes que o integran.

O decano informa que de acordo co indicado no artigo 2.7. do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de Traballos Fin de Grao do GEPQI, o alumnado cuxa proposta resulte aceptada con condicións deberá entregar na Secretaría do Centro, no prazo máximo de 15 días naturais dende a data de comunicación da decisión, unha proposta modificada segundo as indicacións que motivaron o condicionamento.

Por este motivo, os asistentes **acordan por asentimento que este alumnado remita unha nova proposta que se poñerá a disposición dos asistentes desta comisión por e-mail e, no caso de que resulte conforme, quedarán aprobadas coa data do día de hoxe.**

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de asignación de tutores e cotutores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotutores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TUTOR	ÁREA	%	CO-TUTOR	ÁREA	%
Abeijón Leis, Cristina	Proxecto de una Planta de Cogeneración con Biomasa en la Línea de la Eficiencia Energética dentro del Ámbito de la Industria Maderera	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Planta para a obtención de biodiésel a partir de aceite usado en condicións supercríticas.	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%	Julio Antonio Seijas Vázquez	765	50%
Blanco Losada, Raquel	Deseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
Candal Pardo, Paula	Producción de bebida de soia	Rodríguez Martínez Héctor	555	100%			
Castro Corbelle, Martín	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autoabastecible con optimización enerxética e control automatizado	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
Díaz Insua, Carmen	Proxecto de deseño de modificación dunha instalación térmica para calefacción e auga quente sanitaria nunha vivenda individual.	Jover Ramos Aida	755	100%			
Domínguez Forja, Carlos	Deseño dunha planta depuradora de residuos lácteos anaeróbicos	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de deseño dunha planta de tratamento de purín para obter biochar	Jover Ramos Aida	755	100%			
García Méndez, Isabel	Deseño dun hortó solar fotovoltaico de 2.5MW	Fraga López, Francisco José	385	50%	Otero Gavieiro, José	G4031	50%
González García, Juan Carlos	Deseño das instalacións mecánicas dunha estación de servizo	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
López López, Iria	Deseño da cámara de conxelación para a liofilización de cenoria	Vázquez Vila M ^a José	555	100%			
López Núñez, Ariadna	Proxecto de deseño de proceso e equipos principais para a elaboración de cerveza artesanal ecolóxica.	Jover Ramos Aida	755	50%	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%
Martínez Aneiros, Javier	Deseño dunha celda electroquímica para a produción de cloro	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
Pereira Losada, Ignacio	Regulación e control de instalacións de confort en 2 chalés adosados	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
Pérez Facal, Aida	Proxecto de deseño dunha planta de hidróxeno empregando enerxía do mar.	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
Rodríguez Piñeiro, Samuel	Obtención de biogás para a xeración de enerxía eléctrica, a partir da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos (FORSU)	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
Seijas Cerceda, Jesús	Deseño de un biodixestor anaeróbico modular para xurro	Jover Ramos Aida	755	100%			
Suárez Mosquera, Sasha Daniza	Control e Automatización de Instalacións en Salas de Intervención Cirúrxica	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
Torre Gómez, Lucía de la	Diseño del proceso y equipos para la producción artesanal de barras de labios ecológicas para pacientes oncológicos	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
Touceada Rivas, Enrique Germán	Proxecto de deseño dun equipo de climatización con desinfección do aire mediante luz UV-C e adaptación da instalación para o colexio P.P. Franciscanos (LUGO)	Jover Ramos Aida	755	100%			
Veiga Paredes, Sofía	Proxecto de ampliación e modernización de adegas familiares en Ribeira Sacra, Chantada	Jover Ramos Aida	755	100%			
Vilela Torron, Daniel	Deseño do carrozado dun camión para loxística de iogurt	Vázquez Vila M ^a José	555	100%			

A continuación informou de que tamén se fará a oportuna modificación do PDA 2020-21.

5. Seguimento do GEPQI 2019-20: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do GEPQI para o curso 2019-20 que se acompaña como ANEXO a este acta**, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 07/06/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Revisión do informe de abandono potencial.
4. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2021-22.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 7 de xuño de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mª Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que desculpa a asistencia a profesora Aida Jover por coincidirle co exame da materia que imparte e do novo representante do alumnado José Manuel Fernández Ayán. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 09/04/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que en relación aos actos de graduación do alumnado do GEPQI, tanto deste curso como do anterior, vanse retrasar ata o mes de setembro por decisión do alumnado, xa que dadas restricións actuais (a celebrar en horario matinal, sen asistencia de familiares) prefiren agardar a que a situación mellore.

Tamén indicou que o inicio do vindeiro curso académico a docencia está prevista de xeito presencial pero que aínda non se concretou pola administración a separación a ter en conta nos espazos docentes das universidades, aínda que xa se concretou para outros niveis educativos, esperando que a situación mellore con respecto á actual.

Tamén informou das obras da aula de informática nº4 que xa se atopan moi avanzadas.

3. Revisión do informe de abandono potencial.

O decano informou de que se recibiu o informe de abandono potencial, no que se indica o alumnado de 1º curso que non superou ou non se presentou a ningunha materia do 1º semestre.

Suscitouse un amplo debate entre os asistentes sobre as posibles actuacións a levar, e finalmente os asistentes, acordaron por asentimento que se vai a confeccionar un breve formulario para todas as titulacións de grao do centro que se remitiría a este alumnado para valorar a posibilidade de deseñar algunha acción ou actividade de tutoría e/ou orientación dirixida ao mesmo. Tamén acordaron por asentimento que debido ao retraso co que habitualmente se recibe este informe, a coordinadora do título levará a cabo unha reunión de coordinación co profesorado para detectar o antes posible esta situación.

4. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2021-22.

O decano informou de que dentro do período de aprobación das programacións docentes por parte dos departamentos, se remitiu un modelo orientativo que recollía as especificacións indicadas no plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-22, acompañado do citado plan e do enlace á memoria do título. Ademais os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións e fóronse introducindo as modificacións necesarias para cumprir a normativa e ao mesmo tempo adaptarse ao indicado na citada memoria. A continuación, a coordinadora do título informou de xeito resumido da situación das

distintas materias.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2021-22 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 30/06/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Revisión do informe de abandono potencial.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 30 de xuño de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1 ^o curso	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2 ^o curso	VC
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4 ^o curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
José Manuel Fernández Ayán	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que desculpa a asistencia do profesor Eugenio Fernández Carrasco. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/06/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que a Facultade está a facer una difusión das súas titulacións nas redes sociais de xeito rotatorio, promocionando cada día unha titulación de grao ou máster do centro a cal está tendo boa acollida e conta con un número importante de visitas.

Tamén que se recibiu o borrador do Regulamento de uso dos espazos da Universidade de Santiago de Compostela o cal se remitirá para que todos podan facer as suxestións ao mesmo que estimen oportunas.

3. Revisión do informe de abandono potencial.

A coordinadora do GEPQI informou que, tal e como se acordou noutras comisións de título para unificar as accións a realizar, estivo en contacto co resto de coordinadores para tratar sobre o contido da enquisa sobre abandono potencial, e aínda que tomaría como punto de partida a proposta para outros graos do centro, pareceulle un pouco escasa e propuxo engadirlle algunhas cuestións máis que expuxo aos asistentes. Tras unha análise das mesmas **os asistentes acordaron por asentimento aceptar a proposta da coordinadora e remitila ao alumnado o antes posible.**

4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2020-2021. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Abeijón Leis, Cristina	Proxecto dunha planta de coxeración con biomasa na liña da eficiencia enerxética no ámbito da industria da madeira.
2	Candal Pardo, Paula	Producción de bebida de soia
3	García Méndez, Isabel	Deseño dun horto solar fotovoltaico de 2.5MW
4	López López, Iria	Deseño da cámara de conxelación para a liofilización de cenoria
5	López Núñez, Ariadna	Proxecto de deseño de proceso e equipos principais para a elaboración de cervexa artesá ecolóxica
6	Martínez Aneiros, Javier	Deseño dunha celda electroquímica para a produción de cloro
7	Torre Gómez, Lucía de la	Deseño do proceso e equipamento para a produción artesanal de labiais ecolóxicos para pacientes oncolóxicos.
8	Touceda Rivas, Enrique Germán	Proxecto de deseño dun equipo de climatización con desinfección do aire mediante luz UV-C e adaptación da instalación para o colexio P.P. Franciscanos (LUGO)
9	Veiga Paredes, Sofía	Proxecto de ampliación e modernización de adega familiar en Ribeira Sacra, Chantada
10	Vilela Torron, Daniel	Deseño do carrozado dun camión para loxística de iogur

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por asentimento nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2020-2021:**

TRIBUNAL N°1	SUPLENTE TRIBUNAL N°1
Presidente: Carlos Herrero Latorre	1º María Sagrario García Martín
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	2º Eugenio A. Rodríguez Núñez
Vocal: Marcelino Maneiro Maneiro	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Alumnado do 1 ao 5	
TRIBUNAL N°2	SUPLENTE TRIBUNAL N°2
Presidente: José Blanco Méndez	1º Héctor Rodríguez Martínez
Secretario: Carlos Amiama Ares	2º Asteria María Luzardo Álvarez
Vocal: Enrique M. Cabaleiro Lago	3º Francisco José Fraga López
Alumnado do 6 ao 10	

En relación á presentación dos TFG o decano informa de que segundo o recollido na Normativa de TFG do GEPQI e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, é preciso decidir sobre se a defensa se fará por medios telemáticos ou non.

Ao non poñerse de acordo neste punto os asistentes, procedeuse a realizar votación, co resultado de 6 votos a favor de que se realice de xeito telemático e 5 en contra, polo que **a presentación e defensa dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2020-2021 se realizará por medios telemáticos.**

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 06/09/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:00 do día 6 de xuño de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
José Manuel Fernández Ayán	Alumno	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e desculpa a asistencia do profesorado Jose Manuel Martínez, Aida Jover, Eugenio Fernández, Gerardo Pereira e Julio A. Seijas. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/06/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou sobre as distancias de seguridade a aplicar para o vindeiro curso que se recollen na Guía de actuación fronte a COVID-19 da USC que indica que nos niveis de risco

medio-baixo e medio, de conformidade coas disposicións das autoridades sanitarias, con carácter xeral a distancia de seguridade interpersoal nas aulas será de 1,2 metros. No caso de bancadas fixas enténdese cumprida esa distancia deixando un posto intermedio baleiro, sempre que as características das instalacións e da ventilación o possibiliten. Tendo en conta isto non será preciso modificar os horarios do vindeiro curso e a docencia poderase impartir de xeito presencial.

Tamén informou da elaboración ao igual que o curso anterior, do Protocolo COVID-19 do curso 2021-22 que se atopa dispoñible na páxina web da Facultade.

A continuación fixo algunhas aclaracións sobre os accesos ao centro e sobre a necesidade de manter a ventilación dos espazos ao igual que o curso anterior.

Indicou que a coordinación do título remitirá ao profesorado un resumo das cuestións máis relevantes para o comezo do curso.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliarán os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2020-2021. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polos alumnos é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TITULO TFG GEPQI
1	Pérez Facal, Aída	Proxecto de deseño dunha planta de hidróxeno empregando enerxía do mar.
2	Seijas Cerceda, Jesús	Deseño de un biodixestor anaeróbico modular para xurro

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por asentimento nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2020-2021:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Francisco José Fraga López	1º María José Vázquez Vila
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	2º Julio A. Seijas Vázquez
Vocal: Carlos Amiama Ares	3º Juan Manuel Ortigueira Amor
Data: 15/09/2021	

En relación á presentación dos TFG o decano informa de que segundo o recollido na Normativa de TFG do GEPQI e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, é preciso decidir sobre se a defensa se fará por medios telemáticos ou non. Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto, os asistentes acordaron por unanimidade que dada a situación actual a nivel sanitario a **presentación e defensa dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2020-2021 se realizará**

presencialmente.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 07/10/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aclaración do concepto de deseño na elaboración dos TFG.
4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
5. Actas consolidadas 2020-2021.
6. Solicitud de creación de grupos de centro.
7. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 7 de outubro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	VC
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	VC
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	VC
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	VC
Mª Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	VC
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Ademais informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e desculpa a asistencia do profesorado Aida Jover e Carlos Amiama e do representante do alumnado José Manuel Fdez Ayán. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 06/09/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou dos seguintes temas:

- Da celebración na Facultade da festividade de San Alberte Magno o vindeiro día 15 de novembro.
- Sobre o recoñecemento por parte da Xunta de Galicia do Campus Terra como campus de especialización do Sistema Universitario Galego nas áreas estratéxicas de agricultura, gandaría e sector forestal sostibles, o cal suporá un importante aporte económico distribuído en varias anualidades que espera repercuta tamén nas titulacións do centro.
- O inicio dos trámites para acadar o selo europeo de calidade internacional en enxeñaría EUR-ACE para o GEPQI, co que xa contan outras titulacións do Campus Terra.

A continuación cedeu a palabra á coordinadora do Grao a cal informou dos resultados dunha pequena enquisa realizada ao alumnado do 1º curso para coñecer a situación de partida e detectouse que practicamente todos cursaron previamente Matemáticas (100%) e Química (92%), pero que tan só un 58% cursou previamente Física, un 42% Informática e só un 25% Debuxo Técnico, estes resultados estarán dispoñibles para o profesorado en na aula de coordinación do Grao no Campus Virtual, para que os teñan en consideración.

Continuou amosando simulacións realizadas nos horarios de cara a súa elaboración para o curso 2022-23, para o cal solicitou a colaboración dos asistentes e especialmente dos coordinadores de curso na súa revisión para tratar de melloralos naqueles aspectos nos que sexa posible. Comentou tamén que trala revisión dos grupos de alumnos por curso, destacaba que o número de alumnos con materias matriculadas en varios cursos é moi elevado, polo que ao mellor se podería organizar reunións de curso para informalos e tratar as desvantaxes que iso xera de cara a elaboración dos horarios.

3. Aclaración do concepto de deseño na elaboración dos TFG.

O decano indicou que de cara a favorecer a realización de TFGs vinculados a empresas é preciso clarificar que se entende por deseño na elaboración dos mesmos. Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto os asistentes acordaron por unanimidade que **o concepto de deseño na elaboración dos TFG do GEPQI** deberá entenderse dun xeito xenérico que pode contemplar tanto o deseño de equipos/instalacións como a modificación ou optimización de procesos industriais. En calquera caso, a elaboración do TFG deberá incluír os documentos necesarios

para levar a cabo os obxectivos propostos especificando o nivel de detalle que se pretende. Este aspecto será revisado pola Comisión do título na avaliación das propostas presentadas.

4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.

O decano informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes aproban por asentimento a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO á presente acta.

5. Actas consolidadas 2020-2021.

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2020-21, conforme ao establecido na normativa, é preciso elaborar e asinar un acta consolidada. Nela figura o alumnado cualificado, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do TFG do curso e tamén ao que corresponde renuncia.

O decano tamén indica que neste caso, como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de “matrícula de honra” corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Neste caso os tribunais consideraron que era merecedor da matrícula de honra ao alumno Daniel Vilela Torrón que ademais acadou a máxima nota na cualificación do TFG.

Despois deste intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2020-21 ao alumno Daniel Vilela Torrón.**

No caso das actas consolidadas de Prácticas en Empresas, que teñen carácter optativo, o decano propón non outorgar matrícula de honra dadas as dificultades para facelo con criterios obxectivos, por depender da avaliación dos titores externos. **Os asistentes acordan por unanimidade non outorgar a mención de matrícula de honra na materia Prácticas en Empresa do curso 2020-21.**

6. Solicitude de creación de grupos de centro.

O decano informou de que tras revisar as cifras de alumnado matriculado nas materias, en algunhas non se acada a cifra precisa para ter outro grupo de PDA polo que o profesorado propuxo a solicitude de grupos de centro a través dos correspondentes departamentos. As materias afectadas son Cinética Química e Simulación e Optimización de Procesos Químicos.

Os asistentes acordan por asentimento aprobar a creación dos grupos de centro para as materias indicadas.

7. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 16/11/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2021-22.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 16 de novembro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	P
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1 ^o curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2 ^o curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4 ^o curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez, que comunicou a necesidade de asistencia por medios electrónicos. Ademais informa de que desculpa a asistencia o profesor Eugenio Fernández Carrasco. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/10/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou dos seguintes temas:

- Da celebración da festividade de San Alberte Magno, que tivo lugar no día de onte, desenvolvéndose o acto con normalidade e con bastante participación.
- Sobre as reunións que se están realizando como consecuencia do recoñecemento por parte da Xunta de Galicia do Campus Terra como campus de especialización do Sistema Universitario Galego nas áreas estratéxicas de agricultura, gandería e sector forestal sostibles, co obxecto de distribuír o crédito asignado nas distintas anualidades de xeito adecuado.
- Tamén informou da convocatoria de elección de reitor, representantes no Claustro Universitario e a representantes de estudantes nas xuntas de centro.

3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2021-22.

En relación á convocatoria fin de carreira 2021-22, o decano informou de as solicitudes do alumnado só afectan a dúas materias, sendo as datas propostas as seguintes, unha vez postos en contacto co profesorado e alumnado afectado:

Materia	Código	Data	Hora	Aula
Enxeñaría da Reacción Química	G4031323	16/12/2021	10:00	Aula 4 PP
Electrotecnia	G4031328	21/12/2021	10:00	Aula 4 PP

Os asistentes **aproban por asentimento as datas propostas para o exame da convocatoria fin de carreira 2021-22.**

4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O decano informa de que hai 31 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2021-22, dos cales 4 presentaron a súa proposta nesta oportunidade, 7 tiñana aprobada en comisións anteriores e 2 solicitaron modificación da proposta que xa tiñan aprobada. A continuación foi dando lectura ás mesmas, aínda que xa foran remitidas por correo electrónico previamente e tamén deu lectura aos documentos remitidos polo alumnado que solicitou as modificacións. Os asistentes foron indicando os comentarios procedentes en cada unha das propostas e no caso da modificación presentada pola alumna Aida Pérez Facal os membros manifestaron o seu acordo en aceptar a modificación da proposta pero o seu desacordo absoluto cos motivos alegados para a modificación.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento aceptar todas as propostas de TFG presentadas e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Armas Casanova, Ana Victoria	Deseño da columna de destilación dunha planta para a produción de 100 t/h de metanol.
Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.

Nome e Apelidos	Título do TFG
Boedo Calvete, María	Horta solar fotovoltaica de 5 MW de paneis fotovoltaicos con seguidor no eixe horizontal.
Miguéns Domínguez, Noelia	Optimización do control das instalacións de produción de calor do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA)
Pérez Facal, Aída	Proxecto de deseño dunha planta de hidróxeno con apoio de enerxía alternativa.
Rodríguez Villamor, Alberto	Planta de fabricación de betún modificado con po de pneumático

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2021-22 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	CO TITOR	ÁREA	%
1	Armas Casanova, Ana Victoria	Deseño da columna de destilación dunha planta para a produción de 100 t/h de metanol.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
2	Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	50%	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%
3	Blanco Losada, Raquel	Deseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
4	Boedo Calvete, María	Horta solar fotovoltaica de 5 MW de paneis fotovoltaicos con seguidor no eixe horizontal.	Fraga López, Francisco José	385	50%	Otero Gavieiro, José	G4031	50%
5	Castro Corbelle, Martín	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autabastecible con optimización enerxética e control automatizado	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
6	Domínguez Forja, Carlos	Deseño dunha planta depuradora de residuos lácteos anaeróbios	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
7	Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de deseño dunha planta de tratamento de purín para obter biochar	Jover Ramos Aida	755	100%			
8	Miguéns Domínguez, Noelia	Optimización do control das instalacións de produción de calor do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA)	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
9	Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
10	Pereira Losada, Ignacio	Regulación e control de instalacións de confort en 2 chalés adosados	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
11	Pérez Facal, Aida	Proxecto de deseño dunha planta de hidróxeno con apoio de enerxía alternativa.	Jover Ramos Aida	755	100%			
12	Rodríguez Villamor, Alberto	Planta de fabricación de betún modificado con po de pneumático	Jover Ramos Aida	755	100%			
13	Suárez Mosquera, Sasha Danitza	Control e Automatización de Instalacións en Salas de Intervención Cirúrxica	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%

O decano informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G4031).

5. Rogos e preguntas.

Neste punto o decano informou a petición do profesor Julio Seijas das claves da alarma que foron distribuídas en días pasados.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/12/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2021-22.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 3 de decembro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3 ^o curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4 ^o curso	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión celebrese de xeito presencial, non houbo solicitudes por medios telemáticos no prazo establecido. Ademais informa de que desculpa a asistencia de Carlos Amiama, Gerardo Pereira, Juan M. Ortigueira e José M. Fernández Ayán. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 16/11/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou dos seguintes temas:

- Da substitución da secretaría do centro nos vindeiros días, unha vez que o profesor Ramiro Barcia Vieitez sexa nomeado polo reitor por proposta do decano.

- Da posibilidade de participar nos pinchos que terán lugar o vindeiro día 22 se non hai cambios nas restricións pola pandemia.

3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2021-22.

O decano indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do GEPQI para o vindeiro curso 2021-22 da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación indicou que na presente edición se simplificou a convocatoria e o procedemento de solicitude, xa que a maioría dos anexos salvo a oferta de prazas estarán dispoñibles na nova web que se creou para as prácticas externas na intranet da USC e ademais vaise a utilizar un formulario de solicitude confeccionado a través de Microsoft Forms que facilitará e simplificará o proceso para o alumnado.

A continuación informou das prazas dispoñibles e asignáronse titores académicos a dúas prazas novas que aínda estaban pendentes. Tamén se informou do calendario aproximado de solicitudes, listas, reclamacións e renuncias.

Finalmente tras os comentarios oportunos, os asistentes acordaron por asentimento **aprobar** a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do GEPQI para o curso 2021-22 a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén **delegar** no decano a elaboración e publicación das listas provisionais e definitivas de asignación sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión. Tamén acordan que na asignación, no caso de que se produza **empate** por ter a mesma nota media no expediente académico, o criterio de desempate será o ter maior número de créditos superados á data de finalización do período computado para a media do expediente, este criterio manterase para as próximas convocatorias.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto o decano informou a petición do profesor Julio Seijas da situación do equipo de resonancia magnética que por erro foi entregado na Facultade de Química, esperando telo de volta na Facultade nos vindeiros días.

Tamén se comentou acerca da baixa contribución económica da Facultade de Veterinaria e EPS no caso das prácticas de laboratorio que teñen lugar nas instalacións da Facultade, o cal se tratará de mellorar.

José Manuel Martínez solicitou información ao decano sobre os trámites para acadar o selo europeo de calidade internacional en enxeñaría EUR-ACE para o GEPQI, co que xa contan outras titulacións do Campus Terra. O decano indicou que no vindeiro mes de xaneiro

coñecerase se a avaliación se realizará en 2022 ou en 2023 unha vez que xa foi feita a solicitude pola USC, polo que á volta do Nadal se fará unha reunión para ir empezando a traballar e xa modificar as guías docentes do vindeiro curso para adaptalas aos requirimentos desta avaliación.

A coordinadora do grao informou sobre a proposta de horarios para o vindeiro curso académico na que estivo traballando, e ten pensado poñelos á disposición dos membros da comisión nas vindeiras semanas para revisión.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/02/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.
4. PDA curso 2022-23.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 3 de febreiro de 2022 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1 ^o curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2 ^o curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3 ^o curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4 ^o curso	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
José Manuel Fernández Ayán	Alumno	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Ramiro Barcia Vieitez e de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/12/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou da existencia dunha alta incidencia de contaxios que provoca retrasos na comunicación por parte da oficina COVID, polo que pediu ao profesorado que tal e como indica o Protocolo para a xestión de casos COVID-19 se facilite ao alumnado que pasa a unha situación de illamento o dereito de recibir a docencia de forma non presencial. Tamén informou da necesidade de seguir mantendo unha correcta ventilación e hixiene nos distintos espazos do centro.

A continuación informou de que se recibiu un informe de coordinación académica, de data 12 de xaneiro de 2022, relativo a unha reunión de coordinación mantida polo profesorado que impartiu docencia no 1º semestre do 1º curso relacionada coa detección de alumnos en situación de abandono potencial e posibles solucións. **Os asistentes acordan por asentimento incorporar o informe de coordinación como ANEXO á presente acta.**

3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.

O decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2022-23 para os títulos do centro e comentou os aspectos mais relevantes da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento non modificar a oferta de prazas para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o curso 2022-23 con respecto á do presente curso (45 ordinarias, 2 para acceso por validación parcial estudos estranxeiros).**

4. PDA curso 2022-23.

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2022-23 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. Tras comentar as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado, propóñense as seguintes modificacións:

- Solicitude de creación dun grupo de centro adicional de docencia interactiva de laboratorio: para a materia G4031228 Cinética Química (pasando de 1 a 2) de acordo coa solicitude feita polo Departamento de Química Física co obxecto de acadar unha óptima calidade na docencia práctica.

- Modificación de asignación da materia G4031324 Máquinas e Mecanismos de xeito que a docencia que impartía a Área 385 Física Aplicada pase a ser impartida pola Área 545 Enxeñaría Mecánica, coa aceptación dos departamentos implicados.
- Na materia G4031451 Prácticas Externas introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2021-22 e á asignación de tiores académicos aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.
- Na materia G4031425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2020-21 e a asignación de tiores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

En canto á solicitude do Departamento de Matemática Aplicada de reducir os grupos de docencia interactiva de seminario da materia G4031107 Matemáticas II de 2 a 1, non é posible levalo a cabo por corresponder esta distribución segundo o artigo 12 do Regulamento de planificación académica da USC e non darse as circunstancias organizativas para a súa redución (artigo 16) ao existir máis materias do mesmo curso con 2 grupos. Ademais está previsto realizar axustes no proceso de admisión de alumnado de inicio de estudos de xeito que no Programa de Grao Aberto 5USC Enxeñarías se acaden os 10 alumnos de novo ingreso.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2022-23 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais coas modificacións descritas.** As cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto os asistentes solicitaron aclaracións sobre a docencia non presencial ao alumnado con COVID-19 e as incidencias técnicas. O decano indicou que no caso de ser necesario se podería trasladar puntualmente a docencia a outros espazos.

O profesor Julio A. Seijas consultou sobre a posibilidade de que as clases de 4º curso do GEPQI que teñen lugar na aula do semisoto se trasladen a outras espazos máis axeitados. O decano comprometeuse a estudar a posibilidade de trasladalas ás aulas do Grao en Bioquímica cando se atopen libres.

O profesor Julio A. Seijas solicitou información sobre cando se ía poñer en funcionamento o alumado exterior da zona das novas escaleiras instaladas polo lateral do edificio de laboratorios. O decano indicou que o descoñecía e de que informaría en canto tivera noticias sobre este asunto.

A profesora Sagrario García Martín interesouse sobre o estado de mantemento dos medidores de CO₂ que se utilizan nos distintos espazos do centro e informou da necesidade de revisión dos dispensadores de xel hidroalcohólico para evitar que se obstrúan. O decano comprometeuse a que o revise o persoal de conserxaría do centro.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 17/03/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de actualización do catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
4. Seguimento do GEPQI 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 17 de marzo de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Francisco José Fraga López	Decano	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Mª Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do COETIL	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión informa de que desculpa asistencia Eugenio Fernández Carrasco, Carlos Amiama Ares, Julio A. Seijas Vázquez e José Manuel Martínez Ageitos. Tamén de que asisten como invitadas a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e a alumna Jennifer Diéguez Fernández, recentemente elixida como membro da Xunta de Centro e que será proposta para o seu nomeamento como representante do alumnado do GEPQI nesta comisión. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 03/02/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano, en primeiro lugar, despediuse como presidente da comisión debido á súa próxima incorporación ao novo equipo reitoral da USC como vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo e pediu aos membros que mantiveran a súa colaboración co equipo decanal que quedará en funcións ata a celebración de eleccións.

A continuación informou de que de cara ao vindeiro curso a USC ten previsto elaborar normativa que permita atender ás necesidades de conciliación do persoal docente e investigador na elaboración dos horarios e POD. Non foi posible facelo para este curso, polo que nos vindeiros días remitirase aos centros e departamentos unhas indicacións que se deberán observar no proceso de programación do vindeiro curso.

3. Proposta de actualización do catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

O decano informa de que se recibiu solicitude de recoñecemento de alumnado do ciclo formativo superior de formación profesional Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica, o cal non se atopa recollido na actual versión do Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios. Unha vez analizado o plan de estudos deste ciclo, que pertence á ordenación da LOE, o cal non ten equivalente na ordenación LOXSE, remitiuse unha proposta de ampliación do catálogo para a súa revisión por parte dos membros.

Tras a súa lectura e debate sobre este asunto, finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento solicitar a actualización** do “*Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios*” coa seguinte ampliación:

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Ciclo de grao superior do plan de estudos LOE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	Formación básica	Economía e Xestión de Empresas Expresión Gráfica na Enxeñaría I	6 6
	Obrigatoria	Electrotecnia	6
		Mecánica de Flúidos	6
		Termotecnia	6
Optativa	Prevención de Riscos Laborais	6	

4. Seguimento do GEPQI 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O decano cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do GEPQI para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO a este acta**, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras.

5. Rogos e preguntas.

Neste apartado o representante do COETIL Jorge Rivera informou de accións que se están levando a cabo desde o Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, indicando que neste momento estase promocionando e financiando desde o mesmo a realización de informes e investigacións que avalen as competencias da titulación e que finalmente deriven en publicacións en revistas de recoñecido prestixio. Este tipo de accións estanse desenvolvendo a nivel de todo o estado español, polo que se ofreceu para estudar as posibles propostas neste sentido para tratar de que sexan remuneradas adecuadamente.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 01/04/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude para a determinación do carácter singular do GEPQI.
4. Proposta de horarios para o curso 2022-23.
5. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
6. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 1 de abril de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana en funcións	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Eugenio Fernández Carrasco e de que asiste como invitada, a través de medios electrónicos a alumna Jennifer Diéguez Fernández, recentemente elixida como membro da Xunta de Centro e que será proposta para o seu nomeamento como representante do alumnado do GEPQI nesta comisión. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 17/03/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informou de que o Comité de Xestión COVID-19 adaptou recentemente o Protocolo de xestión de casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela de conformidade co establecido polo protocolo de “Vixilancia e control do SARS-CoV-2 na etapa de transición en Galicia” da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Indica que como principal novidade e con carácter xeral, elimínase a necesidade de illamento e corentena para as persoas que sexan casos sospeitosos ou confirmados de COVID-19, polo que só se deberá comunicar á Oficina de Xestión COVID aquelas situacións nas que a intensidade dos síntomas non permitan realizar a actividade diaria, de conformidade co previsto no Protocolo de Xestión de Casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, o persoal que pertenza a un colectivo vulnerable poderá solicitar o traballo a distancia durante o período de 10 días establecido nas recomendacións para casos confirmados e casos sospeitosos de COVID-19.

Tamén informou de que ao longo do día se remitirá un correo a todo o profesorado para que remitan as súas propostas para a convocatoria para o financiamento de equipamentos e infraestruturas docentes, no marco do convenio de financiamento da Xunta de Galicia, que serán comunicadas á Vicerreitoría de Planificación Científica.

Xa para rematar, indicou que están convocadas as eleccións a decano/a da Facultade, o cal se fixo o antes posible para tratar de dotar ao centro dun equipo de traballo completo e estable. A votación terá lugar na Xunta de Centro que se celebrará o vindeiro 28 de abril.

3. Solicitude para a determinación do carácter singular do GEPQI.

A presidenta informa de que o Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia establece un número mínimo de alumnado de novo ingreso (20 para másteres; 50 graos Santiago; 45 graos Lugo) para que as titulacións se poidan impartir. O pasado día 21 de marzo publicouse a Resolución do 10 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se fixan os criterios para a determinación do carácter singular de titulacións oficiais de grao e máster no Sistema Universitario de Galicia (SUG), segundo a cal, aquelas titulacións cuxa media de alumnos de

novo ingreso durante tres cursos consecutivos sexa inferior ao esixido polo Decreto 222/2011, poderán solicitar a declaración de singularidade. Esta declaración suporá a exención do cumprimento do nº mínimo de alumnado de novo ingreso, por un período temporal de 5 anos. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización estima necesario solicitar o carácter de singularidade para o GEPQI ao non cubrir o nº mínimo de alumnado de novo ingreso, polo que será preciso elaborar unha proposta de singularidade segundo os criterios indicados no apartado terceiro da citada Resolución.

A presidenta indicou que o prazo para realizar este proceso foi moi curto polo que a solicitude de singularidade está en proceso de elaboración. O profesor José Manuel Martínez informou de como se levou a cabo este mesmo proceso no ano 2017 no que se declarou a singularidade de varios títulos do SUG, entre os cales non se atopaba o GEPQI, esperando que nesta ocasión se poda acadar esta declaración de carácter singular.

Tendo en conta todo isto, os asistentes **acordan por asentimento solicitar a determinación do carácter singular do GEPQI e delegar no equipo decanal a elaboración da proposta de singularidade para cursar esta solicitude.**

4. Proposta de horarios para o curso 2022-23.

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do calendario académico e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

A continuación deu a palabra á coordinadora que informou acerca da súa elaboración, a cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2022-23 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios>.

5. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

A presidenta informa de que hai 32 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2021-22, dos cales 13 xa teñen a proposta de TFG aprobada en comisións pasadas, 16 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión e 3 non

presentaron proposta. A continuación foi dando lectura ás mesmas e, os asistentes, tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento:**

A) Aceptar as seguintes propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:

Nome e Apelidos	Título do TFG
Beceiro Alvariño, Lucía (*)	Modificación na máquina Coemter 856 N Block
<i>(*) No apartado de seguridade e saúde, ademais das medidas adecuadas para protexer a saúde dos traballadores nas labores de modificación da máquina, deberá incluír aspectos relativos ao cumprimento da normativa de aplicación en prevención de riscos coa manipulación da máquina</i>	
Cedrón Zas, Roberto	Deseño do proceso e equipos principais dunha planta para a produción de 2600 kg/h de isopropilamina
Fernández Ayán, José Manuel (*)	Deseño dunha instalación de secado de cogomelos e froitas para o consumo humano co apoio de enerxía solar para o acondicionamento do aire.
<i>(*) O estudo de impacto ambiental limitarase a xustificar o tipo de procedemento ambiental ao que se verá sometido o proxecto</i>	
Gamboa Clavero, Isabel (*)	Proxecto de instalación de enerxía aerotérmica co apoio dun panel solar térmico nun invernadoiro.
<i>(*) O estudo de impacto ambiental limitarase a xustificar o tipo de procedemento ambiental ao que se verá sometido o proxecto</i>	
Hernández Faria de Moraes, Stella (*)	Adaptación dun xerador diésel para que funcione co hidróxeno como combustíbel
<i>(*) Neste tipo de proxecto non procede a inclusión do estudo de impacto ambiental nin de seguridade e saúde. Deberá prestar especial atención á viabilidade financeira da alternativa desenvolvida</i>	
Martínez Piñeiro, Javier	Proxecto de intalación enerxética para vivenda unifamiliar en O Corgo, Lugo
Moreiras Ledo, María José	Deseño de Planta Desaladora Modular (600-900 m3/día)
Piñón Penelas, Aida	Proxecto de deseño dunha adega na Ribeira Sacra
Prieto Gago, Luís José	Proxecto de integración da produción de polihidroxibutirato e ectoína nunha biorrefinería de bioetanol de primeira xeración.
Prieto Riol, Ana Isabel	Proxecto de deseño dun proceso de obtención de aceites esenciais cítricos mediante o uso das cascas.
Rodríguez Fernández, Ángel (*)	Proxecto de construción de nave para procesado de castañas
<i>(*) Entendese que o proxecto, ademais do deseño da nave abordará o deseño e selección de equipos para a realización do proceso produtivo, ademais da avaliación financeira do mesmo</i>	
Rodríguez Teijeiro, Jose (*)	Deseño dunha planta de produción de CBD para o seu uso terapéutico
<i>(*) Debe incluír estudo de seguridade e saúde, e avaliación financeira do proxecto</i>	
Roibas Arias, Ana (*)	Optimización do compoñente A na fabricación de tableiro MDF.
<i>(*) Non precisa incluír o estudo de impacto ambiental</i>	
Sánchez Malaver, León Felipe (*)	Integración enerxética e deseño de intercambiadores de calor nunha planta lurgi con 100 t/h de produción de metanol
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira da alternativa desenvolvida</i>	
Tomé Vázquez, Javier (*)	Produción de taninos nunha planta de tableiros MDF
<i>(*) A avaliación financeira deberá integrarse como anexo á memoria</i>	

B) Aceptar de forma condicionada a seguinte proposta de TFG presentada, cos comentarios que se indican:

Nome e Apelidos	Título do TFG	Motivo
Pena Vázquez, Samuel	Produción de biobutanol mediante fermentación extractiva ABE	Deberá presentar unha modificación da proposta na que especifique o alcance do traballo a desenvolver no proxecto

A presidenta informa que de acordo co indicado no artigo 2.7. do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de Traballos Fin de Grao do GEPQI, o alumnado cuxa

proposta resulte aceptada con condicións deberá entregar na Secretaría do Centro, no prazo máximo de 15 días naturais dende a data de comunicación da decisión, unha proposta modificada segundo as indicacións que motivaron o condicionamento.

Por este motivo, os asistentes **acordan por asentimento que o alumno remita unha nova proposta que se poñerá a disposición dos asistentes a esta comisión por e-mail e, no caso de que resulte conforme, quedará aprobada coa data do día de hoxe.**

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2021-22 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TUTOR	ÁREA	%	COTUTOR	ÁREA	%
1	Armas Casanova, Ana Victoria	Deseño da columna de destilación dunha planta para a produción de 100 t/h de metanol.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
2	Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	50%	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%
3	Beceiro Alvariño, Lucía	Modificación na máquina Coemter 856 N Block	Fraga López, Francisco José	385	50%	Pedro Lago García	G4031	50%
4	Blanco Losada, Raquel	Deseño dun equipo para eliminación dos NOx na obtención de ácido nítrico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
5	Boedo Calvele, María	Horta solar fotovoltaica de 5 MW de paneis fotovoltaicos con seguidor no eixe horizontal.	Fraga López, Francisco José	385	50%	Otero Gavieiro, José	G4031	50%
6	Castro Corbelle, Martín	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autobastecible con optimización enerxética e control automatizado	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
7	Cedrón Zas, Roberto	Deseño do proceso e equipos principais dunha planta para a produción de 2600 kg/h de isopropilamina	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
8	De la Cruz De la Cruz, Génesis Allagracia		Amiama Ares Carlos	720	100%			
9	Dominguez Forja, Carlos	Deseño dunha planta depuradora de residuos lácteos anaeróbios	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
10	Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de deseño dunha planta de tratamento de purín para obter biochar	Jover Ramos Aida	755	100%			
11	Fernández Ayán, José Manuel	Deseño dunha instalación de secado de cogomelos e froitas para o consumo humano co apoio de enerxía solar para o acondicionamento do aire.	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
12	Gambao Clavero, Isabel	Proxecto de instalación de enerxía aerotérmica co apoio dun panel solar térmico nun invernadoiro.	Fraga López, Francisco José	385	100%			
13	Hernández Faria de Moraes, Stella	Adaptación dun xerador diésel para que funcione co hidróxeno como combustible	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
14	Martínez Piñeiro, Javier	Proxecto de instalación enerxética para vivenda unifamiliar en O Corgo, Lugo	Jover Ramos Aida	755	50%	Julio Rodríguez Olmo	G4031	50%
15	Miguéns Domínguez, Noelia	Optimización do control das instalacións de produción de calor do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA)	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
16	Moreiras Ledo, María José	Deseño de Planta Desaladora Modular (600-900 m3/día)	Vázquez Vila Mª José	555	100%			
17	Pena Vázquez, Samuel	Produción de biobutanol mediante fermentación extractiva ABE	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
18	Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
19	Pereira Losada, Ignacio	Regulación e control de instalacións de confort en 2 chalés adosados	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
20	Pérez Facal, Aida	Proxecto de deseño dunha planta de hidróxeno con apoio de enerxía alternativa.	Jover Ramos Aida	755	100%			
21	Piñón Penelas, Aida	Proxecto de deseño dunha adega na Ribeira Sacra	Jover Ramos Aida	755	100%			
22	Prieto Gago, Luis José	Proxecto de integración da produción de polihidroxibutirato e ectoína nunha biorrefinería de bioetanol de primeira xeración.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
23	Prieto Riol, Ana Isabel	Proxecto de deseño dun proceso de obtención de aceites esenciais cítricos mediante o uso das cascas.	Jover Ramos Aida	755	100%			
24	Rodríguez Fernández, Ángel	Proxecto de construción de nave para procesado de castañas	Fraga López, Francisco José	385	100%			
25	Rodríguez Meniño, Adriana		Amiama Ares Carlos	720	100%			
26	Rodríguez Rodríguez, Silvia		Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
27	Rodríguez Tejeiro, Jose	Deseño dunha planta de produción de CBD para o seu uso terapéutico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
28	Rodríguez Villamor, Alberio	Planta de fabricación de betún modificado con po de pneumático	Jover Ramos Aida	755	100%			
29	Roibas Arias, Ana	Optimización do compoñente A na fabricación de tableiro MDF.	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Victor Mouriz Domínguez	G4031	50%
30	Sánchez Malaver, Leon Felipe	Integración enerxética e deseño de intercambiadores de calor nunha planta lurgi con 100 t/h de produción de metanol	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
31	Suárez Mosquera, Sasha Danitza	Control e Automatización de Instalacións en Salas de Intervención Cirúrxica	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
32	Tomé Vázquez, Javier	Produción de taninos nunha planta de taboleiros MDF	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			

6. Rogos e preguntas.

Neste apartado non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 20/04/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de modificación de PDA 2022-23.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 20 de abril de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana en funcións	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	VC
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez, Juan M. Ortigueira e Concepción Gay que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia do profesorado José Manuel Martínez Ageitos e M^a José Vázquez e, da representante do alumnado, Jennifer Diéguez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 01/04/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informou de que a Xerencia, de conformidade co acordado polo Comité de Xestión COVID-19 da USC, comunicou que mantería o uso de máscara nos interiores das instalacións da USC durante o día de hoxe, á espera de publicar unha instrución na que se regulará o uso da máscara no interior dos edificios da USC desde o xoves 21 de abril e que polo momento aínda non se recibiu.

Tamén informou sobre o contido das propostas relativas á convocatoria para o financiamento de equipamentos e infraestruturas docentes, no marco do convenio de financiamento da Xunta de Galicia, que serán comunicadas á Vicerreitoría de Planificación Científica e que se centrarán en completar a dotación de videoconferencia nas aulas do centro que aínda non dispoñen deste equipamento, xa que a convocatoria non permite solicitar outro tipo de dotacións.

Tamén informou de que en días pasados se remitiu aos asistentes á anterior reunión da comisión, a nova proposta de TFG que se aprobara condicionada e que se considerou aprobada nesa sesión ao contestar a maior parte dos membros e todos eles en sentido favorable.

3. Solicitud de modificación de PDA 2022-23.

A presidenta informa de que en relación co PDA 2022-23 do GEPQI, a Vicerreitoría de Organización Académica rexeitou a solicitude de asignación do encargo docente da materia Máquinas e Mecanismos á área de Enxeñaría Mecánica por non contar con profesorado. Ante a posibilidade de asignarlle o encargo docente á área 590 Máquinas e Motores Térmicos, é preciso solicitar unha modificación do PDA 2022-23 para modificar a asignación, incorporando esta materia ao próximo proceso de adscrición que terá lugar arredor do mes de novembro, como ven sendo habitual. O departamento de Enxeñaría Agroforestal ao que pertence a área, xa foi informado deste proceso para que o contemplen no seu POD que está en proceso de elaboración.

Tras algúns comentarios sobre este asunto, os asistentes **aproban por asentimento a modificación do PDA 2022-23 do GEPQI para asignarlle a docencia da materia Máquinas e Mecanismos á área Máquinas e Motores Térmicos.**

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 06/06/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2022-23.
4. Revisión do informe de abandono potencial.
5. Proposta de publicación de traballos fin de grao no repositorio institucional da USC (Minerva).
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 6 de xuño de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que desculpa asistencia o profesor Eugenio Fernández Carrasco. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 20/04/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informou dos seguintes asuntos:

En relación á obtención do selo europeo de calidade internacional en enxeñaría EUR-ACE, no que se atopa inmerso o título, informou de que a visita virtual do panel de avaliadores está confirmada para o 25 de outubro. Na medida en que nos soliciten máis datos ou documentación contactarase co profesorado correspondente para a súa obtención.

A USC atópase en proceso de renovación de diversas normativas para adaptalas ao RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade. Como novidade estase traballando no desenvolvemento dunha normativa que regule a semipresencialidade nas titulacións.

A Xerencia informou de que ten previsto a creación dun centro de formación que englobe as actividades organizadas a través do Centro de Linguas Modernas, Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe, Programa de Formación e Innovación Docente, ... co obxecto de formar ao colectivo de PDI, PAS e persoal investigador con formación específica axeitada a cada un dos sectores.

Tamén informou de que se mantivo unha reunión coa área TIC xa que se vai dispoñer de financiamento procedente do Ministerio de Universidades para a renovación de equipos obsoletos vinculados a docencia, considerando como tales os que teñen unha antigüidade de 10 anos ou máis, xa que orixinan riscos na seguridade da información. A revisión dos equipos afectados e a substitución levaraa a cabo de xeito centralizado a USC e xestionarase a través da área TIC, polo que non vai depender do centro. Afectará aos equipos dos docentes e tamén aos dalgunhas aulas de informática.

3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2022-23.

A decana informou de que, como cada curso académico, os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

Tanto a decana como a coordinadora do título informaron das incidencias transmitidas polos distintos coordinadores nalgunhas materias, as cales se atopan resoltas case na súa totalidade, salvo para a materia Máquinas e Mecanismos que aínda non fixeron os axustes correspondentes.

A coordinadora do título suxeriu que de cara ao vindeiro curso académico sería de interese,

ademais de desenvolver os contidos das materias nas programacións docentes, facer constar tamén de xeito literal os epígrafes que constan na memoria de verificación do título.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2022-23 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión e facultando á decana para aprobar as modificacións que sexan precisas realizar na materia Máquinas e Mecanismos.

4. Revisión do informe de abandono potencial.

A decana indicou de que se recibiu o informe de abandono potencial, no que se informa do alumnado que iniciou estudos na USC no curso 2021-22 e non superou ou non se presentou a ningunha materia do 1º semestre. O obxecto deste informe é que as comisións de título o analicen e valoren a posibilidade de deseñar algunha acción ou actividade de tutoría/orientación dirixida a este alumnado.

A continuación, cedeu a palabra á coordinadora do título que recordou aos asistentes que o pasado 12 de xaneiro mantivo unha reunión co profesorado para tratar de detectar o alumnado en situación de risco de abandono e contactar con eles para atopar posibles solucións, tal e como se recolleu no informe de reunión de coordinación na acta do pasado 3 de febreiro. Indicou tamén que a taxa de abandono estimada segundo a memoria verificada do GEPQI ascende ao 15%, e no informe que nos facilitan do curso 2021-22 recolle a existencia de 6 estudantes en risco de abandono. Como cada curso académico contactouse con este alumnado para explorar os motivos desta situación e o 33,3% indican que teñen intención de continuar os estudos. Polo tanto se abandonan os restantes a taxa de abandono estaría por debaixo do 15% estimado na memoria do título.

A continuación, os asistentes acordaron por asentimento ofertar ao principio de curso ao alumnado que o demande un programa personalizado de tutorización/orientación que os guíe dende o punto de vista académico e permita reducir os casos de abandono existentes.

5. Proposta de publicación de traballos fin de grao no repositorio institucional da USC (Minerva).

A decana informou de que a normativa de TFG recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tamén informou de que este proceso aínda se atopa pendente de levar a cabo coas titulacións do centro, polo que sería preciso decidir que TFG se propoñen para a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, finalmente acordaron por

asentimento, para os traballos defendidos desde os inicios da titulación ata o curso 2020-21, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron a mención de matrícula de honra na materia, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación. De cara aos vindeiros cursos académicos, na consolidación de actas académicas poderá a comisión decidir se incorpora algún máis.

6. Rogos e preguntas.

Neste apartado interveu o profesor José Manuel Martínez Ageitos indicando da necesidade de tratar nunha vindeira reunión da comisión o indicado no artigo 11.2 da normativa de TFG referente á confidencialidade no caso da realización de traballos fin de grao no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade, por se fora preciso modificar o contido do proxecto formativo que figura no anexo ao convenio.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 30/06/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 30 de xuño de 2022 reúnense na aula 5 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia do profesor Carlos Amiama. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 06/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indicou en primeiro lugar que recibiu do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo unha información moi interesante, remitida xunto coa convocatoria, sobre a proliferación de títulos de grao en enxeñaría da rama industrial que non outorgan atribucións profesionais para exercer a profesión de enxeñeiro técnico industrial e a confusión provocada entre os estudantes, os empregadores e a propia sociedade. A continuación abriuse un debate entre os asistentes para comentar os contidos do documento e amosaron o seu descontento ante esta situación. O representante do COETIL, Jorge Rivera, informou dos esforzos que se están realizando de cara a proporcionar orientación, aos centros docentes de procedencia do alumnado que inicia estudos de grao, con información que lles permita distinguir uns títulos de outros e coñecer as implicacións profesionais que comportan.

A continuación a decana informou das reunións mantidas pola Xunta de Galicia a través da Secretaria Xeral de Universidades e as universidades do Sistema Universitario Galego para reordenar o mapa de titulacións, eliminar duplicidades de titulacións non singulares e implantar outras novas vinculadas a perfís de futuro; o que permitiría implantar 9 novos títulos de grao aos que finalmente se engadiron outros 2: biomedicina, bioeconomía, ciencias gastronómicas, conservación e restauración do patrimonio cultural, marketing incluíndo loxística empresarial, enoloxía, economía financeira e actuarial, enxeñaría de software, musicoloxía, antropoloxía e ciencia de materiais. Nos vindeiros meses espera ter máis información ao respecto sobre todo este asunto.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2021-22. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polo estudantado é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFG
1	Armas Casanova, Ana Victoria	Deseño da columna de destilación dunha planta para a produción de 100 t/h de metanol.
2	Cedrón Zas, Roberto	Deseño do proceso e equipos principais dunha planta para a produción de 2600 kg/h de isopropilamina
3	Hernandez Faria de Moraes, Stella	Adaptación dun xerador diésel para que funcione co hidróxeno como combustíbel
4	Martínez Piñeiro, Javier	Proxecto de instalación enerxética para vivenda unifamiliar en O Corgo, Lugo
5	Pérez Facal, Aída	Proxecto de deseño dunha planta de hidróxeno con apoio de enerxía alternativa.

Nº	ALUMNO/A	TITULO DO TFG
6	Rodríguez Villamor, Alberto	Planta de fabricación de betún modificado con po de pneumático
7	Sánchez Malaver, Leon Felipe	Integración enerxética e deseño de intercambiadores de calor nunha planta lurgi con 100 t/h de produción de metanol

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por asentimento nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 2ª oportunidade do curso 2021-2022** que terá lugar o vindeiro 13 de xullo:

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Eugenio A. Rodríguez Núñez Secretaria: M ^a José Vázquez Vila Vocal: Julio A. Seijas Vázquez	Thelmo Alejandro Lu Chau Juan Manuel Ortigueira Amor Enrique M. Cabaleiro Lago

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado interveu a coordinadora, M^a José Vázquez, para indicar que será preciso estar pendente do inicio de clases na materia Máquinas e Mecanismos polo cambio de profesor, que finalmente se reducirá a 2 ou 3 os profesores previstos para as materias de Física e que en relación aos acordos académicos do alumnado de intercambio da USC que cursa estudos noutras universidades, será de interese consensuar coa axuda do profesorado o contido destes acordos académicos.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título Reunión ordinaria: 05/09/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 5 de setembro de 2022 reúnense na aula 5 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. **Informes.**

A decana informou en primeiro lugar sobre as Xornadas de Benvida da USC que van ter lugar os

vindeiros días 13, 14 e 15 de setembro en Santiago e Lugo, as cales inclúen actividades culturais e deportivas gratuítas con DJ's, concertos, obradoiros, visitas guiadas, ... e están abertas a toda a comunidade universitaria. O día grande será o 14 e as actividades estarán repartidas ao longo de todo o día, en distintas quendas e pola maior parte dos centros dos campus, todo isto para facilitar a asistencia de toda a comunidade universitaria.

A continuación, indicou que para este curso non están previstas restricións motivadas pola COVID-19, pero que é posible que para algunhas actividades sexa preciso dar algún tipo de recomendación, como pode ser nas prácticas de laboratorio.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2021-22. A relación de TFG que se presentaron no prazo correspondente polo estudiantado é a seguinte:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFG
1	Boedo Calvete, María	Horta solar fotovoltaica de 5 MW de paneis fotovoltaicos con seguidor no eixe horizontal.
2	Domínguez Forja, Carlos	Deseño dunha planta depuradora de residuos lácteos anaeróbios
3	Fernández Ayán, José Manuel	Deseño dunha instalación de secado de cogomelos e froitas para o consumo humano co apoio de enerxía solar para o acondicionamento do aire.
4	Pereira Losada, Ignacio	Regulación e control de instalacións de confort en 2 chalés adosados
5	Suárez Mosquera, Sasha Danitza	Control e Automatización de Instalacións en Salas de Intervención Cirúrxica
6	Tomé Vázquez, Javier	Produción de taninos nunha planta de tableiros MDF

Despois dun intercambio de impresións, os asistentes **acordan por asentimento nomear ao seguinte tribunal para a avaliación dos TFG da 3ª oportunidade do curso 2021-2022:**

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Eugenio A. Rodríguez Núñez Secretaria: M ^a José Vázquez Vila Vocal: Julio A. Seijas Vázquez	Gerardo Pereira Gonçalves Enrique M. Cabaleiro Lago Juan Manuel Ortigueira Amor

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado producíronse algunhas intervencións relacionadas co selo europeo de calidade internacional en enxeñaría EUR-ACE, sobre a petición de información por parte dos avaliadores externos e sobre a documentación que é preciso achegar como segundas evidencias antes da visita virtual que terá lugar o vindeiro 25 de outubro.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título Reunión ordinaria: 04/10/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
4. Actas consolidadas 2021-2022.
5. Proposta de publicación de TFG 2021-22 no repositorio institucional da USC (Minerva).
6. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 4 de outubro de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1 ^o curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2 ^o curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4 ^o curso	VC
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia do profesor Carlos Amiama e Eugenio Fernández. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 05/09/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informou en primeiro lugar da consulta sobre a posibilidade de que os estudantes no exercicio do seu dereito de acceso aos seus propios exames e revisión das cualificacións, poidan asistir acompañados doutras persoas para o seu asesoramento.

A Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, establece no artigo 8.3 que “... A revisión será persoal e a realizará o profesorado encargado da docencia, salvo casos excepcionais debidamente autorizados polo director do departamento...” Concíbese así a revisión de cualificacións como un acto académico que se integra no proceso formativo, como parte da avaliación, que o/a estudante ha de realizar persoalmente e no que ten dereito a obter unha explicación verbal por parte do profesor/a das razóns polas que lle outorga unha determinada cualificación. Sendo así, non cabe neste proceso a actuación do/a estudante por representación nin coa asistencia de terceiras persoas.

No caso das reclamacións contra a cualificación outorgada estamos ante un procedemento formalizado no que o/a estudante pode exercer os dereitos que lle corresponden como persoa interesada, con todas as garantías do procedemento administrativo. Por iso, de acordo co art. 53.1 a) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo o previsto no artigo 9 da normativa da Universidade, unha vez realizada a revisión e co propósito de formular reclamación o/a estudante tería en dereito a acceder ao exame e a obter copia do mesmo, logo de solicitalo ao decanato ou dirección do centro e de acreditar o pago das taxas correspondentes. Tamén podería contar con asesoramento para formular a reclamación sobre a cualificación cando o considere adecuado na defensa dos seus intereses ou actuar mediante representante, coa acreditación correspondente (artigos 53.1.g) e 9 da Lei 39/2015 respectivamente).

A continuación informou de que no caso de que o profesorado realice modificación dos contidos da guía docente, independentemente de que o poña en coñecemento do seu departamento, é preciso que o poña en coñecemento do coordinador do título pola incidencia que poda ter tanto en cuestións vinculadas a calidade como de recoñecementos de materias doutras titulacións.

Tamén informou de que no caso do título de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, ao non cumprir o artigo 6 do Decreto 222/2011, relativo ao nº de estudantes de novo ingreso, a Vicerreitoría de Titulacións solicitoulle, a instancias da Secretaria Xeral de

Universidades, e sen prazo para convocar comisións ou xunta de centro, optar para o título entre as alternativas seguintes: extinción, modificación, substitución ou fusión. As opcións elixidas foron fusión ou substitución, o cal foi comunicado á Xunta de Galicia e estase á espera de que nos indiquen a opción que deberemos acometer.

3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.

A decana informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por asentimento a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

4. Actas consolidadas 2021-2022.

A decana indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2021-22 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Traballos Fin de Grao e tamén de Prácticas Externas. Nelas figuras o alumnado e as súas cualificacións, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do curso e tamén ao que corresponde renuncia.

No caso de Prácticas Externas non parece oportuno outorgar a matrícula de honra xa que, dada a ampla variedade de titores non se conta con criterios obxectivos para poder outorgala.

En canto ao TFG, a decana indica que neste curso se constituíu só un tribunal avaliador ao que lle corresponde outorgar a única matrícula de honra que é posible conceder segundo o alumnado matriculado, tal e como dispón a normativa. Segundo a comunicación recibida do tribunal a matrícula de honra dos TFG correspondentes ao curso 2021-22 outórgaselle ao alumno Javier Martínez Piñeiro.

5. Proposta de publicación de TFG 2021-22 no repositorio institucional da USC (Minerva).

A decana informou de que a normativa de TFG recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación. O tribunal propuxo en cada convocatoria o TFG que acadou a maior puntuación.

A vista desta proposta e tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, finalmente **acordaron por unanimidade, para os TFG do curso 2021-22, remitir ao repositorio institucional da USC ademais do traballo que acadou a mención de matrícula de honra, os seguintes**, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación:

1. Roberto Cedrón Zas
2. Alberto Rodríguez Villamor
3. León Felipe Sánchez Malaver
4. Javier Tomé Vázquez

6. Rogos e preguntas.

Neste apartado producíronse diversas intervencións relacionadas coa información emitida pola decana no apartado de informes relativa en primeiro lugar, á situación actual do título e á necesidade urxente que houbo de comunicar á Secretaría Xeral de Universidades as opcións elixidas como consecuencia de non acadar a titulación o nº mínimo de estudantes de novo ingreso.

Interviñeron os asistentes para expresar as súas opinións ao respecto desta cuestión, analizando os pros e contras tanto da fusión como da substitución do título, indicando que non foi posible acadar a consideración de titulación singular que permitiría non ter en conta o alumnado de novo ingreso para a supervivencia da titulación, dada a súa condición como titulación duplicada dentro da USC. Tamén se sinalaron diversas causas desta situación, que a USC permitira ofertar en Santiago esta mesma titulación e o feito de que a cidade de Santiago resulte moito máis atractiva que a de Lugo, o problema demográfico actual e tamén, a falta xeral de vocacións nas enxeñarías e polo tanto, da demanda. Os asistentes resaltaron a importancia que ten o título para a cidade de Lugo como fonte de profesionais cualificados que se precisan para o desenvolvemento de tecnoloxías e valor industrial, así como o seu axeitado encadre no Campus Terra. Os asistentes solicitaron á decana que traslade ao equipo reitoral o seu sentir e inquedanzas con respecto a esas decisións.

Xa para rematar a decana indicou que era preciso agardar a decisión da Xunta de Galicia para empezar a traballar nunha alternativa viable para a Facultade.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título Reunión ordinaria: 10/11/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2022-23.
4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 10 de novembro de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia da profesora Sagrario García. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/10/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente indicou que nesta reunión non tiña novos informes.

3. Calendario convocatoria de fin de carreira 2022-23.

En relación á convocatoria fin de carreira 2022-23, o presidente informou de as solicitudes do alumnado só afectan a dúas materias, sendo as datas propostas as seguintes, unha vez postos en contacto co profesorado e alumnado afectado:

Materia	Código	Data	Hora	Aula
Enxeñaría da Reacción Química	G4031323	16/12/2022	09:00	Aula 4 PP
Termotecnia	G4031321	22/12/2022	10:00	Aula 4 PP

Os asistentes **aproban por asentimento as datas propostas para o exame da convocatoria fin de carreira 2022-23.**

4. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O presidente informa de que hai 40 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2022-23, dos cales 7 presentaron a súa proposta nesta oportunidade, 12 tiñana aprobada en comisións anteriores e 3 solicitaron modificación da proposta que xa tiñan aprobada. A continuación cedeu a palabra á secretaria que deu lectura ás motivacións do alumnado que presentou modificacións a súa proposta, segundo o indicado no apartado 2.13 do Procedemento de asignación de titores e presentación de propostas de TFG do GEPQI, e tamén indicou que o alumno Álvaro Díaz García detectou un erro na súa proposta e presentou unha nova que tan só corrixe as unidades dunha cifra, co obxecto de que os membros da comisión aproben ou non a substitución da mesma. A continuación foi dando lectura ás mesmas, aínda que xa foran remitidas por correo electrónico previamente, e os asistentes foron indicando os comentarios procedentes en cada unha das propostas, tras o que **acordaron por asentimento aceptar todas as propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Blanco Losada, Raquel (*)	Instalación fotovoltaica para vivenda unifamiliar
<i>(*) Debe incluír estudo de seguridade e saúde (no lugar do plan) e tamén a avaliación financeira que xustifique a inversión proposta</i>	

Nome e Apelidos	Título do TFG
Blanco Novo, Alexia (*)	Deseño dun sistema de reacción Fischer-Tropsch para a produción de 2000 kg/h de combustible sintético
<i>(*) Debe prestar especial atención ao plan de control de calidade</i>	
Borines González, Laura	Proxecto de deseño dunha instalación aerotérmica e placas solares térmicas con optimización enerxética nunha vivenda unifamiliar en Arbo, Pontevedra
Díaz García, Álvaro	Tratamento de lixiviados de alta conductividade mediante osmose inversa
Fabeiro Otero, Roberto (*)	Proxecto de reforma dunha vivenda para a incorporación de enerxías renovables como un sistema de aerotermia e placas solares para a calefacción e auga quente sanitaria
<i>(*) Debe incluír avaliación financeira do proxecto</i>	
Prieto Gago, Luís José (*)	Deseño do sistema de sacarificación e fermentación simultánea para a integración da produción de polihidroxibutrato nunha biorrefinería de bioetanol de primeira xeración.
<i>(*) Debe prestar especial atención ao plan de control de calidade</i>	
Ramos Witzack, Estefanía (*)	Proxecto de deseño dun conxunto de trens de intercambiadores de calor de baixa e alta presión para unha refinaría de alúmina.
<i>(*) Debe prestar especial atención ao plan de control de calidade</i>	
Rodríguez Meniño, Adriana	Proxecto de central de produción de auga refriada para Zinereo Pharma S.L.U.
Rodríguez Rodríguez, Silvia (*)	Sistema de captura de CO2 nunha central térmica de carbón de 2ª xeración
<i>(*) Debe prestar especial atención ao plan de control de calidade</i>	
Varela García, Celia	Deseño dunha nave industrial para a almacenaxe de pensos e forraxes no polígono industrial de 'A Madanela', en Melide.

Tamén acordaron por asentimento permitir a substitución da proposta do alumno Álvaro Díaz García por tratarse dunha corrección de erros.

Os asistentes acordan por unanimidade aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQ I	TUTOR	ÁREA	%	COTUTOR	ÁREA	%
1	Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	50%	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%
2	Blanco Losada, Raquel	Instalación fotovoltaica para vivenda unifamiliar	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
3	Blanco Novo, Alexia	Deseño dun sistema de reacción Fischer-Tropsch para a produción de 2000 kg/h de combustible sintético	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
4	Borines González, Laura	Proxecto de deseño dunha instalación aerotérmica e placas solares térmicas con optimización enerxética nunha vivenda unifamiliar en Arbo, Pontevedra	Jover Ramos Aida	755	50%	Martínez Piñeiro Javier	G4031	50%
5	Castro Corbelle, Martín	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autoabastecible con optimización enerxética e control automatizado	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
6	Díaz García, Álvaro	Tratamento de lixiviados de alta condutividade mediante osmose inversa	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Sonia Muíña Rivas	G4031	50%
7	Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de reforma dunha vivenda para a incorporación de enerxías renovables como un sistema de aerotermia e placas solares para a calefacción e auga quente sanitaria	Jover Ramos Aida	755	100%			
8	Gambao Clavero, Isabel	Proxecto de instalación de enerxía aerotérmica co apoio dun panel solar térmico nun invernadoiro.	Fraga López, Francisco José	385	100%			
9	Miguéns Domínguez, Noelia	Optimización do control das instalacións de produción de calor do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA)	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
10	Moreiras Ledo, María José	Deseño de Planta Desaladora Modular (600-900 m3/día)	Vázquez Vila Mª José	555	100%			
11	Pena Vázquez, Samuel	Produción de biobutanol mediante fermentación extractiva ABE: deseño das etapas de fermentación extractiva e recuperación de solvente	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
12	Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
13	Piñón Penelas, Aida	Proxecto de deseño dunha adega na Ribeira Sacra	Jover Ramos Aida	755	100%			
14	Prieto Gago, Luís José	Deseño do sistema de sacarificación e fermentación simultánea para a integración da produción de polihidroxibutrat nunha biorrefinería de bioetanol de primeira xeración.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
15	Prieto Riol, Ana Isabel	Proxecto de deseño dun proceso de obtención de aceites esenciais cítricos mediante o uso das cascas.	Jover Ramos Aida	755	100%			
16	Ramos Witzack, Estefanía	Proxecto de deseño dun conxunto de trens de intercambiadores de calor de baixa e alta presión para unha refinaría de alumina.	Jover Ramos Aida	755	100%			
17	Rodríguez Fernández, Ángel	Proxecto de construción de nave para procesado de castañas	Fraga López, Francisco José	385	100%			
18	Rodríguez Meniño, Adriana	Proxecto de central de produción de auga refriada para Zinereo Pharma S.L.U.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%	Mª Belén Pérez Pazos	G4031	50%
19	Rodríguez Rodríguez, Silvia	Sistema de captura de CO2 nunha central térmica de carbón de 2ª xeración	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
20	Rodríguez Teijeiro, Jose	Deseño dunha planta de produción de CBD para o seu uso terapéutico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
21	Roibas Arias, Ana	Optimización do compoñente A na fabricación de tableiro MDF.	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Víctor Mouriz Domínguez	G4031	50%
22	Varela García, Celia	Deseño dunha nave industrial para a almacenaxe de pensos e forraxes no polígono industrial de 'A Madanela', en Melide.	Amiama Ares Carlos	720	100%			

O presidente informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotutorizacións da área externa (G4031) e se publicará no taboleiro electrónico as propostas aceptadas.

5. Rogos e preguntas.

Neste apartado o profesor Eugenio Fernández reiterou a necesidade de que o equipo de goberno da USC veña a dar explicacións sobre o futuro da titulación e a profesora Mª José sumouse a esta petición.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 28/11/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2022-23.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 28 de novembro de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 10/11/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

Neste apartado a decana indicou que dada a proximidade da última Xunta de Facultade non tiña nova información.

3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2022-23.

A decana indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do GEPQI para o vindeiro curso 2022-23, da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación o coordinador de prácticas externas fixo un pequeno resumo do procedemento seguido para preparar a convocatoria e da oferta, informando que nesta ocasión como novidade algunhas prazas contan con unha bolsa de axuda para o alumnado.

A decana indicou que tanto a convocatoria como as listas provisional e definitiva de asignación de destinos se publicarán no taboleiro electrónico da USC, pero ademais esta mesma información, e moita outra de interese para alumnado e titores, estará dispoñible na intranet da Facultade en <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias>, facendo clic en “*Información académica*”, “*Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais*”, “*Prácticas*”.

Finalmente tras os comentarios oportunos, os asistentes acordaron por asentimento **aprobar** a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do GEPQI para o curso 2022-23 a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén **delegar** na decana a elaboración e publicación das listas provisionais e definitivas de asignación sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión. Tamén acordan que na asignación, no caso de que se produza **empate** por ter a mesma nota media no expediente académico, o criterio de desempate será o ter maior número de créditos superados á data de finalización do período computado para a media do expediente.

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado o profesor José Manuel Martínez consultou se xa se dispoñía dalgunha información sobre a situación actual de oferta do GEPQI, a decana informou de que polo momento non tiña nova a información ao respecto. Os profesores Eugenio Fernández e M^a José Vázquez tamén manifestaron as súas inquedanzas con respecto a este asunto.

A continuación o profesor José Manuel Martínez solicitou á decana estudar a posibilidade de substitución do canón de vídeo dalgunhas aulas da 1^a planta. A decana informou de que xa se adquiriron e está prevista a substitución dos que ofrecen unha peor calidade de imaxe. E tamén

indicou que está prevista a substitución dos ordenadores da aula de informática 1, neste asunto os asistentes suxiren que sería de interese dispoñer nos laboratorios de algún ordenador dos que se retiran.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/02/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2023-24.
4. PDA curso 2023-24.
5. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:15 do día 3 de febreiro de 2023 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria Mª Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
Mª Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que a sesión nesta ocasión é presencial. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 28/11/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informou de non ter novas sobre o tema da oferta para o vindeiro curso do GEPQI, tamén indicou que non se tivera resposta por parte da Xunta de Galicia á petición de declaración de singularidade feita para este Grao. Tamén indicou que a Secretaría Xeral de Universidades pretende levar a cabo a optimización da oferta de títulos que leva anunciando xa fai tempo, na que terá relevancia o plan de financiamento e os indicadores que xa se comentaron nalgunha outra reunión. En relación a este asunto fixéronse varias intervencións para aclarar algunhas cuestións.

A continuación informou dos modelos a utilizar no caso de TFGs que se atopen sometidos a compromisos de confidencialidade, seguindo o recollido na normativa de TFG, ao ter un caso na vindeira oportunidade de defensa de TFG. Tras a súa revisión os membros indicaron que sería interesante modificar algúns aspectos da normativa de TFG despois da experiencia acumulada en todos estes anos. A decana mostrouse conforme e invitou aos membros a remitir por email propostas de modificación para tratalas en outras reunións da comisión.

3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2023-24.

A decana informa que o día 22 de decembro de 2022 a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2023-2024 nas titulacións de grao.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a cal tivo unha corrección de erros que foi publicada no DOG o 11 de xaneiro de 2023.

En consecuencia, solicítase que dende o centro se comuniquen as propostas de oferta de prazas para as titulacións de grao das que son responsables ata as 14:00 horas do 7 de febreiro de 2023. As propostas serán informadas pola Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa e aprobadas polo Consello de Goberno, para posteriormente enviar a proposta da USC á Secretaría Xeral de Universidades nos prazos previstos.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento**, para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, **manter** para o curso 2023-24 a oferta de prazas do curso actual: **45 prazas ordinarias e 2 de cota para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros**.

4. PDA curso 2023-24.

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2023-24 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. A continuación deu lectura as peticións recibidas dos distintos departamentos e profesorado para determinar as modificacións a solicitar:

- En canto á solicitude do Departamento de Matemática Aplicada de reducir os grupos de docencia interactiva de seminario da materia G4031107 Matemáticas II de 2 a 1, non é posible levalo a cabo por corresponder esta distribución segundo o artigo 12 do Regulamento de planificación académica da USC e non darse as circunstancias organizativas para a súa redución (artigo 16) ao existir máis materias do mesmo curso con 2 grupos. Haberá que ter en conta que se integran nesta materia ademais do alumnado do Grao, tamén o correspondente ao Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías.
- Tamén se recibiu solicitude do profesor Jose Manuel Magide indicando que non é correcto asignar á área 590 a docencia da materia Maquinas e Mecanismos. Non procede valorar esta solicitude xa que debería ser recibida do correspondente departamento.
- Na materia G4031458 Prácticas Externas introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2022-23 e á asignación de tiores académicos aprobada pola Comisión do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.
- Na materia G4031425 Traballo Fin de Grao introduciuse a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2021-22 e a asignación de tiores aprobada pola Comisión do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2023-24 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais coas modificacións descritas.** As cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

5. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao

(TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2022-23.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFG
1	Blanco Novo, Alexia	Deseño dun sistema de reacción Fischer-Tropsch para a produción de 2000 kg/h de combustible sintético
2	Rodríguez Meniño, Adriana	Proxecto de central de produción de auga refriada para Zinereo Pharma S.L.U.
3	Roibas Arias, Ana	Optimización do compoñente A na fabricación de tableiro MDF.

A continuación, a decana instou aos asistentes para conformar o tribunal de avaliación. A coordinadora indicou que na súa área decidiran que nesta ocasión formaría parte do tribunal o profesor Thelmo. O profesor Carlos Amiama amosou a súa conformidade para formar parte do mesmo e os restantes membros foron elixidos por sorteo segundo indica a normativa de TFG do GEPQI, quedando conformado o tribunal do seguinte xeito e sendo as datas de presentación posibles o 13 ou 14 de febreiro:

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Miguel Ernesto Vázquez Méndez	1º Paula Vázquez Rodríguez
Secretario: Thelmo Alejandro Lu Chau	2º Mª Pilar Vázquez Tato
Vocal: Carlos Amiama Ares	3º Mª José Vázquez Vila

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2022-2023, segundo a táboa precedente.**

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 27/03/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do GEPQI 2021-22: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Proposta de horarios para o curso 2023-24.
5. Solicitude de modificación de PDA 2022-23.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:45 do día 27 de marzo de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	VC
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Julio A. Seijas Vázquez que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/02/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informou de non ter novas sobre o tema da oferta para o vindeiro curso do GEPQI, tamén indicou que non se tivo resposta por parte da Xunta de Galicia á petición de declaración de singularidade feita para este Grao.

A continuación, indicou que se recibiu unha solicitude de colaboración por parte da empresa lusa ALTRI que está en proceso de construción dunha planta de fibras téxtiles en Palas de Rei. A sección de recursos humanos contactou coa Facultade co obxecto de formar aos seus futuros empregados na USC e incluso realizar colaboracións para prácticas externas dos estudantes do GEPQI. Trataríase de cursos de formación e especialización que se repetirían ao longo do tempo e iría enfocado a procesos produtivos específicos da planta. A idea é que podan obter un certificado de profesionalidade de nivel 2 para o ámbito de fabricación de pastas químicas e/ou semiquímicas. A formación consistiría nunha primeira etapa de formación na Facultade de 3 meses de duración, e unha segunda na planta de Portugal. Tamén informou de que a finais de abril está previsto unha reunión cos responsables da empresa para falar de todo isto con algo máis de detalle e solicitou a colaboración do profesorado para poder sacar adiante esta solicitude polo interese que pode ter esta colaboración para a Facultade e o GEPQI.

O profesor Jose Manuel Martínez interveu para indicar que é unha excelente oportunidade da que xa hai experiencias previas moi favorables, tal e como aconteceu no pasado coa colaboración realizada coa empresa Bioetanol, tanto a nivel formativo e de prácticas externas como de oportunidades laborais para o estudiantado.

A decana indicou que esta formación era de carácter moi específico e emprazou ao profesorado da área de Enxeñaría Química para asistir á reunión a realizar cos responsable da empresa a finais de abril.

3. Seguimento do GEPQI 2021-22: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os

resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O decano cedeu a palabra á coordinadora do título, a cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do GEPQI para o curso 2021-22 que se acompaña como ANEXO a este acta**, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras.

4. Proposta de horarios para o curso 2023-24.

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou que o pasado 26 de xaneiro o Consello de Goberno da USC aprobou a Normativa pola que se establece o procedemento de atención á conciliación da vida persoal e profesional do profesorado no proceso de asignación da docencia e que se recibiron varias solicitudes relacionadas con profesorado con docencia no GEPQI que se intentaron atender na medida das posibilidades.

A continuación deu a palabra á coordinadora que informou acerca da súa elaboración, a cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días. Tamén explicou a imposibilidade de atender totalmente a solicitude de conciliación do profesor da materia Estruturas I, xa que non hai ocos suficientes e axeitados nos horarios para poñer as prácticas de laboratorio en horario de mañá, tal e como solicitaba. Sen embargo foi posible facelo para o resto da docencia expositiva, interactiva e de titorías.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes acordaron por asentimento **aprobar a proposta de horarios para o curso 2023-24 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios> .

5. Solicitude de modificación de PDA 2022-23.

A decana indica que como, consecuencia do proceso de incapacidade laboral temporal iniciado polo profesor da Área 590 Máquinas e Motores Térmicos que imparte a materia Máquinas e

Mecanismos, o departamento comunicou que se faría cargo da docencia a área 500 Enxeñaría Agroforestal, mentres se manteña esta situación. Como consecuencia de todo isto é preciso levar a cabo unha modificación do PDA 2022-23 desta materia para que se lles asigne a docencia ao profesorado indicado polo departamento e se realice tamén a modificación do POD.

Os asistentes **acordaron por asentimento aprobar esta modificación do PDA 2022-23 da materia Máquinas e Mecanismos** do GEPQI polos motivos indicados.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 19/04/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 19 de abril de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1 ^o curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2 ^o curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia de Carlos Amiama, Eugenio Fernández, Ramiro Barcia e Julio A. Seijas. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 27/03/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que nesta ocasión non hai novos informes.

3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

A presidenta informa de que hai 40 alumnos matriculados no TFG no momento actual no curso 2022-23, dos cales 3 defenderon o TFG no mes de febreiro, 16 xa teñen a proposta de TFG aprobada en comisións pasadas, 3 presentaron modificación da que xa tiñan aprobada, 16 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión e 2 non presentaron proposta. A continuación foi dando lectura ás mesmas e, os asistentes, tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento:**

A) Aceptar as seguintes propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:

Nome e Apelidos	Título do TFG
Conde Ramos, Endika	Estudo, deseño e análise económica de alternativas para o aproveitamento do CO2 producido en plantas de bioetanol.
De la Cruz De la Cruz, Génesis Altagracia (*)	Deseño de procesos e equipamento principal dunha planta para a produción de 65 t/h de Etilbenceno.
<i>(*) En lugar de presuposto, debe realizar unha estimación de custos dos elementos que forman parte do proxecto</i>	
Dieguez Fernández, Jennifer	Proxecto de modificación dun sistema de calefacción e de agua quente (ACS) para unha mellora enerxética na Facultade de Ciencias de Lugo
Eiroa Ameijeiras, Sara	Proxecto para o aproveitamento da enerxía obtida a partir dunha instalación de placas solares nunha granxa leiteira e a vivenda contigua
Gamboa Clavero, Isabel	Proxecto para a climatización e produción de auga quente sanitaria dunha vivenda unifamiliar utilizando aerotermia como fonte de enerxía renovable
Mena Riba, Claudia	Proxecto dunha planta para o procesamento do café.
Méndez Loureiro, Víctor	Proxecto dunha planta para o tratamento de noces
Miguéns Domínguez, Noelia	Proxecto de deseño dun fermentador para unha fábrica de produción de queixo crema
Moreiras Ledo, María José	Deseño de Planta Desaladora Modular
Pampín Aguiar, Jose Luis	Proxecto do deseño dunha planta para a obtención de suero concentrado a partir de lactosuero dunha queixería
Varela García, Alba	Proxecto de deseño de mellora da eficiencia e consumo enerxéticos dunha industria láctea na provincia de Lugo
Veiga Lousa, Ana	Optimización das condicións de operación da nova unidade de extracción de aceite en Bioetanol Galicia S.A.

B) Aceptar de forma condicionada as seguintes propostas de TFG presentadas, cos comentarios que se indican:

Nome e Apelidos	Título do TFG	Motivo
Comendeiro Sertaje, David	Proxecto de instalación eléctrica, calefacción e ACS para autoconsumo en vivenda unifamiliar en Riotorto (Lugo)	Debe reconsiderar o tipo de placas para calefacción e AQS
Fernández Mallo, Carlos Xesús	Proxecto de deseño dun sistema de cámaras de temperatura negativa para almacenamento de peixe e marisco.	Debe indicar o volume ou capacidade de almacenamento
Galán Fernández, Martín	Proxecto de sistema de calefacción por medio de chan radiante e produción de AQS con sistema de aerotermia e paneis fotovoltaicos en vivenda unifamiliar	Debe reconsiderar o tipo de placas para calefacción e AQS
González Peña, Patricia	Proxecto de instalación dunha planta fotovoltaica para unha nave de almacenamento de conxelados	Debe concretar mellor a proposta: potencia e magnitude da instalación que se supón que proxecta

Nome e Apelidos	Título do TFG	Motivo
Núñez Fernández, Sara	Deseño dun sistema de almacenamento e subministro de GNL para xeración de electricidade nunha mini central.	Debería substituír avaliación económica por presuposto no documento VII
Rodríguez Castro, Pablo	Simulación e análise tecno-económico da produción de polihidroxibutirato (PHB) e ectoína integrada nunha biorrefinería de etanol	Nos documentos do proxecto, debe incluír a parte correspondente ao deseño do tanque cos seus planos correspondentes e indicar os documentos que debe incluír o proxecto no índice de documentos
Villares González, Yolanda	Deseño dunha EDAR para unha planta de envasado de lácteos	Debe incluír na proposta un índice os documentos dos que consta o proxecto

A presidenta informa que de acordo co indicado no artigo 2.7. do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de Traballos Fin de Grao do GEPQI, o alumnado cuxa proposta resulte aceptada con condicións deberá entregar na Secretaría do Centro, no prazo máximo de 15 días naturais dende a data de comunicación da decisión, unha proposta modificada segundo as indicacións que motivaron o condicionamento.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de tutores e cotutores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotutores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TIITOR	ÁREA	%	COITIOR	ÁREA	%
1	Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	50%	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%
2	Blanco Losada, Raquel	Instalación fotovoltaica para vivenda unifamiliar	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
3	Blanco Novo, Alexia	Deseño dun sistema de reacción Fischer-Tropsch para a produción de 2000 kg/h de combustible sintético	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
4	Borines González, Laura	Proxecto de deseño dunha instalación aerotérmica e placas solares térmicas con optimización enerxética nunha vivenda unifamiliar en Arbo, Pontevedra	Jover Ramos Aida	755	50%	Martínez Piñeiro Javier	G4031	50%
5	Castro Corbelle, Martín	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autobastecible con optimización enerxética e control automatizado	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Diaz, Carlos	G4031	50%
6	Comendeiro Sertaje, David	Proxecto de instalación eléctrica, calefacción e ACS para autoconsumo en vivenda unifamiliar en Riotorto (Lugo)	Jover Ramos Aida	755	100%			
7	Conde Ramos, Endika	Estudo, deseño e análise económica de alternativas para o aproveitamento do CO2 producido en plantas de bioetanol.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
8	De la Cruz De la Cruz, Génesis Altagracia	Deseño de procesos e equipamento principal dunha planta para a produción de 65 t/h de Etibenceno.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
9	Díaz García, Álvaro	Tratamento de lixiviados de alta conductividade mediante osmose inversa	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Sonia Muña Rivas	G4031	50%
10	Dieguez Fernández, Jennifer	Proxecto de modificación dun sistema de calefacción e de auga quente (ACS) para unha mellora enerxética na Facultade de Ciencias de Lugo	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Olmo Julio	G4031	50%
11	Eiroa Ameijeiras, Sara	Proxecto para o aproveitamento da enerxía obtida a partir dunha instalación de placas solares nunha granxa leiteira e a vivenda contigua	Jover Ramos Aida	755	50%	Martínez Piñeiro Javier	G4031	50%
12	Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de reforma dunha vivenda para a incorporación de enerxías renovables como un sistema de aerotermia e placas solares para a calefacción e auga quente sanitaria	Jover Ramos Aida	755	100%			
13	Fernández Freije, Martín		Amiama Ares Carlos	720	100%			
14	Fernández Mallo, Carlos Xesús	Proxecto de deseño dun sistema de cámaras de temperatura negativa para almacenamento de peixe e marisco.	Jover Ramos Aida	755	100%			
15	Galán Fernández, Martín	Proxecto de sistema de calefacción por medio de chan radiante e produción de AQS con sistema de aerotermia e paneis fotovoltaicos en vivenda unifamiliar	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Olmo Julio	G4031	50%
16	Gamboa Clavero, Isabel	Proxecto para a climatización e produción de auga quente sanitaria dunha vivenda unifamiliar utilizando aerotermia como fonte de enerxía renovable	Fraga López, Francisco José	385	100%			
17	González Peña, Patricia	Proxecto de instalación dunha planta fotovoltaica para unha nave de almacenamento de conxelados	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Villamor Alberto	G4031	50%
18	López García, Rubén		Amiama Ares Carlos	720	100%			
19	Mena Riba, Claudia	Proxecto dunha planta para o procesamento do café.	Amiama Ares Carlos	720	100%			
20	Méndez Loureiro, Víctor	Proxecto dunha planta para o tratamento de noces	Amiama Ares Carlos	720	100%			
21	Miguéns Domínguez, Noelia	Proxecto de deseño dun fermentador para unha fábrica de produción de queixo crema	Martínez Ageitos, José Manuel	555	50%	Louro Gómez, Gabriel	G4031	50%
22	Moreiras Ledo, María José	Deseño de Planta Desaladora Modular	Vázquez Vila Mª José	555	100%			
23	Núñez Fernández, Sara	Deseño dun sistema de almacenamento e suministro de GNL para xeración de electricidade nunha mini central.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
24	PAMPIN AGUIAR, JOSE LUIS	Proxecto do deseño dunha planta para a obtención de soro concentrado a partir de lactosuero dunha queixería	Jover Ramos Aida	755	100%			
25	Peña Vázquez, Samuel	Produción de biobutanol mediante fermentación extractiva ABE; deseño das etapas de fermentación extractiva e recuperación de solvente	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
26	Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
27	Piñón Penelas, Aida	Proxecto de deseño dunha adega na Ribeira Sacra	Jover Ramos Aida	755	100%			
28	Prieto Gago, Luis José	Deseño do sistema de sacarificación e fermentación simultánea para a integración da produción de polihidroxibutirato nunha biorrefinería de bioetanol de primeira xeración.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
29	Prieto Riol, Ana Isabel	Proxecto de deseño dun proceso de obtención de aceites esenciais cítricos mediante o uso das cascas.	Jover Ramos Aida	755	100%			
30	Ramos Witzack, Estefanía	Proxecto de deseño dun conxunto de trens de intercambiadores de calor de baixa e alta presión para unha refinaría de alumina.	Jover Ramos Aida	755	100%			
31	Rodríguez Castro, Pablo	Simulación e análise tecnico-económico da produción de polihidroxibutirato (PHB) e ectoína integrada nunha biorrefinería de etanol	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
32	Rodríguez Fernández, Ángel	Proxecto de construción de nave para procesado de castañas	Fraga López, Francisco José	385	100%			
33	Rodríguez Meniño, Adriana	Proxecto de central de produción de auga refriada para Zinereo Pharma S.L.U.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%	Pérez Pazos Mª Belén	G4031	50%
34	Rodríguez Rodríguez, Silvia	Sistema de captura de CO2 nunha central térmica de carbón de 2ª xeración	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
35	Rodríguez Teijeiro, Jose	Deseño dunha planta de produción de CBD para o seu uso terapéutico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
36	Roibas Arias, Ana	Optimización do compoñente A na fabricación de tableiro MDF.	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Victor Mouriz Domínguez	G4031	50%
37	Varela García, Alba	Proxecto de deseño de mellora da eficiencia e consumo enerxéticos dunha industria láctea na provincia de Lugo	Jover Ramos Aida	755	50%	Carlos Llano Fernández	G4031	50%
38	Varela García, Celia	Deseño dunha nave industrial para a almacenaxe de pensos e forraxes no polígono industrial de 'A Madanela', en Melide.	Amiama Ares Carlos	720	100%			
39	Veiga Lousa, Ana	Optimización das condicións de operación da nova unidade de extracción de aceite en Bioetanol Galicia S.A.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%	López Silva Ana Belén	G4031	50%
40	Villares González, Yolanda	Deseño dunha EDAR para unha planta de envasado de lácteos	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 15/05/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 15 de maio de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Mª Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
Carlos Amiana Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente desculpa a asistencia de Mª José Vázquez e Eugenio Fernández. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 19/04/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente indica que nesta ocasión non hai novos informes.

3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

O presidente informa de que na anterior reunión da Comisión se aceptaron de forma condicionada un total de 7 propostas de TFG e segundo o indicado no artigo 2.7. do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de Traballos Fin de Grao do GEPQI, o alumnado cuxa proposta resulte aceptada con condicións deberá entregar na Secretaría do Centro, no prazo máximo de 15 días naturais dende a data de comunicación da decisión, unha proposta modificada segundo as indicacións que motivaron o condicionamento.

Unha vez recibidas estas propostas modificadas, puxéronse a disposición dos membros xunto coas iniciais co obxecto de que as puideran ver detidamente.

Tras unha análise das mesmas e unha vez comprobado que se corrixiron as incidencias detectadas, os asistentes **acordaron por asentimento aceptar as seguintes propostas modificadas de TFG presentadas:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Comendeiro Sertaje, David	Proxecto de instalación eléctrica, calefacción e ACS para autoconsumo en vivenda unifamiliar en Riotorto (Lugo)
Fernández Mallo, Carlos Xesús	Proxecto de deseño dun sistema de cámaras de temperatura negativa para almacenamento de peixe e marisco.
Galán Fernández, Martín	Proxecto de sistema de calefacción e produción de AQS con sistema de aerotermia e paneis solares en vivenda unifamiliar
González Peña, Patricia	Proxecto de instalación fotovoltaica para unha nave de 900 m2 destinada a almacenamento de conxelados
Núñez Fernández, Sara	Deseño dun sistema de almacenamento e suministro de GNL para xeración de electricidade nunha mini central.
Rodríguez Castro, Pablo	Simulación e análise tecno-económico da produción de polihidroxibutirato (PHB) e ectoína integrada nunha biorrefinería de etanol
Villares González, Yolanda	Deseño dunha EDAR para unha planta de envasado de lácteos

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TIOR	ÁREA	%	COTIOR	ÁREA	%
1	Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	50%	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%
2	Blanco Losada, Raquel	Instalación fotovoltaica para vivenda unifamiliar	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
3	Blanco Novo, Alexia	Deseño dun sistema de reacción Fischer-Tropsch para a produción de 2000 kg/h de combustible sintético	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
4	Borines González, Laura	Proxecto de deseño dunha instalación aerotérmica e placas solares térmicas con optimización enerxética nunha vivenda unifamiliar en Arbo, Pontevedra	Jover Ramos Aida	755	50%	Martínez Piñeiro Javier	G4031	50%
5	Castro Corbelle, Martín	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autoabastecible con optimización enerxética e control automatizado	Fraga López, Francisco José	385	50%	Castro Díaz, Carlos	G4031	50%
6	Comendeiro Sertaje, David	Proxecto de instalación eléctrica, calefacción e ACS para autoconsumo en vivenda unifamiliar en Riotorto (Lugo)	Jover Ramos Aida	755	100%			
7	Conde Ramos, Endika	Estudo, deseño e análise económica de alternativas para o aproveitamento do CO2 producido en plantas de bioetanol.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
8	De la Cruz De la Cruz, Génesis Allagracia	Deseño de procesos e equipamento principal dunha planta para a produción de 65 t/h de Etilbenzeno.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
9	Díaz García, Álvaro	Tratamento de lixiviados de alta condutividade mediante osmose inversa	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Sonia Muíña Rivas	G4031	50%
10	Dieguez Fernández, Jennifer	Proxecto de modificación dun sistema de calefacción e de auga quente (ACS) para unha mellora enerxética na Facultade de Ciencias de Lugo	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Olmo Julio	G4031	50%
11	Eiroa Ameijeiras, Sara	Proxecto para o aproveitamento da enerxía obtida a partir dunha instalación de placas solares nunha granxa leiteira e a vivenda contigua	Jover Ramos Aida	755	50%	Martínez Piñeiro Javier	G4031	50%
12	Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de reforma dunha vivenda para a incorporación de enerxías renovables como un sistema de aerotermia e placas solares para a calefacción e auga quente sanitaria	Jover Ramos Aida	755	100%			
13	Fernández Freije, Martín		Amiama Ares Carlos	720	100%			
14	Fernández Mallo, Carlos Xesús	Proxecto de deseño dun sistema de cámaras de temperatura negativa para almacenamento de peixe e marisco.	Jover Ramos Aida	755	100%			
15	Galán Fernández, Martín	Proxecto de sistema de calefacción e produción de AQS con sistema de aerotermia e paneis solares en vivenda unifamiliar	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Olmo Julio	G4031	50%
16	Gamboa Clavero, Isabel	Proxecto para a climatización e produción de auga quente sanitaria dunha vivenda unifamiliar utilizando aerotermia como fonte de enerxía renovable	Fraga López, Francisco José	385	100%			
17	González Peña, Patricia	Proxecto de instalación fotovoltaica para unha nave de 900 m2 destinada a almacenamento de conxelados	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Villamor Albert	G4031	50%
18	López García, Rubén		Amiama Ares Carlos	720	100%			
19	Mena Riba, Claudia	Proxecto dunha planta para o procesamento do café.	Amiama Ares Carlos	720	100%			
20	Méndez Loureiro, Víctor	Proxecto dunha planta para o tratamento de noces	Amiama Ares Carlos	720	100%			
21	Miguéns Domínguez, Noelia	Proxecto de deseño dun fermentador para unha fábrica de produción de queixo crema	Martínez Ageitos, José Manuel	555	50%	Louro Gómez, Gabriel	G4031	50%
22	Moreiras Ledo, María José	Deseño de Planta Desaladora Modular	Vázquez Vila Mª José	555	100%			
23	Núñez Fernández, Sara	Deseño dun sistema de almacenamento e suministro de GNL para xeración de electricidade nunha mini central.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
24	PAMPIN AGUIAR, JOSE LUIS	Proxecto do deseño dunha planta para a obtención de suero concentrado a partir de lactosuero dunha queixería	Jover Ramos Aida	755	100%			
25	Pena Vázquez, Samuel	Produción de biobutanol mediante fermentación extractiva ABE: deseño das etapas de fermentación extractiva e recuperación de solvente	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
26	Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
27	Piñón Penelas, Aida	Proxecto de deseño dunha adega na Ribeira Sacra	Jover Ramos Aida	755	100%			
28	Prieto Gago, Luís José	Deseño do sistema de sacarificación e fermentación simultánea para a integración da produción de polihidroxibutato nunha biorrefinería de bioetanol de primeira xeración.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
29	Prieto Riol, Ana Isabel	Proxecto de deseño dun proceso de obtención de aceites esenciais cítricos mediante o uso das cascas.	Jover Ramos Aida	755	100%			
30	Ramos Witzack, Estefanía	Proxecto de deseño dun conxunto de trens de intercambiadores de calor de baixa e alta presión para unha refinaria de alumina.	Jover Ramos Aida	755	100%			
31	Rodríguez Castro, Pablo	Simulación e análise tecnico-económico da produción de polihidroxibutirato (PHB) e ectoina integrada nunha biorrefinería de etanol	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
32	Rodríguez Fernández, Ángel	Proxecto de construción de nave para procesado de castañas	Fraga López, Francisco José	385	100%			
33	Rodríguez Meniño, Adriana	Proxecto de central de produción de auga refriada para Zinereo Pharma S.L.U.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%	Pérez Pazos Mª Belén	G4031	50%
34	Rodríguez Rodríguez, Silvia	Sistema de captura de CO2 nunha central térmica de carbón de 2ª xeración	Pereira Gonçalves Gerardo	555	100%			
35	Rodríguez Teijeiro, Jose	Deseño dunha planta de produción de CBD para o seu uso terapéutico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
36	Roibas Arias, Ana	Optimización do compoñente A na fabricación de tableiro MDF.	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Víctor Mouriz Domínguez	G4031	50%
37	Varela García, Alba	Proxecto de deseño de mellora da eficiencia e consumo enerxéticos dunha industria láctea na provincia de Lugo	Jover Ramos Aida	755	50%	Carlos Llano Fernández	G4031	50%
38	Varela García, Celia	Deseño dunha nave industrial para a almacenaxe de pensos e forraxes no polígono industrial de 'A Madanela', en Melide.	Amiama Ares Carlos	720	100%			
39	Veiga Lousa, Ana	Optimización das condicións de operación da nova unidade de extracción de aceite en Bioetanol Galicia S.A.	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%	López Silva Ana Belén	G4031	50%
40	Villares González, Yolanda	Deseño dunha EDAR para unha planta de envasado de lácteos	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 07/06/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2023-24.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 7 de xuño de 2023 reúnen-se na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia de Carlos Amiama, e Julio A. Seijas. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 15/05/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que nesta ocasión non hai novos informes.

3. Aprobación, se procede, da programación docente do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais para o vindeiro curso 2023-24.

A decana informou de que, como cada curso académico, os coordinadores de título, módulo ou curso revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

Cedeu a palabra á coordinadora do título que informou das incidencias detectadas nas distintas materias e das que foron resoltas, quedando pendentes as correspondentes á materia Máquinas e Mecanismos. Neste caso, aínda que foi comunicado que os cambios realizados na programación docente non eran conformes coa memoria do título, está pendente de que fagan os axustes correspondentes.

A decana informou de que se poñerá en contacto con departamento correspondente para que se modifique a guía docente desta materia.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2023-24 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión, unha vez se resolvan as incidencias detectadas na materia indicada.

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado houbo intervencións relacionadas coa mellora da coordinación no asesoramento do alumnado do Grao Aberto USC Enxeñarías de cara á realización da matrícula do vindeiro curso 2023-24.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 30/06/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.
5. Revisión ponderacións ABAU.
6. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 30 de xuño de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do módulo Tecnoloxía Específica Química Industrial e 2º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia de José Manuel Martínez, e Julio A. Seijas e informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/06/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta sinala que os titores de traballos fin de grao (TFG) non deben esquecer que teñen que emitir un informe e someter o TFG á ferramenta antiplaxio Turnitin, que mesmo podería nun futuro integrar a funcionalidade de detectar traballos feitos con IA e cuxa licenza está próxima á súa renovación.

A continuación informa de que non hai novidades referentes á singularidade do GEPQI e de que tampouco referentes á empresa ALTRI, que ao parecer estaba pendente de recibir financiamento para acometer o proxecto previsto. Tamén informou de que contactou coa Facultade a empresa Lactalis e proximamente persoal do centro vai facer unha visita ás instalacións desta empresa na planta de Vilalba co obxecto de establecer liñas de colaboración, tanto para prácticas externas como para outro tipo de actividades.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2022-23.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFG
1	Borines González, Laura	Proxecto de deseño dunha instalación aerotérmica e placas solares térmicas con optimización enerxética nunha vivenda unifamiliar en Arbo, Pontevedra
2	Díaz García, Álvaro	Tratamento de lixiviados de alta conductividade mediante osmose inversa
3	Moreiras Ledo, María José	Diseño de Planta Desaladora Modular
4	Ramos Witzack, Estefanía	Proxecto de deseño dun conxunto de trens de intercambiadores de calor de baixa e alta presión para unha refinaría de alumina.
5	Rodríguez Rodríguez, Silvia	Sistema de captura de CO2 nunha central térmica de carbón de 2ª xeración
6	Varela García, Alba	Proxecto de deseño de mellora da eficiencia e consumo enerxéticos dunha industria láctea na provincia de Lugo
7	Varela García, Celia	Deseño dunha nave industrial para a almacenaxe de pensos e forraxes no polígono industrial de 'A Madanela', en Melide.

A continuación, fíxose a seguinte proposta de tribunal, sendo as datas de presentación posibles o 12 ou 13 de xullo:

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Jorge Carrazana García	1º José Manuel Martínez Ageitos
Secretario: Thelmo Alejandro Lu Chau	2º Juan Manuel Ortigueira Amor
Vocal: Gerardo Casal Urcera	3º Eugenio Rodríguez Núñez

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear ao tribunal para a avaliación dos TFG da oportunidade de xullo do curso 2022-2023, segundo a táboa precedente.**

4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFG.

A decana informa de que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFG do GEPQI, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFG en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por asentimento a proposta de liñas temáticas de TFG para o GEPQI que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

5. Revisión ponderacións ABAU.

A decana informa de que como consecuencia da modificación das modalidades e materias que integran o Bacharelato, é preciso actualizar a táboa de ponderación das materias da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais do sistema universitario de Galicia. A continuación amosou a proposta de ponderación facilitada pola USC, consensuada entre todos os distritos e que segue criterios comúns para toda España, para a súa análise. Tras unha revisión exhaustiva da mesma os asistentes non consideraron preciso realizar alegacións. A decana informou de que proximamente estas táboas de ponderación se someterán á consideración da vindeira Xunta de Centro para decidir se finalmente é preciso realizar algunha alegación.

6. Rogos e preguntas.

Neste apartado a coordinadora do GEPQI indicou que contactara con ela alumnado da titulación para indicarlle que no caso dos graduados que concorren ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional, son discriminados en comparación con titulados de formación similar. Por este motivo, sería preciso levar a cabo unha revisión das mesmas e, no caso de confirmarse este problema, intentar contactar coa Xunta para corrixilo, tendo en conta tamén o apoio doutras entidades como o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 04/09/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:15 do día 4 de setembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jennifer Cristina Diéguez Fernández	Alumna	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia de Carlos Amiama, Eugenio Fernández e Julio A. Seijas e informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/06/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informou sobre o número de matriculados no momento actual que ascende a 18.

Tamén informou da recepción dunha solicitude de informe sobre o recoñecemento de equivalencia dun título estranxeiro aos universitarios oficiais españois aos efectos de poder realizar a matrícula nun máster oficial da USC e consultou aos membros da comisión sobre a posibilidade de informar favorablemente ou non. Os asistentes tras unha revisión do plan de estudos concluíron que non procedería emitir este informe, xa que hai outras titulacións de grao na USC máis afíns e cuxos centros serían máis adecuados para poder emitilo, polo que se decidiu devolvelo ao servizo que o solicitou para que o re dirixa a os centros da USC que correspondan.

3. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de setembro, correspondéndose coa 3ª oportunidade do curso 2022-23.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TITULO DO TFG
1	Castro Corbelle, Martín	Proxecto de transformación dunha vivenda conveccional en autoabastecible mediante optimización enerxética e control automatizado.
2	Comendeiro Sertaje, David	Proxecto de instalación eléctrica, calefacción e ACS para autoconsumo en vivenda unifamiliar en Riotorto (Lugo)
3	De la Cruz De la Cruz, Génesis Altagracia	Deseño de procesos e equipamento principal dunha planta para a produción de 65 t/h de Etilbenceno.
4	Dieguez Fernandez, Jennifer	Proxecto de modificación dun sistema de calefacción e de agua quente (ACS) para unha mellora enerxética na Facultade de Ciencias de Lugo
5	Eiroa Ameijeiras, Sara	Proxecto para o aproveitamento da enerxía obtida a partir dunha instalación de placas solares nunha granxa leiteira e a vivenda contigua
6	Fabeiro Otero, Roberto	Proxecto de reforma dunha vivenda para a incorporación de enerxías renovables como un sistema de aerotermia e placas solares para a calefacción e auga quente sanitaria
7	Fernández Mallo, Carlos Xesús	Proxecto de deseño dun sistema de cámaras de temperatura negativa para almacenamento de peixe e marisco.
8	Galán Fernández, Martín	Proxecto de sistema de calefacción e produción de AQS con sistema de aerotermia e paneis solares en vivenda unifamiliar
9	Gamboa Clavero, Isabel	Proxecto para a climatización e produción de auga quente sanitaria dunha vivenda unifamiliar utilizando aerotermia como fonte de enerxía renovable
10	Pampin Aguiar, Jose Luis	Proxecto do deseño dunha planta para a obtención de suero concentrado a partir de lactosuero dunha queixería
11	Prieto Gago, Luís José	Deseño do sistema de sacarificación e fermentación simultánea para a integración da produción de polihidroxibutrato nunha biorrefinería de bioetanol de primeira xeración.
12	Prieto Riol, Ana Isabel	Proxecto de deseño dun proceso de obtención de aceites esenciais cítricos mediante o uso das cascas.
13	Rodríguez Castro, Pablo	Simulación e análise tecno-económico da produción de polihidroxibutirato (PHB) e ectoína integrada nunha biorrefinería de etanol
14	Veiga Lousa, Ana	Optimización das condicións de operación da nova unidade de extracción de aceite en Bioetanol Galicia S.A.

A continuación, fíxose a seguinte proposta de tribunal, sendo as datas de presentación posibles o 11 ou 12 de setembro:

TRIBUNAL N°1	SUPLENTE TRIBUNAL N°1
Presidente: Jorge Carrazana García	Sagrario García Martín
Secretario: Thelmo Alejandro Lu Chau	María José Vázquez Vila
Vocal: Gerardo Casal Urcera	Carlos Amiama Ares
Alumnos asignados: do 1 ao 7	
TRIBUNAL N°2	SUPLENTE TRIBUNAL N°2
Presidenta: Eugenio Rodríguez Núñez	María José Vázquez Vila
Vocal: Enrique Manuel Cabaleiro Lago	Juan Manuel Ortigueira Amor
Secretaria: José Manuel Martínez Ageitos	Eugenio Fernández Carrasco
Alumnos asignados: do 8 ao 14	

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de setembro do curso 2022-2023, segundo a táboa precedente.**

4. Rogos e preguntas.

Neste apartado non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/10/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Actas consolidadas 2022-2023.
4. Proposta de publicación de TFG 2022-23 no repositorio institucional da USC (Minerva).
5. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Robótica da USC.
6. Calendario convocatoria de fin de carreira 2023-24.
7. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 3 de outubro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Mª Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente desculpa a asistencia do profesor Eugenio Fernández e do representante do COETIL Jorge Rivera. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 04/09/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente cedeu a palabra á coordinadora do GEPQI que indicou que, no caso da discriminación que sofren os graduados que concorren ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional, elaborou e deu lectura un pequeno documento de solicitude para intentar resolver este problema, co obxecto de remitilo á Xunta de Galicia e para o que se debería contar coa colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Lugo.

Dada a proximidade de vindeiras convocatorias de apertura de listas para os egresados do GEPQI, os asistentes pediron ao presidente que desde o decanato se redacte un documento de solicitude final e se poña de acordo co Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Lugo para presentalo na Xunta de Galicia o antes posible, co obxecto de que os egresados non se vexan prexudicados.

A coordinadora tamén deu conta dunha pequena enquisa anónima realizada ao alumnado do primeiro curso, segundo a cal todos eles cursaron no bacharelato Matemáticas e case todos Química menos 1, sen embargo tan só 7 estudantes cursaron Física. Ademais a maioría informáronse sobre a matrícula a través da páxina Web da USC e moi poucos a través do profesorado do seu centro de estudio. A actual estrutura do bacharelato fai posible que chegue alumnado con pouca formación en materias de interese para a titulación. Estes datos poden resultar de interese e tamén como resposta aos posibles resultados que se podan obter nas probas de avaliación.

3. Actas consolidadas 2022-2023.

O presidente indica que unha vez presentados todos os traballos fin de grao correspondentes ao curso 2022-23 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Traballos Fin de Grao e tamén de Prácticas Externas. Nelas figuras o alumnado e as súas cualificacións, as mencións de “matrícula de honra” se proceden, o alumnado que non se presentase en ningunha das oportunidades do curso e tamén ao que corresponde renuncia.

En canto ao TFG, segundo o alumnado matriculado poden concederse 2 matrículas de honra e como houbo que constituír máis dun tribunal avaliador, a atribución da cualificación de

“matrícula de honra” corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes, tal e como dispón a normativa.

Neste caso hai 2 estudantes que obtiveron a máxima cualificación e que se consideran merecedores de tal mención.

Despois dun intercambio de impresións, e considerando as manifestacións dos membros dos tribunais, **os asistentes acordan por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFG presentados no curso 2022-23 a M^a José Moreiras Ledo e José Luis Pampín Aguiar.**

No caso das actas consolidadas de Prácticas en Empresas, que teñen carácter optativo, o presidente propón non outorgar matrícula de honra dadas as dificultades para facelo con criterios obxectivos, por depender da avaliación dos titores externos. **Os asistentes acordan por unanimidade non outorgar a mención de matrícula de honra na materia Prácticas en Empresa do curso 2022-23.**

4. Proposta de publicación de TFG 2022-23 no repositorio institucional da USC (Minerva).

O presidente informou de que a normativa de TFG recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueles outros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Despois dun intercambio de impresións por parte dos asistentes, **acordaron por unanimidade propoñer para o repositorio institucional da USC os TFG do curso 2022-23 cunha cualificación superior aos 9 puntos**, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación, sendo os seguintes:

1. M^a José Moreiras Ledo
2. José Luis Pampín Aguiar
3. David Comendeiro Sertaje

5. Proposta de táboa de recoñecemento para alumnos procedentes da titulación de Grao en Robótica da USC.

O presidente indica que tras recibir solicitude de recoñecemento de alumnado procedente do Grao en Robótica da USC, se elaborou unha proposta de táboa de recoñecemento na que se tivo en conta, entre outras cuestións, os recoñecementos que constan na memoria do Grao Aberto 5 USC Enxeñarías no que se integraba este Grao xunto co GEPQI.

Tras unha análise da proposta, os asistentes acordaron por asentimento aprobar a seguinte táboa de recoñecemento para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, de alumnos procedentes da titulación de Grado en Robótica da USC, do plano de estudos do BOE 08/07/2020:

DESTINO:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:	5011	FACULTADE DE CIENCIAS					
TITULACIÓN:	G4031V02	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (2ª ed)					
PLAN DE ESTUDIOS:	2017, BOE 22/02/2011, modificado 11/10/2017						
PROCEDENCIA:		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA					
CENTRO:	5260	ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA					
TITULACIÓN:	G4111V01	GRAO EN ROBÓTICA					
PLAN DE ESTUDIOS:	BOE 08/07/2020						
GRAO EN ROBÓTICA				GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
COD.	MATERIAS CURSADAS	CAR.	CRÉD.	COD.	MATERIAS RECOÑECIDAS (*)	CAR.	CRÉD.
G4111109	Física II	FB	6	G4031101	Física I	FB	6
G4111104	Matemáticas I	FB	6	G4031102	Matemáticas I	FB	6
G4111102	Fundamentos de programación	FB	6	G4031104	Informática	FB	6
G4111103	Física I	FB	6	G4031106	Física II	FB	6
G4111105	Matemáticas II	FB	6	G4031107	Matemáticas II	FB	6
G4111108	Estatística	FB	6	G4031109	Métodos Estatísticos	FB	6
G4111101	Cad. Expresión gráfica normalizada	FB	6	G4031110	Expresión Gráfica na Enxeñaría I	FB	6
G4111346	Fundamentos de emprendemento e xestión empresarial	OP	6	G4031111	Economía e Xestión de Empresas	FB	6
G4111201	Matemáticas III	FB	6	G4031202	Matemáticas III	FB	6

(*) O recoñecemento de materias farase segundo os bloques ou conxuntos de materias indicados, non poderá facerse o recoñecemento se o bloque non foi cursado por completo, derivado de que a distribución de contidos entre as dúas titulacións é diferente.

6. Calendario convocatoria de fin de carreira 2023-24.

En relación á convocatoria fin de carreira o presidente deu a palabra ao profesorado da materia afectada pola convocatoria e indicou que consultara ao alumnado e finalmente non se puxeron de acordo na data polo que será preciso fixar unha desde o centro.

Os asistentes **acordan por asentimento delegar na decana para que trate de negociar co alumnado e profesorado unha data de consenso, e no caso de que non sexa posible fixar a data do exame desde o centro.**

7. Rogos e preguntas.

Neste apartado o profesor Jose Manuel Martínez propuxo aos membros que consideraran de cara a vindeiras reunións unha revisión da rúbrica de avaliación co obxectivo de melloralala dada a experiencia acumulada nestes cursos. Ante isto os asistentes suxeriron que elaborara a nova proposta para revisala e, de ser o caso, aprobala en vindeiras reunións da comisión.

O profesor Julio A. Seijas Vázquez interesouse por saber se o alumnado vai ter foto dispoñible no expediente ou non o que favorecería a súa identificación sobre todo de cara a realización das avaliacións. O presidente comprometeuse a informalo sobre este asunto tras consultar a

normativa ou servizos da USC.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 10/11/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Proposta de modificación da memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. Convocatoria anual de tramitación de titulacións.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:15 do día 10 de novembro de 2023 reúnen na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1 ^o curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3 ^o curso	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4 ^o curso	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia de Sagrario García Martín. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/10/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

Non houbo informes nesta ocasión.

3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.

A presidenta informa de que hai 24 estudantes matriculados no TFG no momento actual no curso 2023-24, dos cales 5 presentaron a súa proposta nesta oportunidade, 12 tiñana aprobada en comisións anteriores e 2 solicitaron modificación da proposta que xa tiñan aprobada. A continuación deu lectura ás motivacións do alumnado que presentou modificacións a súa proposta, segundo o indicado no apartado 2.13 do Procedemento de asignación de titores e presentación de propostas de TFG do GEPQI, motivadas pola baixa médica do titor que xa tiñan asignado no curso pasado.

A continuación foi dando lectura ás mesmas, aínda que xa foran remitidas por correo electrónico previamente, e os asistentes foron indicando os comentarios procedentes en cada unha das propostas, tras o que **acordaron por asentimento aceptar todas as propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:**

Nome e Apelidos	Título do TFG
Conde Ramos, Endika	Estudo, deseño e análise económica de alternativas para o aproveitamento do CO ₂ producido en plantas de bioetanol.
De La Iglesia Bahamonde, Sara	Deseño do sistema de alimentación de combustible gasoso para as probas de carga de grupos electrógenos.
Fernández Freije, Martín	Proxecto de queixería de queixo fresco en Lugo
Núñez Fernández, Sara	Deseño dun sistema de almacenamento e subministro de GNL para xeración de electricidade nunha mini central.
Pazos Mosteiro, Roi	Deseño dunha nave industrial con calefacción xeotérmica mediante so radiante.
Pernas Penabad, José Manuel (*)	Simulación e análise tecno-económico da produción de butanol mediante fermentación extractiva ABE a partir de bagazo de mazá
(*) O estudo de impacto ambiental limitarase a xustificar o tipo de procedemento ao que se verá sometido o proxecto	
Suárez Alzate, Clara	Proxecto de Deseño de Instalación de Paneis Solares e Aerotermia para mellorar a eficiencia enerxética dun club de golf en Santiago de Compostela

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

Nº	DATA AP.	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	16/11/2021	Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	50%	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%
2	10/11/2022	Blanco Losada, Raquel	Instalación fotovoltaica para vivenda unifamiliar	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
3	10/11/2023	Conde Ramos, Endika	Estudo, deseño e análise económica de alternativas para o aproveitamento do CO2 producido en plantas de bioetanol.	Martínez Ageitos, José Manuel	555	50%	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%
4	10/11/2023	De La Iglesia Bahamonde, Sara	Deseño do sistema de alimentación de combustible gasoso para as probas de carga de grupos electrógenos.	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Blanco López Alexander	G4031	50%
5	10/11/2023	Fernández Freije, Martín	Proxecto de queixería de queixo fresco en Lugo	Amiama Ares Carlos	720	100%			
6	15/05/2023	González Peña, Patricia	Proxecto de instalación fotovoltaica para unha nave de 900 m2 destinada a almacenamento de conxelados	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Villamor Alberto	G4031	50%
7	19/04/2023	Mena Riba, Claudia	Proxecto dunha planta para o procesamento do café.	Amiama Ares Carlos	720	100%			
8	19/04/2023	Méndez Loureiro, Víctor	Proxecto dunha planta para o tratamento de nozes	Amiama Ares Carlos	720	100%			
9	19/04/2023	Miguéns Domínguez, Noelia	Proxecto de deseño dun fermentador para unha fábrica de produción de queixo crema	Martínez Ageitos, José Manuel	555	50%	Louro Gómez, Gabriel	G4031	50%
10	10/11/2023	Núñez Fernández, Sara	Deseño dun sistema de almacenamento e suministro de GNL para xeración de electricidade nunha mini central.	Vázquez Vila Mª José	555	50%	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%
11	10/11/2023	Pazos Mosteiro, Roi	Deseño dunha nave industrial con calefacción xeotérmica mediante so radiante.	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
12	01/04/2022	Pena Vázquez, Samuel	Produción de biobutanol mediante fermentación extractiva ABE: deseño das etapas de fermentación extractiva e recuperación de solvente	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
13	09/04/2021	Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de A.Q.S e calefacción para un edificio de 20 vivendas mediante xeotermia e chan radiante	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
14	10/11/2023	Pernas Penabaz, José Manuel	Simulación e análise tecnolóxico-económico da produción de butanol mediante fermentación extractiva ABE a partir de bagazo de mazá	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
15	01/04/2022	Piñón Penelas, Aida	Proxecto de deseño dunha adega na Ribeira Sacra	Jover Ramos Aida	755	100%			
16	01/04/2022	Rodríguez Fernández, Ángel	Proxecto de construción de nave para procesado de castañas	Fraga López, Francisco José	385	100%			
17	01/04/2022	Rodríguez Teijeiro, Jose	Deseño dunha planta de produción de CBD para o seu uso terapéutico	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
18	10/11/2023	Suárez Alzate, Clara	Proxecto de Deseño de Instalación de Paneis Solares e Aerotermia para mellorar a eficiencia enerxética dun club de golf en Santiago de Compostela	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Villamor Alberto	G4031	50%
19	15/05/2023	Villares González, Yolanda	Deseño dunha EDAR para unha planta de envasado de lácteos	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			

A presidenta informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (G4031) e se publicará no taboleiro electrónico as propostas aceptadas.

4. Proposta de modificación da memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. Convocatoria anual de tramitación de titulacións.

A presidenta indica que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (disposición transitoria 5ª) e a planificación proposta pola Vicerreitoría de Titulacións, é preciso levar a cabo a adscrición do GEPQI a un ámbito de coñecemento e tamén dos créditos de formación básica dos cales polo menos a metade deberán estar vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento ao que se inscribe o título.

Tamén indicou que tendo en conta o citado Real Decreto 822 e a guía da ACSUG, esta sería unha modificación non substancial do título.

Tendo en conta a convocatoria anual de tramitación de titulacións aprobada polo Consello de Goberno o pasado 11 de outubro, sería preciso presentar o Anexo V da citada convocatoria

achegando a versión modificada do apartado correspondente da memoria, ademais do informe motivado da Comisión de Calidade do Centro e o acordo de Xunta de Facultade.

Os asistentes tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título **acordaron por unanimidade adscribir o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais e a formación básica do mesmo ao ámbito de coñecemento denominado: “Ingeniería química, ingeniería de los materiales e ingeniería del medio natural”.**

5. Rogos e preguntas.

Os asistentes deron conta do seu malestar polas noticias publicadas ao longo desta semana na prensa relativa á extinción do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 29/11/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2023-24.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 29 de novembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 10/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indicou que dado que o día anterior tivo lugar a Xunta de Facultade non ten apenas nova información, tan solo quere transmitir que a contactou a vicerreitora de Titulacións para conformar o grupo de traballo que relacionado co futuro das titulacións do Campus Terra e que previsiblemente estará integrado por los vicerreitores de titulacións, profesorado, organización académica, xerente, delegado do reitor no Campus Terra, dirección da EPS máis 2 persoas e decana da Facultade de Ciencias máis 2 persoas. Tamén indicou que se fixará a primeira reunión tan pronto como sexa posible nas vindeiras semanas.

3. Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, curso 2023-24.

A decana indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do GEPQI para o vindeiro curso 2023-24, da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación informou das prazas dispoñibles e axustouse nalgunhas prazas a asignación dos titores académicos da USC.

A decana indicou que tanto a convocatoria como as listas provisional e definitiva de asignación de destinos se publicarán no taboleiro electrónico da USC, pero ademais esta mesma información, e moita outra de interese para alumnado e titores, estará dispoñible na intranet da Facultade en <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias>, facendo clic en “*Información académica*”, “*Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais*”, “*Prácticas*”.

Finalmente tras os comentarios oportunos, os asistentes acordaron por asentimento **aprobar** a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do GEPQI para o curso 2023-24 a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén **delegar** na decana a elaboración e publicación das listas provisionais e definitivas de asignación sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión. Adicionalmente tamén acordaron por unanimidade para o caso de que se produza **empate** na asignación de prazas ao alumnado, que este se dirima tendo en conta o criterio indicado na Resolución do 13 de febreiro de 2012 da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a publicidade do acordo da comisión de seguimento do protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos, segundo a cal en primeiro lugar terá preferencia o alumnado que teña no seu expediente académico un maior

número de matrículas de honra, de persistir o empate terase en conta a continuación o maior nº de sobresaíntes e así sucesivamente co resto de cualificacións.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto, M^a José Vázquez Vila e Jose Manuel Martínez insistiron na necesidade de que se transmitira ao Claustro Universitario do día seguinte, 30 de novembro, o posicionamento da Xunta de Centro en relación ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais que foi acordado o día anterior, 28 de novembro.

A decana indicou que tiña problemas de axenda pero que intentaría asistir á reunión do Claustro para transmitir o posicionamento da Facultade.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 11/01/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:45 do día 11 de xaneiro de 2024 reúnense na aula 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria Mª Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Mª José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
Mª Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 29/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indicou que nesta ocasión non hai informes.

3. Oferta de prazas para o curso 2024-25.

A decana informa que o día 18 de decembro de 2023 a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2024-2025 nas titulacións de grao.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a cal tivo unha corrección de erros que foi publicada no DOG o 11 de xaneiro de 2023.

En consecuencia, solicítase que dende o centro se comunique á Vicerreitoría as propostas de oferta de prazas para as titulacións de grao das que son responsables ata as 14:00 horas do 31 de xaneiro de 2024. No mes de marzo as universidades do SUG deberán comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a proposta de prazas a ofertar para a súa análise e aprobación.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por unanimidade**, para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, **manter** para o curso 2024-25 a oferta de prazas do curso actual: **45 prazas ordinarias e 2 de cota para acceso por validación parcial de estudos estranxeiros.**

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 05/02/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2024-25.
4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.
5. Revisión ponderacións ABAU.
6. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 5 de febreiro de 2024 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Enrique Manuel Cabaleiro Lago	Presidente	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama e Julio A. Seijas. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 11/01/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente informou aos asistentes da recepción dunha alegación por parte do Departamento de Matemática Aplicada á proposta de modificación non substancial do GEPQI segundo a cal consideran que as materias Matemáticas I e II do GEPQI non se deberían vincular a ámbitos de coñecemento que non lles corresponden. Despois de dar lectura á reclamación suscitouse un debate en torno a este asunto. Finalmente o presidente informou de que nos vindeiros días se rexeitará esta alegación que chega moi tarde e fóra do procedemento establecido segundo a Convocatoria anual de tramitación de titulacións: modificacións non substanciais de memorias de graos, mestrados universitarios e programas de doutoramento para a implantación no curso 2024-25. A modificación non substancial do título xa foi aprobada pola Xunta de Facultade o 22/11/2023 e polo Consello de Goberno o 27/12/2023.

3. PDA curso 2024-25.

O presidente indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2024-25 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. A continuación deu lectura as peticións recibidas dos distintos departamentos para determinar as modificacións a solicitar:

- En canto á solicitude do Departamento de Matemática Aplicada de reducir os grupos de docencia interactiva de seminario da materia G4031107 Matemáticas II de 2 a 1, non é posible levalo a cabo por corresponder esta distribución segundo o artigo 12 do Regulamento de planificación académica da USC e non darse as circunstancias organizativas para a súa redución (artigo 16) ao existir máis materias do mesmo curso con 2 grupos. Haberá que ter en conta que se integran nesta materia ademais do alumnado do Grao, tamén o correspondente ao Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías.
- Na materia G4031458 Prácticas Externas e G4031425 Traballo Fin de Grao introduciuse na liña de centro a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2023-24 e á asignación de titores académicos aprobada pola Comisión do Título.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbbase por asentimento a proposta de PDA 2024-25 da titulación de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais coas modificacións descritas.** As cuestións que quedan pendentes ou poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

4. Nomeamento de Tribunais de Avaliación de TFG.

O presidente indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os Traballos Fin de Grao (TFG), que terán a súa exposición e defensa no mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2023-24.

A relación de TFG presentados no prazo correspondente polos alumnos son os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TITULO DO TFG
1	Fernández Freije, Martín	Proxecto de queixería de queixo fresco en Lugo
2	Mena Riba, Claudia	Proxecto dunha planta para o procesamento do café
3	Méndez Loureiro, Víctor	Proxecto dunha planta para o tratamento de noces

A continuación, os asistentes propuxeron aos seguintes membros do tribunal de avaliación, sendo as datas de presentación posibles o 19 ou 20 de febreiro:

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Enrique Manuel Cabaleiro Lago	1º Juan Manuel Ortigueira Amor
Secretario: José Manuel Martínez Ageitos	2º Julio Antonio Seijas Vázquez
Vocal: Eugenio Fernández Carrasco	3º Mª José Vázquez Vila

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFG da oportunidade de febreiro do curso 2023-2024, segundo a táboa precedente.**

5. Revisión ponderacións ABAU.

Na reunión da comisión de título celebrada o pasado 30 de xuño a decana informou de que como consecuencia da modificación das modalidades e materias que integran o Bacharelato, era preciso actualizar a táboa de ponderación das materias da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais (ABAU) do sistema universitario de Galicia (SUG), e amosou, para a súa análise, a proposta de ponderación facilitada pola USC, consensuada entre todos os distritos e que segue criterios comúns para toda España. Tras unha revisión da mesma os asistentes non consideraron preciso realizar alegacións.

O presidente informa que recentemente se aprobaron nos consellos de goberno das tres universidades do SUG os parámetros de ponderación que se aplicarán nas ABAU de 2024, e que a delegada do Reitor da USC para Asuntos de Ensino Medio e Representante da USC na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), Maite Flores Arias, remitiu unha mensaxe indicando que desde a CIUG considérase moi importante que o estudantado teña coñecementos da táboa de ponderacións antes de se matricular en 2º de Bacharelato, por iso, quérense aprobar proximamente en Consello de Goberno, os parámetros para as ABAU 2025. Por este motivo, solicitánnos que, no caso de que se considere que debera haber cambios nas ponderacións que corresponden ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, se informe o antes posible indicado ditos cambios.

Despois dun curto debate entre os membros da comisión sobre este asunto acordan por unanimidade manter a proposta de ponderación recibida.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Enrique Manuel Cabaleiro Lago

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 06/03/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Pronunciamento sobre o documento elaborado polo grupo de traballo do Campus de Lugo en relación ao GEPQI.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:15 do día 6 de marzo de 2024 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Armando Villanueva Sánchez-Montaña	Alumno	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia do profesor Carlos Amiama e informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 05/02/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indicou que nesta ocasión non hai informes pero que aproveita a celebración desta comisión para darlle a benvinda ao novo membro da mesma, o representante do estudantado do GEPQI Armando Villanueva.

3. Pronunciamento sobre o documento elaborado polo grupo de traballo do Campus de Lugo en relación ao GEPQI.

A decana informa de que nos últimos meses viñéronse realizando distintas reunións por parte do grupo de traballo do Campus de Lugo, segundo o acordado no Claustro do 30 de novembro de 2023, en relación ao análise da situación das titulacións da EPSE e do GEPQI da Facultade de Ciencias. A continuación indicou que o documento que se remitiu coa convocatoria da comisión é un borrador xa moi aproximado da versión final do mesmo.

A continuación os asistentes foron revisando o documento e comentando os aspectos máis salientables do mesmo facendo diversas consultas aos membros da comisión integrantes do citado grupo de traballo.

Tras un amplo debate sobre o documento, os asistentes **acordan por unanimidade** que o mesmo recolle convenientemente diversos aspectos e propostas interesantes pero que se ven na obriga de non apoiar favorablemente esta versión por considerar que a evolución do número de estudantes indicada na táboa para cada unha das titulacións non é correcta se se compara cos publicados pola Área de Calidade da USC e, propoñen aos integrantes do grupo de traballo, mediar para poder modificar o documento cos datos oficiais que publica calidade. A decana indicou que este documento non está pechado e aínda existe marxe para o cambio. Achégase como anexo a acta o citado documento.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 20/03/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 20 de marzo de 2024 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1º curso	P
Eugenio Fernández Carrasco	Coordinador do módulo Común á Rama Industrial e 3º curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
Julio A. Seijas Vázquez	Coordinador do 4º curso	P
Carlos Amiama Ares	Coordinador do Traballo Fin de Grao	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia do representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, Jorge Rivera e informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 06/03/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informa de que o alumno Nehuén Márquez presentou a súa renuncia a praza de prácticas externas que tiña adxudicada na empresa Industrias Plásticas Arias, S.L.

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización comunicounos a súa intención de reiterar a solicitude de singularidade presentada pola USC o 12/04/2022 e 31/03/2023 e como non hai nada novo que achegar solicitouse remitila nos mesmos termos que na anterior ocasión.

3. Proposta de horarios para o curso 2024-25.

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación agradeceu á coordinadora do título a súa implicación e dedicación na súa elaboración e organización xa que neste momento con 3 grados e 2 másteres practicamente implantados no curso 2024-25 é unha tarefa moi complexa.

A continuación deu a palabra á coordinadora que informou acerca da súa elaboración, a cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes acordaron por asentimento **aprobar a proposta de horarios para o curso 2024-25 do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios> .

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 05/04/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 5 de abril de 2024 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
M ^a José Vázquez Vila	Coordinadora de Título	P
Juan Manuel Ortigueira Amor	Coordinador do módulo Formación Básica e 1 ^o curso	P
M ^a Sagrario García Martín	Coordinadora modulo Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	P
José Manuel Martínez Ageitos	Coordinador de Prácticas Externas	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Jorge Rivera Gómez	Representante do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo (COETIL)	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta desculpa a asistencia dos profesores Carlos Amiama e Eugenio Fernández e tamén do representante do estudantado, Armando Villanueva. Ademais informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 20/03/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que nesta ocasión non hai informes.

3. Aprobación de propostas de TFG e asignación de títolos.

A presidenta informa de que hai 26 estudantes matriculados no TFG no momento actual no curso 2023-24, dos cales 3 defenderon o TFG no mes de febreiro, 13 xa teñen a proposta de TFG aprobada en comisións pasadas, 3 presentaron modificación da que xa tiñan aprobada e 7 presentárona nesta oportunidade para a súa aprobación por parte desta Comisión. A continuación foi dando lectura ás mesmas e, os asistentes, tras facer os comentarios oportunos **acordaron por asentimento:**

A) Aceptar as seguintes propostas de TFG presentadas, cos comentarios que para cada caso se indican na seguinte táboa:

Nome e Apelidos	Título do TFG
Anula Carro, Lucía (*)	Simulación e análise tecno-económico da obtención de compostos fenólicos antioxidantes a partir do bagazo de mazá
(*) Non cabe incluír o estudo de impacto ambiental, superaríase o alcance do TFG; como máximo indicar o procedemento ambiental ao que estaría sometido o proxecto.	
Díaz Teijeiro, Lucas	Proxecto do sistema de calefacción e produción de AQS con paneis solares e sistema de aerotermia en vivenda unifamiliar
González Peña, Patricia	Proxecto de instalación fotovoltaica para unha nave de 240 m ² destinada a almacenamento de conxelados
López Fernández, Diego (*)	Produción de polihidroxibutirato (PHB) a partir de auga de cocción de mexillón utilizando unha bacteria halófila
(*) Non cabe incluír o estudo de impacto ambiental, superaríase o alcance do TFG; como máximo indicar o procedemento ambiental ao que estaría sometido o proxecto.	
López García, Rubén (*)	Produción de biogás a partir das augas residuais tratadas nunha EDAR.
(*) Aínda que non se indica na proposta, enténdese que incluírá un orzamento das actuacións a desenvolver.	
Miguélez Martínez, Noel Alexandre	Nave industrial para o proceso de fabricación de bolígrafos
Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de calefacción e A.Q.S. para un edificio de 20 vivendas a partir de bombas de calor xeotérmicas
Prado Guerreiro, Bruno	Deseño do sistema de extracción e purificación do polihidroxibutirato e ectoína nunha biorrefinería de primeira xeración
Rodríguez Teijeiro, Jose	Deseño dunha planta de produción de queixo en barras

B) Aceptar de forma condicionada as seguintes propostas de TFG presentadas, cos comentarios que se indican:

Nome e Apelidos	Título do TFG	Motivo
Vivero Carballal, Iago	Deseño estrutural e enerxético mediante placas solares fotovoltaicas dunha nave industrial dedicada á gandería intensiva	Non se aclara se vai deseñar a nave e a captación de enerxía ou se só se trata do deseño da instalación fotovoltaica. Neste último caso, un título máis acertado sería: "Deseño de instalación fotovoltaica para nave destinada a explotación gandeira" ou similar. O deseño da instalación respecto á finalidade da nave tamén resulta confuso porque, tal e como indica o título (nave industrial dedicada a gandería intensiva) e o resumo da proposta, non se define nin o tamaño da nave (50-100-1000 cabezas de gando) nin o tipo de gandería (pitos-porcós-vacas) posto que a tecnoloxía, instalacións e maquinaria empregada é moi distinta. Debido a iso, as necesidades enerxéticas tamén o son e condiciona o dimensionado da instalación fotovoltaica. Debe modificar o título para que non dea lugar a confusión e definir no resumo concretamente o que vai deseñar.

A presidenta informa que de acordo co indicado no artigo 2.7. do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de Traballos Fin de Grao do GEPQI, o alumnado cuxa proposta resulte aceptada con condicións deberá entregar na Secretaría do Centro, no prazo máximo de 15 días naturais dende a data de comunicación da decisión, unha proposta modificada segundo as indicacións que motivaron o condicionamento.

Os asistentes acordan por unanimidade aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFG, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento do proxecto e deseño de instalacións en coordinación co titor, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFG.

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFG GEPQI	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Anula Carro, Lucía	Simulación e análise tecno-económico da obtención de compostos fenólicos antioxidantes a partir do bagazo de mazá	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
2	Arrieta Duben, Alexis Ezequiel	Proxecto de produción de biodiésel en condicións supercríticas aproveitando aceites usados.	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	50%	Rodríguez Martínez Héctor	555	50%
3	Blanco Losada, Raquel	Instalación fotovoltaica para vivenda unifamiliar	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
4	Conde Ramos, Endika	Estudo, deseño e análise económica de alternativas para o aproveitamento do CO2 producido en plantas de bioetanol.	Martínez Ageitos, José Manuel	555	50%	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%
5	De La Iglesia Bahamonde, Sara	Deseño do sistema de alimentación de combustible gasoso para as probas de carga de grupos electrógenos.	Fernández Carrasco Eugenio	555	50%	Blanco López Alexander	G4031	50%
6	Díaz Teijeiro, Lucas	Proxecto do sistema de calefacción e produción de AGS con paneis solares e sistema de aerotermia en vivenda unifamiliar	Jover Ramos Aida	755	100%			
7	Fernández Freije, Martín	Proxecto de queixería de queixo fresco en Lugo	Amiama Ares Carlos	720	100%			
8	González Peña, Patricia	Proxecto de instalación fotovoltaica para unha nave de 240 m2 destinada a almacenamento de conxelados	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Villamor Alberto	G4031	50%
9	López Fernández, Diego	Produción de polihidroxibutirato (PHB) a partir de auga de cocción de mexillón utilizando unha bacteria halófila	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
10	López García, Rubén	Produción de biogás a partir das augas residuais tratadas nunha EDAR.	González Rodríguez Jorge	555	100%			
11	Mena Riba, Claudia	Proxecto dunha planta para o procesamento do café.	Amiama Ares Carlos	720	100%			
12	Méndez Loureiro, Víctor	Proxecto dunha planta para o tratamento de noces	Amiama Ares Carlos	720	100%			
13	Miguélez Martínez, Noel Alexandre	Nave industrial para o proceso de fabricación de bolígrafos	Amiama Ares Carlos	720	100%			
14	Miguéns Domínguez, Noelia	Proxecto de deseño dun fermentador para unha fábrica de produción de queixo crema	Martínez Ageitos, José Manuel	555	50%	Louro Gómez, Gabriel	G4031	50%
15	Núñez Fernández, Sara	Deseño dun sistema de almacenamento e suministro de GNL para xeración de electricidade nunha mini central.	Vázquez Vila Mª José	555	50%	Pereira Gonçalves Gerardo	555	50%
16	Pazos Mosteiro, Roi	Deseño dunha nave industrial con calefacción xeotérmica mediante so radiante.	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
17	Pena Vázquez, Samuel	Produción de biobutanol mediante fermentación extractiva ABE: deseño das etapas de fermentación extractiva e recuperación de solvente	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
18	Pereira López, Juan José	Deseño dunha instalación de calefacción e A.Q.S. para un edificio de 20 vivendas a partir de bombas de calor xeotérmicas	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
19	Pernas Penabaz, José Manuel	Simulación e análise tecno-económico da produción de butanol mediante fermentación extractiva ABE a partir de bagazo de mazá	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
20	Piñón Penelas, Aida	Proxecto de deseño dunha adega na Ribeira Sacra	Jover Ramos Aida	755	100%			
21	Prado Guerreiro, Bruno	Deseño do sistema de extracción e purificación do polihidroxibutirato e ectoína nunha biorrefinería de primeira xeración	Lu Chau Thelmo Alejandro	555	100%			
22	Rodríguez Fernández, Ángel	Proxecto de construción de nave para procesado de castañas	Fraga López, Francisco José	385	100%			
23	Rodríguez Teijeiro, Jose	Deseño dunha planta de produción de queixo en barras	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
24	Suárez Alzate, Clara	Proxecto de Deseño de Instalación de Paneis Solares e Aerotermia para mellorar a eficiencia enerxética dun club de golf en Santiago de Compostela	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Villamor Alberto	G4031	50%
25	Villares González, Yolanda	Deseño dunha EDAR para unha planta de envasado de lácteos	Fernández Carrasco Eugenio	555	100%			
26	Vivero Carballal, Iago	Deseño estrutural e enerxético mediante placas solares fotovoltaicas dunha nave industrial dedicada á gandaría intensiva	Jover Ramos Aida	755	50%	Rodríguez Villamor Alberto	G4031	50%

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González